# CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 6  ANO 2016




CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL
Mª Consuelo Vázquez Castro
Mario Outeiro Iglesias
Jorge José Rodriguez Lozano
Josefa González Diaz
Manuel Fernández López “Lolo”
Roberto Rodriguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo

DESEÑO E IMPRESIÓN
Grafinco

DEPÓSITO LEGAL
LU 149-2010

ISSN 2171-6013

# CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 6   ANO 2016

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
Mª Consuelo Vázquez Castro ( Presidenta)
Mario Outeiro Iglesias (Vicepresidente)
Jorge José Rodriguez Lozano (Secretario)
Josefa González Diaz ( Tesoureira)
Manuel Fernández López “Lolo”
Roberto Rodriguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO
Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
Noelia Arias Gómez

ASESORÍA TIC
Josefa González Díaz

Centro de Estudos do Corgo (CEC)
Casa das Asociacións s/n
27163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
http://ocorgo.blogspot.com

EDITORIAL

O ano 2015 foi especialmente triste para a familia CEC-Arumes polo falecemento, nun incendio forestal, do noso compañeiro Xosé Henrique Casanova Sánchez. Quique Casanova, como era coñecido na nosa contorna, sería socio numerario do Centro de Estudos do Corgo dende o primeiro momento e na renovación da Xunta Directiva efectuada o 5 de maio de 2012 pasaría a formar parte da mesma coas funcións de tesoureiro.



Quique, no centro, nunha presentación de traballos de investigación no Corgo

O seu amor polo Corgo, pese a nacer en Lugo, e as súas inquedanzas no eido cultural e da natureza quedaron patentes nos seus tres artigos presentados, e polo tanto publicados, na revista Corga. Estes foron "Fórmulas de propiedade comunal dos montes do Corgo", publicado na revista Corga nº 1, "A Fervenza. Reserva da biosfera", publicado na Corga nº 3, e "Pontes Históricas do Corgo, na nº 4. Polo tanto ao presentar tres traballos, Quique converteríase no segundo socio Investigador do Centro de Estudos do Corgo.

Sirva polo tanto esta nova revista, cun extenso artigo monográfico sobre a súa biografía, de homenaxe a unha persoa dunha extraordinaria valía que foi coñecido en toda a comarca lucense pola súa profesionalidade como axente forestal, polo seu activismo político e sindical, por ser impulsor de varias asociacións do ámbito cultural e deportivo e por ser concelleiro do BNG no Corgo durante 16 anos. Unha persoa honrada e xenerosa que loitou toda a súa vida pola xustiza social e a liberación do pobo galego.

Non debemos esquecer tampouco que para que sexa posíbel esta publicación contamos coa colaboración inestimábel de persoas e institucións. O noso especial agradecemento á Deputación Provincial de Lugo polo financiamento económico. Agradecemento tamén aos autores dos artigos presentes neste sexto número da revista Corga, xa que coa súa sabedoría enchen as súas follas. Estes estudos enriquécense co asesoramento e control dos membros do Comité Científico, para eles tamén o noso agradecemento. Por último grazas aos lectores desta humilde publicación, xa que demostran o seu interese e agarimo por esta terra.

O CONSELLO EDITORIAL

# ÍNDICE

Mª Consuelo VAZQUEZ
Mario OUTEIRO IGLESIAS
Apuntamentos biográficos de Enrique Casanova ........ 06

José Manuel BLANCO PRADO
Manolo FERNANDEZ LOPEZ (LOLO)
Análise etnohistórico do cultivo do liño no concello de O Corgo ........ 35

Xaime Félix LÓPEZ ARIAS
Entre a Terra de Chamoso e a Riba de Neira: Organización Territorial (Séculos VI a XX) (Continuación) ........ 48

Jesús ABUIN ARIAS
Josefa GONZALEZ DIAZ
Historia do Concello de O Corgo I (1840- 1880) ........66

Afonso EIRÉ
As vidas " paralelas" do piloto e o Xeneral Tella........ 80

Memoria de actividades da A.C. Arumes do Corgo........ 87

Boletín de inscrición como socio/a da A.C. Arumes do Corgo ........103

Memoria de actividades do C.E.C. ........ 104

Documentación para inscrición como socio/a do C.E.C........107

Normas de publicación ........114

# APUNTAMENTOS BIOGRÁFICOS DE ENRIQUE CASANOVA

Vázquez Castro, Chelo
cvcastro@edu.xunta.es
Licenciada en Ciencias da Educación (esp. Pedagoxía).
Profesora de Ensino Primario no CEIP de Nadela.

Outeiro Iglesias, Mario
marioouteiro@edu.xunta.es
Enxeñeiro Técnico Industrial (esp. en Química Industrial) e Enxeñeiro Químico.
Profesor de Ensino Secundario (esp. de Tecnoloxía) no CPI de Cervantes.

Na memoria de Xosé Enrique Casanova Sánchez, bo e xeneroso!

RESUMO

Este artigo trata de compartir, fundamentalmente con todos/as os/as corgueses/as, os trazos vitais dunha persoa humilde, coherente, apaixonada nos seus ideais, íntegra e desinteresada que destacou en numerosos ámbitos non só a nivel municipal, senón tamén a nivel comarcal, pola súa dedicación ao monte galego, á política, ao sindicalismo e ao asociacionismo de toda índole. Unha persoa que antepuxo sempre os intereses de Galiza e dos/as galegos/as aos seus propios, que tiña os pés na terra como as árbores autóctonas que polo seu traballo protexía, pero a "ialma" no bico do Mostallar para enxergar sen miopía a súa Ítaca.

Sen ser do Corgo, non existen moitas persoas que levaran o concello tan dentro de si coma el. Dende que se asentou na chaira corguesa non parou ata coñecer o último recuncho, do Muíño de Andrés a Reconco, e do Castro de Vigo a Chamoso, e a súa implicación foi medrando co coñecemento dos múltiples problemas estruturais do noso concello pero tamén dos pequenos e grandes problemas que afectan á súa veciñanza. É por iso que era de xustiza reclamar, cando se cumpría un ano do seu falecemento, o título de Fillo adoptivo para unha persoa que o deu todo en vida sen reclamar absolutamente nada a cambio.

PALABRAS CLAVE

Xosé Enrique Casanova Sánchez, Quique Casanova, Galiza, BNG, CIG, nacionalismo, sindicalismo, monte, axente forestal, Arumes, Centro de Estudos do Corgo, Corga, galego.

## 1 LIMIAR

> ...un home de verdadeira fe nos ideaes que predica e con coraxe para remediar as desventuras do pobo...
> Castelao (Adro do Sempre en Galiza)

Cando afrontamos a escrita deste escrito sabiamos que a tarefa sería dura. Que difícil é escribir de xeito obxectivo dunha persoa coa que estivemos tan ligados sentimentalmente! Por unha banda esta proximidade facilitounos o acceso a un sen fin de documentación e persoas que coñecían a Quique e que polo tanto tiñan moito que aportar. Por outra, mergullarnos na vida dunha persoa tan importante para nós cando apenas hai un ano do seu falecemento foi moi duro á vez que catártico.

É triste que moitas homenaxes veñan cando unha persoa nos deixa e non en vida. No caso de Enrique isto aconteceu porque ademais de deixarnos pronto nunca gustou de recoñecementos cara a súa persoa; mais o seu carácter humilde e agradecido levouno a participar e promover numerosas homenaxes (en vida) a moitos dos seus achegados. Trátase con este artigo de poñer en valor a unha das persoas máis importantes do concello a nivel profesional político, social e humano das últimas décadas, exemplo, sen dúbida algunha, para as vindeiras xeracións.

## 2 ENRIQUE, CASANOVA, QUIQUE; A PERSOA

Todas as persoas alicerzamos a nosa personalidade na infancia, por iso toca comezar este artigo biográfico polas primeiras etapas de Quique, conscientes das fortes pegadas que este período tivo na súa vida. Non esquecemos tampouco o punto de vista máis persoal xa que todas as figuras públicas coherentes teñen que ter un paralelismo entre o que fan e o que din, como é o caso.

### 2.1 NACEMENTO E INFANCIA

Xosé Enrique Casanova Sánchez naceu en Lugo, no barrio da Piringalla, o 2 de xuño de 1958 (na súa partida de nacemento aparece José mais non dubidaría en galeguizar o nome, máis adiante, froito dunha coherencia que o envolvería toda a súa vida). Fillo de José María Casanova Cabado e de Carmen Sánchez Fernández foi o terceiro, e

último, dos irmáns (José Manuel e Carmen). Viviu na casa natal ata os dous anos para trasladarse á montaña de Lugo (por motivos laborais de seu pai), primeiro a Estremar (Cervantes), onde estaría ata os catro anos, e despois a Rao (Navia de Suarna) ata os cinco.



Foto 2.1.1. Foto de estudo

Escolarizouse en Quindous (Cervantes), onde estivo pouco tempo, pasando despois ao concello de Lugo, primeiro para a escola de Teixeiro e despois para Rubiás, lugar onde os seu pais construirían a súa residencia definitiva (e onde hoxe xacen os seus restos). Aos 10 anos marchou estudar a León, ao Instituto Padre Silva (Maristas), facendo o Ingreso e o Bacharelato elemental ata os 13 anos. Logo veu para o Seminario de Lugo onde estudou 5º e 6º de Bacharelato. Ao non rematar 6º, matriculouse no Instituto Masculino (actual IES Lucus Augusti) no seguinte curso (quedándolle pendentes 2 materias).



Foto 2.1.2. Enrique nos Maristas
(segundo, comezando pola dereita, na primeira fila)

A súa infancia estivo marcada pois por uns fondos lazos familiares e pola profesión non só de seu pai senón de moitos dos membros da súa familia materna. Traballo que mamaría dende novo e que desenvolvería toda a súa vida cunha profesionalidade e un rigor extraordinarios ata converterse nun referente para os seus compañeiros, como veremos máis adiante. Pero a súa infancia tamén estivo marcada polo prematuro falecemento de seu pai cando tan só tiña 15 anos, extremo que o libraría dun servizo militar que nada aportou a ducias de miles de galegos.




Foto 2.1.3. Na voda da súa irmá
(o neno con camisa branca da primeira fila)

A súa afección máis importante era a lectura, devorando todo canto libro estaba ao seu alcance, especialmente daquilo relacionado co medio natural. Era inquedo, destemido, bromista, simpático, xeneroso, voluntario, arroutado, afectivo e sobre todo nobre. Unha das etapas máis fermosas da súa vida pasounas na casa de González en Rao e máis tarde na do Muxo en Navia (xa aprobada a oposición) integrándose na casa como se for a súa familia.

Naquela época tivo un gran accidente co coche. Desprazárase a Lugo, por piñeiros ao viveiro, e antes de chegar a Becerreá botárase fóra da estrada caendo preto do río. Ninguén o viu nin o socorreu ata que pasou o coche de liña, estando preso dun pé durante varias horas. Afortunadamente Enrique era unha persoa dunha natureza moi forte e sobre todo cun carácter moi optimista que lle axudaría a superar varios meses de dolorosa recuperación.



Foto 2.1.4. En Rao no verán de 1979

## 2.2 ESTUDOS

Como indicamos no apartado anterior, Enrique realizou os estudos primarios nas escolas unitarias de Quindous, Teixeiro e Rubiás e os secundarios nos Maristas de León, no Seminario de Lugo e no actual IES Lucus Augusti. Mais a súa formación non rematou aí pola fonda inquedanza que sempre tivo por manterse ao día, especialmente en aqueles temas máis relacionados co mundo forestal, natural e medioambiental.




Foto 2.2.1. Orla da Escola de Capataces Forestais de Lourizán (cuarto, comezando pola dereita, na primeira fila)

De adulto realizou os estudos de Capataz Forestal na Escola de Lourizán (Pontevedra), durante os cursos 1976/77 e 1977/78. No ano 1978 oposita a Axente Forestal obtendo o nº 1 de Galiza e nº 2 a nivel estatal (Anexo I). Posteriormente decide rematar o bacharelato (no seu momento quedáranlle dúas materias de sexto) no INGABAD de Lugo a costa de moito sacrificio, xa que caducara o período (dez anos) para rematar a devandita etapa. Polo mesmo, tivo que cursar dous anos completos, 2º de BUP no curso 1988/89 e 3º de BUP no curso 1989/90, acadando unhas notas excelentes, agás en dúas materias (outra vez) que as sacou no curso seguinte 1990/91. A súa intención era continuar estudos na UNED relacionados co forestal e/ou medio ambiente, pero nese intre a universidade a distancia non posuía titulacións dese ámbito.

No ano 2002 presentouse a un exame de validación para obter o 2º grao de FP, con nomenclatura nova, do seu título de Axente Forestal (Axente Facultativo Medioambiental da Xunta de Galicia), quedando entre os 5 primeiros de toda Galiza.

A preocupación por estar ao día en todo o que rodeaba ao seu traballo levouno a obter todos os carnés de conducir (camión, camión con remolque, autobús, transporte de cargas perigosas…) e a realizar unha intensa formación continua. Todos os anos asistía a cursos e xornadas de formación relacionadas coa súa profesión; incluso no período estival, aproveitaba días de vacacións para matricularse en cursos de verán das universidades galegas. Sempre procurou ter abondosa formación en materia legal debido aos constantes cambios lexislativos que afectaban ao sector forestal, co fin de dar información rigorosa aos distintos usuarios (propietarios, empresarios...).

Como concelleiro e político activo tamén procurou ter formación a través de distintos cursos e xornadas sobre política municipal ou sobre distintos aspectos de interese para a cidadanía (tarifas eléctricas, enerxías renovábeis, financiamento local...).

## 2.3 CASAMENTO

Quique coñeceu de moi novo á que sería a súa compañeira, María Consuelo Vázquez Castro, Chelo, cando tiña 17 anos (e ela 15) ao pertencer ao mesmo círculo de amizades. Comezaron a saír

cando Quique marchou a Lourizán polo que a súa relación durante tempo, como moitas outras a distancia, mantívose con regularidade por vía postal. Cando Enrique marchou a traballar a Rao comezaron a verse con certa regularidade e uns anos despois decidiron dar o paso máis importante das súas vidas.



Foto 2.3.1. Foto da voda

Casaron en Labio, o 4 de outubro de 1986, cando el tiña 28 e ela 26 anos. Primeiro residiron no barrio lucense de Sanfiz, durante dous anos; logo viñeron para Laxosa (O Corgo), algo máis de dous anos, para afincar e construír o seu fogar definitivo no lugar do Val de Gomeán, onde residiron durante 25 anos, dos 30 que estiveron casados.

Cando casaron, Quique veu trasladado de Navia de Suarna para Sobrado do Picato (Baralla), mentres que Chelo traballaba de interina do SERGAS en Lugo. Pouco despois adquiriu a praza de Axente Facultativo Territorial da zona centro (Lugo e concellos da contorna) con tan só 36 anos. Pero o traballo de Chelo volveunos a separar temporalmente, primeiro por ter praza no Hospital de Burela e despois ao aprobar as oposicións de



Foto 2.3.2. Enrique e Chelo na primeira comuñón do seu afillado

mestra onde tivo que traballar como primeiro destino na Pobra do Caramiñal. Mais a distancia nunca foi problema para que tanto un coma o outro se desprazaran nos días libres. Os seus destinos, como funcionarios achegáronse nos últimos 15 anos o suficiente para compartir o seu fogar do Val a diario.

## 2.4 AFECCIÓNS

Unha das afeccións coas que máis gozaba Quique, xa dende neno, era a lectura. Tiña un bo dominio da literatura galega do século XX, especialmente de novela, pero gozaba tamén de ensaios e por suposto daqueles libros relacionados co medio ambiente e a natureza.

As viaxes, foron outra das súas grandes paixóns. Tiña unha curiosidade infinita, co que era moi difícil planificar unha viaxe con el. Cando chegaba a un punto concreto do percorrido dificilmente se conformaba co que vía querendo ir máis aló e desexando coñecer todo o que vía de interese dende alí.

Coa súa compañeira, Chelo, percorreu todos os recunchos da Península Ibérica (cidades, parques naturais, vilas...), as Illas Canarias (agás Lanzarote), as Baleares e Madeira. Estiveron no



Foto 2.4.1. De viaxe en Estambul

norte de Africa (Casablanca, Fez, Essaouira, Túnez...), en Alemaña (Múnich, Bremen, Berlín, Potsdam) e en moitas cidades europeas (París, Praga, Viena, Budapest, Estambul…).

Outra das súas afeccións eran as serras orientais de Galiza. Tiña a necesidade de ir periodicamente á montaña e máis concretamente aos Ancares e ao Courel. Enrique subiu a todos os tesos e camiñou por todos os carreiros. No Caurel tiña devoción por toda a zona da Seara, como tamén por Rao e Fulgueira de Aigas nos Ancares. Sempre dicía que na súa xubilación tería unha casiña en Aigas, incluso xa lle tiña o ollo botado a unha na que estivera vivindo cando traballou en Navia de Suarna.

Traballar na horta, coidar as súas árbores e o gando miúdo era outro dos seus  divertimentos cando estaba na súa casa do Val de Gomeán; era un labrego pouco experimentado pero moi disposto a aprender!



Foto 2.4.2. Quique nos Ancares

## 3 O MONTE, A SÚA VIDA

O monte foi algo máis que unha profesión para el, foi a súa vida. Mamouno de pequeno, dentro dunha familia con clara vocación forestal, exercendo o seu traballo con rigor e responsabilidade durante catro décadas.

### 3.1 UNHA HISTORIA FAMILIAR

O seu avó, Alfredo Sánchez, veu trasladado a Lugo, dende Ourense (terra natal de súa nai), polo ano 1927 aproximadamente, para desempeñar un cargo dentro da Administración Forestal de Lugo, realizándose nesa época a construción da casa forestal do Veral, hoxe aula da natureza. Logo seguiron a mesma profesión os seus tíos Alfredo e Emilio Sánchez Fernández, o seu pai José María Casanova Cabado, o seu irmán José Manuel Casanova e o seu curmán Alfredo Sánchez.

É obvio que dende pequeno viviu na súa contorna unha relación de protección, coidado e defensa do medio ambiente, diferente a dos rapaces da súa idade, pola profesión que desenvolvían membros da súa familia. Vocación, máis que profesión, que Quique desenvolveu toda a súa vida, dende os dezaseis anos que comezou a traballar de emisorista na oficina do ICONA, pasando por todas as categorías ata chegar a Axente Territorial.



Foto 3.1.1. No parque móbil da Escola de Lourizán

### 3.2 CATRO DÉCADAS DE SERVIZO ACTIVO

A continuación pasamos a debullar cronoloxicamente os máis de corenta anos de relación laboral de Enrique co monte galego:

- Aos 16 anos, durante a época de estudante, traballou na campaña de verán de emisorista do ICONA (Instituno Nacional de Conservación da

Natureza) do Ministerio de Agricultura. O mesmo fixo un ano despois, cando tiña 17 anos. Nas vacacións de inverno traballaba como peón forestal.

- Aos 18 anos foise para a Escola de Capataces Forestais de Lourizán (Pontevedra); como era a única do noroeste, viñan alumnos de diversas zonas de España cos que mantivo unha intensa relación persoal toda a súa vida. Como había prazas limitadas, tivo que facer exame de ingreso na Escola.

- Recén cumpridos os 20 anos aproba a oposición de Axente Forestal obtendo o posto número 1 de Galiza e o número 2 de España na súa convocatoria con 28,20 puntos, sendo un dos axentes forestais máis novos de todo o Estado (Resolución 30686 do Instituto Nacional de Conservación da Natureza, publicado no BOE nº 303).

- Á espera de tomar posesión da súa praza, pide traballo na Delegación de Agricultura de Lugo e traballa como capataz dunha brigada en Navia de Suarna.

- O día 31 de maio de 1979, toma posesión de Axente Forestal, destinado a Rao, concello de Navia de Suarna (Real Decreto 707, do 5 de abril de 1979, publicado no BOE nº 83).




Foto 3.2.1. Carné de Axente Forestal do ICONA

- O 15 de marzo de 1985 pasa, por concurso de traslados, de Navia a Sobrado de Picato (Baralla).

- Por resolución do concurso de traslados do 14 de maio de 1990 da Consellería de Agricultura (DOG do 27 de agosto de 1990), pasa ao concello de O Corgo (nivel 16, Axente Zonal).

- Por resolución do concurso de traslados do 21 de xullo de 1994 (DOG do 22 de xullo de 1994) pasa á localidade de Lugo (nivel 18, Axente Territorial). Toma posesión o 1 de setembro de 1994.



Foto 3.2.2. Enrique en Foresgal (2007)

- Coa creación dos Distritos Forestais, pasa a cubrir o 3 de xaneiro de 2000 o posto de Axente Territorial do Distrito Forestal IX (Lugo-Sarria) na demarcación de Lugo.

Como resumo, Enrique prestou servizos nos seguintes corpos ou escalas:

- Garda do ICONA: do 31/05/1979 ao 25/03/1991.

- Auxiliar Técnico da Xunta de Galiza (Axente forestal): do 26/03/1991 ao 13/12/2007.



Foto 3.2.3. Plantación de árbores autóctonas na Vaqueriza (2006)

- Corpo de Axudantes Facultativos da Xunta de Galicia, escala de Axentes Facultativos Medioambientais: do 14/12/2007 ao 27/06/2015.

Segundo os seus compañeiros de traballo, Quique foi unha persoa entregada ao monte, cercano coas persoas que traballaba e cos administrados, optimista e xeneroso por natureza e un "currante nato" (sempre dicía que sen traballar non se podía conseguir nada, e era o primeiro en poñerse mans á obra).

## 3.3 A ACTUAL LEI DE MONTES

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia supuxo un grave problema para o país dende a óptica dunha persoa que coñecía o sector perfectamente. Esta foi a súa última gran batalla a nivel político-laboral promovendo xornadas informativas por toda a provincia destinadas aos/ás representantes das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común pero tamén para propietarios/as a título individual. Participou en varias mobilizacións de protesta contra a aplicación dunha lei nefasta para o noso monte e morreu coa idea de crear un grupo de traballo para poñer as bases nunha nova lei de montes (con representantes da xudicatura, enxeñeiros de montes, axentes forestais,...).



Foto 3.3.1. Enrique nunha avinza entre montes do Corgo e Castroverde

Participou activamente nas protestas da Alianza por un Medio Rural Galego Vivo, integrada por ADEGA, CIG, ORGACCMM e FRUGA, xa que a lei supoñía un importante retroceso para o desenvolvemento rural do noso país dende unha perspectiva integral. Trátase dunha norma fortemente regresiva que non se adapta á realidade do noso territorio e que pretende desmontar a protección do monte veciñal, introducir ferramentas especulativas ao gusto da gran industria forestal e enerxética, e rebaixar a capacidade de intervención da administración para deixar nas mans dos mercados a xestión do monte.

Segundo a Alianza esta nova lei de montes non é unha lei de carácter integral, a pesar da importancia do monte na vertebración social e territorial do país, ao faltar conexións con aspectos agrarios, sociais e ambientais. Esquece aspectos novidosos para a xestión do monte como a participación pública efectiva (máis aló do trámite de consulta), a custodia do territorio, a multifuncionalidade. Tampouco aparecen temas fundamentais que deberían incorporarse na xestión do monte como os valores culturais, etnográficos, paisaxísticos, a restauración de terreos queimados, os vieiros ecolóxicos, a conservación dos hábitats e especies ameazadas, a prevención de pragas e doenzas, etc. Fican esquecidas e sen solución o abandono da xestión e a estrutura minifundista da propiedade; ao apostar por unha única ferramenta, as SOFOR, das que non existe ningunha en funcionamento despois de varios anos da súa entrada en vigor.

Un dos aspectos máis graves desta nova lei é a modificación que pola porta de atrás fai da 3/2007 Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (aprobada polo goberno bipartito e impulsada polo BNG) que queda practicamente baleira de contido. Sen unha base técnica que o xustifique (como indica o informe do Consello Económico e Social), diminúense as distancias de salvagarda da vexetación ás vivendas; redúcense os anos nos que se limita o aproveitamento dos terreos queimados; elimínase o mosaico de parcelas e a prohibición de establecer masas monoespecíficas de máis de 25 e 50 hectáreas continuas; ábrese de novo a posibilidade de forestar terras agrarias; desvíase cara os concellos parte das responsabilidades de control...

# 4 O COMPROMISO POLÍTICO

Se tivésemos que resumir nunha frase a actividade pública de Enrique fariámolo dicindo que era un "animal político". Cunha ideoloxía de esquerdas e nacionalista, militou activamente




Foto 4.1. Manifestación en Compostela

animando a moitas outras persoas a agarrar con firmeza a súa bandeira política. A defensa do noso, coa convicción de que ningúen quedase atrás por motivos económicos, foi a senda que escolleu e axudou a construír dende a súa mocidade.

## 4.1 UN NACIONALISTA MILITANTE

Enrique toma consciencia política a unha idade temperá militando activamente dende o ano 1988 en Esquerda Galega, liderada por Camilo Nogueira, e despois no Bloque Nacionalista Galego (onde se integraría EG). Ben como militante de base, ou como cargo orgánico do BNG participaría de xeito intenso en todas as campañas, protestas, actos informativos e xuntanzas con estrita fidelidade aos seus ideais e á súa organización.

Como militante corgués pertencía á comarca Lugo-Centro (a máis grandes das tres que conforman a provincia de Lugo), sendo membro tanto da Executiva Comarcal, como do Consello Comarcal en varias etapas, aínda que era máis




Foto 4.1.1. Reunión da Executiva Comarcal do BNG

entusiasta do traballo de campo e da acción política directa que de formar parte dos órganos dirixentes. Participou en todas as asembleas locais, comarcais e nacionais, en varios grupos de traballo e foi membro da candidatura do BNG nas eleccións galegas do 1997.




Foto 4.1.2. Con Ana Miranda na campaña das europeas de 2009

Consciente de que a mellor maneira de mudar as cousas era formando parte activa das institucións, Enrique implicábase ao cento por cento en todas as campañas electorais dende as municipais e autonómicas ata as xerais e europeas (onde Galiza se xogou sempre dispor unha forza política propia que defendese os sectores produtivos do país, os sinais de identidade, as políticas sociais...).

## 4.2 O BNG DO CORGO

A mediados dos noventa Enrique comeza a participar de xeito intenso na agrupación local do Corgo xogando un papel fulcral na crise interna de finais da década, cando o BNG cogobernou (mandato 1995-1999) coa CNG no concello do Corgo e rematou por ser expulsado o seu cabeza de lista. Foi nese momento de debilidade organizativa cando Enrique asumiu liderar o proxecto nacionalista a nivel local facendo un esforzo ímprobo para reorganizar e fortalecer a asemblea.

Ademais das tarefas organizativas afrontou encabezar as listas do BNG do Corgo nas eleccións do 1999, do 2003, e do 2007 (Anexo II), saíndo concelleiro nas tres ocasións (Anexo III). No 1999 acompañouno Xosé Lois Díaz López, no 2003 foi o único concelleiro nacionalista, mentres que no 2007 compartiu grupo municipal con Xurxo Xosé Rodríguez Lozano. Foi nesa lexislatura

cando anunciou que non encabezaría máis veces pero que estaría disposto a apoiar e a acompañar, no posto que se decidise, a un novo candidato/a. Deste xeito a asemblea local decidiu que o sucedese Mario Outeiro, tanto no 2011 como no 2015, eleccións nas que Enrique tivo un papel fundamental como número 2 das listas.




Foto 4.2.1. Mitin das eleccións locais de 2007

Nas eleccións do 2011 o BNG do Corgo tocou o seu teito electoral, converténdose na segunda forza política do concello con 3 de 11 concelleiros (formando tamén parte do Grupo Municipal Concha Cruz Pallares), baixando a 2 concelleiros nas do 2015. Tralo seu falecemento ocupou o seu posto de concelleiro a número 3 da lista do BNG, María Abuín Sanfiz. Quique sempre tivo un grande interese na integración da mocidade e de intentar equilibrar en xénero as candidaturas do BNG nas eleccións locais.



Foto 4.2.2. Presentación da candidatura nas eleccións locais do 2015

Como portavoz municipal trasladaba información á veciñanza mandando periodicamente boletíns a todas as casas e facendo actos informativos de diversa índole. Por suposto participou en todas as manifestacións convocadas na defensa dos intereses do concello (sector lácteo, cárnico, conversión do IES das Mercedes en CIFP...) e promoveu diversas recollidas de sinaturas, entre a que destaca a promovida contra o canon da auga da Lei de Augas de Galicia, na que se recolleron preto de mil apoios.



Foto 4.2.3 Acto informativo sobre a Lei de Dependencia

## 4.3 16 ANOS DE CONCELLEIRO

Enrique finou no inicio do quinto mandato, deixando atrás 16 anos de dedicación ao concello como membro da oposición. Durante todo este tempo fixo un traballo rigoroso de control ao equipo de goberno, afrontando esa tarefa de xeito construtivo e cun talante serio á vez que dialogante. Ao longo deste período Enrique loitou porque O Corgo tivese un PXOM que ordenase o territorio municipal deixando claro á veciñanza os usos dos seus terreos, sendo consciente de que a ausencia desta importante ferramenta trouxera consigo un éxodo masivo á capital provincial nas últimas dúas décadas. Por iso participou activamente en todas as comisións para o seu desenvolvemento e votou con responsabilidade a súa aprobación (sabendo que electoralmente era máis rendíbel o voto en contra).

No 2005 o BNG entra no goberno da Xunta de Galiza (ata o 2009) e é nese momento cando Enrique se ergue como intermediario útil entre as dúas institucións. Do mesmo xeito, dous anos máis tarde o BNG entra a gobernar a Deputación de Lugo (ata o 2016) facendo o mesmo papel. Enrique loitaría nestes dez anos por conquerir




Foto 4.3.1. Diante do Centro de día

melloras importantes para o concello do Corgo como a creación do polígono industrial, o centro de día, a construción de traídas de auga potable a diversos núcleos de poboación, o arranxo de prazas e espazos públicos, a rehabilitación de antigas escolas como locais sociais, a posta en valor do noso patrimonio (arranxo de fontes, iluminación e sinalización de pontes, sartegos...).



Foto 4.3.2. Inauguración do caseto do campo da feira de Gomeán

Como concelleiro soubo conxugar a firmeza na defensa dos intereses do Corgo dende unha óptica nacionalista, cunha magnífica relación persoal cos seus adversarios políticos, sendo respectado por todos/as os/as compañeiros/as pola súa integridade, a súa coherencia, o seu traballo e por realizar unha oposición nada demagóxica pero moi construtiva e leal co equipo de goberno.



Bloque
O Corgo

"O BNG reclama que o goberno local tome a iniciativa para potenciar a riqueza paisaxística e medioambiental do Corgo"

O BNG propón a mellora e aproveitamento da antiga Cámara Agraria

"O goberno desatende as demandas do BNG para aproveitar as instalacións da antiga Cámara Agraria"

Os orzamentos da Xunta do PP para o 2010 deixan sen fondos a ampliación do polígono industrial

Edita: BNG O Corgo

Foto 4.3.3. Boletín do BNG do Corgo

## 5 CONCIENCIA DE CLASE, A CIG

Consciente dos grandes problemas da clase traballadora afiliouse á CIG (daquelas CXTG) o 1 de xaneiro de 1988 de xeito ininterrompido ata o seu falecemento. Pertencente á federación "Administración" foi delegado sindical durante moitos anos, sendo relevado por Anxo Moreno quen define ao seu compañeiro coas palabras que abaixo transcribimos:

Tócame a min, amigo, compañeiro no traballo, así como no mundo sindical dentro da CIG, escribir unhas liñas do paso de Enrique Casanova polo sindicalismo.

Non teño datas exactas do inicio de Enrique dentro do mundo da defensa dos traballadores, pero poderiamos estimar que foi arredor dos anos oitenta, na denominada CXTG, semente (en fusión con outras correntes sindicais nacionalistas como a INTG) da actual CIG. Foi unha persoa moi activa, implicada e disposta a loitar e defender os dereitos dos/as axentes forestais, sendo un referente

dentro do colectivo, persoa dura nas negociacións e na defensa dos temas laborais, pero á vez dialogante e coherente, sendo respectado nas determinacións que tomaba tanto polos cargos superiores como polos outros sindicatos. Pero non se conformaba con representar só ao seu grupo laboral de axentes, tamén estaba aberto a calquera reivindicación, defensa e axuda doutros colectivos e traballadores, sendo parte moi activa dentro da CIG, axudando moito ao espallamento do sindicalismo nacionalista de clase obreira.

Lembro a época que compartimos dentro da CIG, tanto como delegado, como despois cando pasei eu a facer eses labores sindicais, e sempre recordarei dúas expresións que definían á perfección o seu temperamento: "Para atrás nunca, nin para coller carreira" que viña a dicir que na loita sempre firme e sen retroceder, e a outra "tranquilidade" expresión usada cando se complicaban as cousas ou semellaban ter pouca saída, tratando de xerar confianza e tranquilidade na súa contorna.

Sendo difícil de resumir unha biografía tan intensa e coherente remato por dicir que foi un gran defensor do nacionalismo, dos traballadores, e sobre todo amigo dos seus.

Ata sempre Enrique!




Foto 5.1. Concentración de nais corguesas en contra da conversión do IES das Mercedes

## 6 UN CORGUÉS SOCIALMENTE ACTIVO

No ermo espazo asociacionista corgués Enrique decidiu xogar un papel clave. Dende a humildade, como se dunha formiguiña se tratar, construíu os cimentos dun frondoso espazo social que leva dado abondosos froitos e que mira ao futuro consciente da responsabilidade de non estragar tan fermosa obra.

### 6.1 A.C. ARUMES DO CORGO

Despois de madurar a idea durante tempo, no ano 2005 Quique decide crear unha asociación que traballe no ámbito da cultura no concello do Corgo. Enrique era consciente de que a proximidade do Corgo a Lugo e a enorme dispersión xeográfica do concello impediran durante anos manter un tecido cultural vivo e activo no concello. El non formaría parte da primeira xunta directiva porque naquel intre era concelleiro do BNG no Corgo e non quería que iso fose unha barreira que impedise que xente de outras ideoloxías formaran parte dunha asociación que nacía coa vontade de acoller a todas as persoas que quixeran fomentar a cultura no Corgo, empregando como lingua vehicular o galego.

ARUMES
ASOCIACIÓN CULTURAL
O CORGO

A asemblea fundacional realizaríase o 7 de outubro de 2005. A Asociación Cultural Arumes do Corgo nacía con sede na Antiga Escola de Gomeán cos seguintes fins:

a) Dinamizar a vida sociocultural do concello organizando todo tipo de actividades sociais, formativas, culturais, lúdicas ou deportivas.

b) Fomentar a participación e a colaboración da cidadanía servindo como foro de debate onde propoñer a posta en marcha de actividades que contribúan a mellorar a calidade de vida do noso concello e que resulten unha alternativa cultural ou de ocio.

c) Estudio, recuperación e posta en valor do patrimonio artístico e etnográfico do concello, prestando especial atención á recuperación da tradición oral.

d) Promoción da cultura e a lingua galegas en xeral.

e) O estudo e resolución dos problemas comúns dos asociados relacionados coa vida social do concello.

f) Cantas outras actividades lícitas sexan de interese do conxunto dos asociados.

Sendo a primeira directiva a seguinte:

Presidente: D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Vicepresidenta: Dna. Mónica Pérez Paradelela
Secretario: D. Mario Outeiro Iglesias
Tesoureiro: D. Manuel Marqués Reija
Vocal: D. Julio Fernando Rodríguez Gude



Foto 6.1.1. Realización do inventario de sartegos do Corgo

En setembro de 2008 Arumes adaptaba os seus estatutos ampliando o ámbito competencial a "socio-cultural e veciñal (mocidade, muller, terceira idade, deportiva e medioambiental" e trasladando a súa sede ás Antigas Escolas do Corgo (hoxe Casa das Asociacións).

O 1 de outubro de 2011 celébrase unha Asemblea para renovar a Xunta Directiva. Nese intre, Enrique decide dar un paso ao fronte e é nomeado vocal nunha directiva que seguía presidindo Xurxo Xosé Rodríguez Lozano.



Foto 6.1.2. Quique nas Xornadas de Oficios Tradicionais dedicadas aos ferreiros

Ao longo dunha década de vida Arumes desenvolveu numerosas actividades. Unhas iríanse consolidado no tempo como as Xornadas de Patrimonio, nacidas no verán de 2006 e centradas na Vía Romana XIX-XX do Itinerario de Antonino e que se repetirían nos veráns seguintes para analizar a variante do camiño francés que une con Lugo, os ríos, as casas grandes ou os castros. Créase a finais do 2007 o certame literario Terras de Chamoso (sendo a última delas a décima edición) que promove poesía e relato breve para todas as idades e que xa leva publicado en dous volumes os traballos gañadores das seis primeiras edicións. Nacen tamén as Xornadas de Oficios Tradicionais, en marzo de 2008, que en sucesivas edicións levaron ao Corgo demostracións en vivo, proxeccións e exposicións didácticas de materiais e ferramentas sobre o tecido, a cestería, a olaría, o traballo dos ferreiros, os/as traballadores/as da madeira e unha última centrada xa no traballo do liño. Aparece no 2009 a carreira popular Arumes do Corgo (sendo a última delas a oitava edición) e un club de lectura que trouxo ao Corgo a numerosas escritoras e escritores da literatura galega actual. Porén, Arumes tamén realizou distintas actividades formativas, saídas culturais, xornadas informativas, encontros entre asociacións, rutas de sendeirismo, actividades de promoción e defensa do patrimonio... así como a creación da Casa das Asociacións do Corgo. En todas elas participaría Quique de xeito moi activo.



6.1.3. Presentación da III Carreira Popular na Deputación de Lugo

Pero a importancia de Arumes non se pode circunscribir á actividade propia senón na influencia que tivo na creación de outras entidades a nivel local ou comarcal como a creación da Asociación Terras de Lugo (xestora dos fondos LEADER na comarca de Lugo) no 2008, a fundación do Centro de Estudos do Corgo no 2009 ou a constitución do club de atletismo Arumes-Área 10 no 2010.

## 6.2 CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

O incesante aumento de actividade de Arumes impedía afrontar de maneira seria e rigorosa o apartado c) dos seus fins estatutarios. É por iso que nunha asemblea ordinaria se decide crear outra entidade denominada Centro de Estudos do Corgo (CEC). Esta nacería o 28 de marzo de 2009, con sede nas Antigas Escolas do Corgo (hoxe Casa das Asociacións) e cos seguintes fins estatutarios:

a) Promover diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación…) sobre o concello do Corgo.

b) A divulgación dos estudos realizados entre os habitantes do concello.

c) A formación dos/as socios/as e dos/as corgueses/as sobre as áreas de estudo a nivel supralocal.

d) A defensa en xeral da cultura e da lingua de Galiza.

Sendo a súa primeira Xunta Directiva a que segue:

Presidenta: Dª. Mª Consuelo Vázquez Castro

Vicepresidente: D. Manuel Fernández López

Secretario: D. Roberto Rodríguez Páramo

Tesoureira: Dª. Josefa González Díaz

Vocal 1º: D. Mario Outeiro Iglesias

Vocal 2º: D. Manuel Marqués Reija

Vocal 3º: D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

C E C
CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

O CEC aparece en escena cunha estrutura e un funcionamento atípicos. Existen catro tipos de socios: socios Numerarios (os que presenten e defendan un traballo de investigación sobre o Corgo), socios Investigadores (aqueles que teñan presentado cando menos tres traballos), socios Xuvenís (para os menores de 18 anos) e socios Arumes (membros da Xunta Directiva de Arumes, e polo tanto membros de carácter temporal) co fin de manter no tempo a relación coa entidade matriz. Non existen polo tanto cotas económicas senón achegas en forma de coñecemento.

O seu órgano de expresión será a revista Corga de carácter anual e no que se publican os traballos presentados en público e defendidos diante dun tribunal avaliador. Quique sería socio numerario dende o primeiro momento e na renovación da Xunta Directiva efectuada o 5 de maio de 2012 pasaría a formar parte da mesma coas funcións de tesoureiro.

Os artigos presentados, e polo tanto publicados na revista Corga son os seguintes:

- Fórmulas de propiedade comunal dos montes do Corgo (Corga nº 1, páx 46-51, 2010)

  Trátase dun artigo dedicado a estudar os montes veciñais en man común e os montes comunais do concello do Corgo na segunda metade do século XX. Nel estuda como os veciños procederon paulatinamente á ocupación e reparto destes montes, á marxe das distintas normativas legais, como evolucionaron os seus usos e aproveitamentos e incluso a propia propiedade dos mesmos. Tamén fala de como afectaron aos montes do Corgo dous factores globais a toda Galiza como foron a emigración da poboación rural, buscando novas expectativas vitais, e as repoboacións forzosas realizadas por Patrimonio Forestal a mediados do século XX.

O traballo está dedicado á avogada Pilar Orol Mel e ao enxeñeiro Xabier Bruña García polo seu asesoramento á hora de escribir o artigo



Foto 6.2.1. Presentación en público do seu primeiro traballo en presenza da presidenta do CEC

- A Fervenza. Reserva da biosfera (Corga nº 3, páx 22-30, 2012)

  Neste artigo Enrique aborda o estudo da área da Fervenza, como espazo fulcral dentro da primeira (e a máis grande) das Reservas da Biosferas galegas: Terras do Miño. Analiza o seu rico patrimonio natural (flora e fauna) pero tamén as súas ameazas como son os aproveitamentos hidroeléctricos (na zona estaban previstos dous, o da Mota e o de Tosende, situado xusto na Fervenza) ou a substitución de monte autóctono por eucaliptos. Para rematar, nas conclusións, Quique comenta unhas directrices básicas co fin de potenciar unha das máis fermosas áreas naturais e etnográficas de Galiza.

- Pontes Históricas do Corgo (Corga nº 4, páx 32-39, 2013)

  Tendo en conta a intensa ligazón do Corgo cos ríos (e non só a nivel toponímico-etimolóxico), así como tamén do Centro de Estudos do Corgo que ten como símbolo unha ponte ou incluso o propio nome desta revista, Quique aborda neste artigo un aspecto transcendental no rico patrimonio corgués como son as súas pontes. A abundancia de pontes históricas ven determinada pola alta densidade de ríos e de vías de comunicación (de Lugo coa meseta ou coas terras de Sarria), así Enrique analiza neste traballo as pontes de Lago, da Torre de Anseán, a vella de Gomeán, a de Galiñeiros, a do Vao e como non, a ponte de Neira.

Ao presentar tres traballos, Quique converteríase no segundo socio Investigador do Centro de Estudos do Corgo, polo que quedan demostradas as súas inquedanzas culturais e a clara implicación que tiña con esta entidade.



Foto 6.2.2. Recollida da medalla do CEC dos tres primeiros socios Numerarios

## 6.3 CLUB DE ATLETISMO ARUMES-ÁREA 10

Despois dos pasos dados dende Arumes para fomentar o deporte (distinto do fútbol) no Corgo coa organización da Carreira Popular faltaba unha entidade que traballara dende a base, especialmente entre a mocidade, e facendo fincapé na integración das mulleres no deporte. Foi por iso que membros da Asociación Cultural Arumes do Corgo, da Escola Clube Área 10 e persoas a título individual decidiron crear o 19 de xaneiro de 2010, con sede nas Antigas Escolas do Corgo (hoxe Casa das Asociacións), o Club de Atletismo Arumes-Área 10 coa seguinte Xunta Directiva:

Presidente: Francisco Otero Besteiro

Vicepresidente: Marcos Trashorras Reija

Secretario: Mario Outeiro Iglesias

Tesoureiro: Marcos Rodríguez Vázquez

Vocal 1º: Xosé Enrique Casanova Sánchez

Vocal 2º: Felipe Labrada Reija

Vocal 3º: Miguel Roig Varela

ARUMES club de atletismo area10

O 10 de maio dese mesmo ano presentaríase oficialmente o club no salón de actos da Deputación de Lugo, con presenza do Vicepresidente da Deputación, D. Antón Bao, e do Alcalde do Corgo, D. José Antonio Ferreiro, para simbolizar o apoio institucional. Nesa rolda de prensa presentábanse os obxectivos do club:

- Fomentar o deporte entre a poboación do Corgo e dos concellos limítrofes.
- Contribuír a aumentar unha práctica deportiva que nas zonas rurais se concentra en dúas variedades: fútbol e baloncesto.
- Fomentar un deporte que sexa atractivo á poboación feminina.
- Difundir un dos deportes máis amplo (carreiras, saltos, lanzamentos, probas combinadas e marcha), antigos, completos pero á vez máis

esquecidos pola poboación actual que concentra os seus esforzos nos deportes de masas antes comentados.

- Crear hábitos de deporte e saúde entre a poboación, incidindo n@s máis nov@s.
- Fortalecer a imaxe de grupo entre uns nenos e nenas que cada vez están máis sós nas súas aldeas.
- Difundir a idea de deporte como lecer pero tamén como práctica competitiva.



Foto 6.3.1. Entrega de premios da Carreira Popular Arumes do Corgo na que o Club colaboraba

## 6.4 O MUNDO AGRARIO

Enrique sempre tivo claro que a base económica do concello do Corgo era o mundo agrario e aínda que o sector servizos foi gañando a batalla nos últimos tempos pola influencia da proximidade á capital provincial, apostaba por un futuro sostíbel da economía corguesa asociada á produción agropecuaria e posterior transformación e comercialización.



Foto 6.4.1. Diante dun dos múltiples depósitos de auga que Quique promoveu no concello co fin de axudar na extinción de incendios e de servir de puntos de auga para os gandeiros

Dentro das súas achegas a este sector destacan os innumerábeis actos informativos realizados no Corgo e a súa contorna e relacionados co sector agrario ou forestal (PAC, danos de animais salvaxes, Lei de Montes, TTIP...), a colaboración inestimábel na fundación da Federación Rural Galega (FRUGA), a construción de depósitos de auga que serviran tanto para a extinción de incendios como para o uso agrícola dos veciños/as, o arranxo de pistas forestais e devasas, a rehabilitación de fontes, a participación en todas e cantas manifestacións ou concentracións houber nos múltiples momentos críticos polos que pasaron sectores como os da carne ou o leite, etc.




Foto 6.4.2. Nun dos múltiples actos informativos sobre o sector agrogandeiro (en concreto: reforma da PAC 2015-2020 e TTIP)

# 7 LINGUA E CULTURA

Parafraseando a Castelao, "se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma" e esta afirmación era para Quique unha das súas columnas vertebrais a nivel ideolóxico. Ao longo da súa vida loitou por poñer en valor a cultura e a lingua de Galiza con coherencia e determinación.

## 7.1 A NOSA TERRA-SERMOS GALIZA

Consciente da necesidade de contar cun medio informativo en galego e ante a presenza abafante do castelán nos medios escritos do país, Enrique decidiu subscribirse ao semanario "A Nosa Terra" no 1990 ata a súa desaparición. Semanalmente lía, compartía e coleccionaba o medio de comunicación escrito máis transcendental da historia xornalística galega.

Trala quebra desta potente ferramenta de comunicación do nacionalismo galego no ano 2010, Enrique foi dos que contribuíu economicamente para recuperar a presenza do

galego nos medios xornalísticos na creación, como accionista fundador, de Sermos Galiza no primeiro semestre de 2012. A maiores desta achega, Quique facía un seguimento diario do portal web, e do resto da prensa dixital en galego (Praza Pública, Dioivo...) así como das noticias semanais que lle chegaban en papel como subscritor.

## 7.2 A DEFENSA DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Educado, como tantos outros, nun idioma que nada tiña que ver coa súa contorna, Enrique foi rapidamente consciente da necesidade de que o galego ocupara todos os espazos públicos reservados ata entón única e exclusivamente ao castelán. Por iso, en todos os ámbitos nos que tivo presenza: laboral, sindical, político ou social empregou un galego que tratou de aprender e perfeccionar pola súa conta por atoparse daquela fóra do ensino regrado.

Mais non satisfeito con iso traballou porque as administracións defenderan e usaran o idioma propio de Galiza, animou a moitas persoas a pasarse ao galego e a empregalo tamén a nivel escrito. De feito, e dende o seu inicio como funcionario, tanto as solicitudes que tiña que presentar nas distintas Delegacións, como os informes de campo que achegaba como Axente Forestal, sempre os redactou en galego (polos anos oitenta o noso idioma apenas tiña presenza nas administracións públicas).



Foto 7.2.1. Entrega do premio Facer País á Mesa pola Normalización Lingüística

Unha das batallas que con maior intensidade librou a nivel lingüístico foi contra o Decreto do Plurilingüismo aprobado pola Xunta de Galiza no 2009 e que en vez de protexer o galego ante a drástica perda de galegofalantes nas franxas de idade máis temperás, pasou a tratalo como un idioma foráneo na súa propia terra dentro do ensino obrigatorio. Participou coa súa dona en todas cantas manifestacións e concentracións se fixeron en contra do Decreto, así como en todos os actos reivindicativos realizados dende entón o día das Letras Galegas. Como persoa optimista, as manifestacións en defensa do idioma e a festividade das Letras Galegas, convertíanse en días de ledicia e esperanza. Nunca se desesperaba por ver que o galego non tiña o respecto axeitado por parte da administración xa que estaba seguro que o noso idioma, co tempo, tería a categoría que merecía, como era de xustiza.

# 8 MORRE A PERSOA, NACE UNHA ESTRELA!

Todas as estrelas teñen un comezo! Un terríbel suceso roubounos a persoa inqueda, traballadora e implicada que vimos antes para poñer no ceo galego unha nova estrela, vermella, que estou seguro guiará a moitas persoas que con el comparten anceios e esperanzas!

## 8.1 PASAMENTO E ENTERRO

Xosé Enrique Casanova Sánchez falece no serán do sábado 27 de xuño de 2015, con 57 anos, en acto de servizo cando traballaba para extinguir un lume no monte de Santa Cruz da Retorta do concello de Guntín. Morreu protexendo o noso monte froito dunha temeridade absoluta da administración galega que non atendeu, reiteradamente, as súas peticións de cambio de posto ante os problemas físicos perfectamente acreditados cos respectivos informes médicos. Non o facía por comodidade senón consciente da súa eiva e pensando en aportar toda a experiencia acumulada noutros postos igual de importantes. Tras o acontecido e a denuncia da CIG ante a Inspección de Traballo, a Xunta de Galicia mudou os seus protocolos preventivos e de vixilancia da saúde con respecto ao persoal vinculado a tarefas de extinción de incendios forestais.

Non foi dos grandes incendios que tivo que afrontar na súa dilatada carreira mais a calor do momento xunto coa tensión e estrés que provocan os lumes para unha persoa que afronta o traballo con responsabilidade e que amaba o monte, impediu que seguira prestando valiosas achegas ao sector forestal galego. Morreu, segundo a autopsia, por mor dunha cardiopatía isquémica crónica.

# Muere el concejal corgués Enrique Casanova durante la extinción de un incendio

▸ El pleno tiene previsto declarar hoy tres días de luto oficial por su fallecimiento, que se cree que se debió a un infarto

**O Corgo**

**REDACCIÓN**

LUGO. El concejal del BNG de O Corgo Enrique Casanova Sánchez falleció ayer durante los trabajos de extinción de un incendio forestal en Guntín. Su muerte causó una gran conmoción en O Corgo, en donde era muy conocido y apreciado por su implicación en la vida social y política. El gobierno local ha convocado para la mañana de hoy un pleno extraordinario para proponer que se declaren tres días de luto por su fallecimiento, que se cree que se debió a un infarto.

Casanova, que trabajaba desde hace años como agente forestal del distrito IX, de Sarria, estaba participando a primera hora de la tarde, con otros compañeros, en las labores de extinción de un fuego en Vilamaior (Guntín).

Al parecer, se separó del grupo y se fue en coche hasta una zona de depósitos de agua y, como tardaba en volver, otros compañeros fueron en su busca y lo encontraron en su vehículo al lado de una pista, según fuentes del servicio de emergencias de la Xunta en estado inconsciente y sin que se pudiese hacer nada por salvarle la vida. Aunque se ha abierto una investigación para esclarecer los hechos, se cree que sufrió un infarto.

La noticia de su muerte conmocionó a sus vecinos, a los que durante cerca de dos décadas, como concejal del BNG en la corporación, intentó ayudar a solucionar sus problemas. También recibió elogios de sus compañeros en la política, que coincidieron en destacar su dedicación y su afabilidad.

**PLENO Y FERIA AL MÍNIMO.** Esta mañana, a las 10.00 horas, todos ellos le rendirán homenaje en un pleno extraordinario en el que se declararán tres días de luto oficial en el municipio por su muerte.

El Concello informó también ayer de que suspenderá los actos festivos de la feria caballar que se celebrará hoy en Adai. Así, el recinto ferial solo tendrá actividad por la mañana, que se limitará al concurso morfológico, y no habrá ni actuaciones musivales ni espectáculos de doma de la tarde. El gobierno local dijo que mantiene esa actividad mínima al no darle tiempo a avisar a los jinetes que tradicionalmente van a la feria.

Concejal desde 1999, Enrique Casanova fue portavoz municipal del BNG hasta el año 2011, cuando lo relevó Mario Outeiro en ese cargo, aunque siguió de concejal y hace semanas renovó su condición de edil. Casado y vecino de O Val, en Gomeán, colaboraba con colectivos como Arumes y el Centro de Estudos do Corgo.



Enrique Casanova. AEP

Foto 8.1.1. El Progreso, 28 de xuño de 2015

A noticia do falecemento de Quique caeu como unha grande xerra de auga fría en todo o concello. No mesmo serán do falecemento o alcalde do Corgo convocou un pleno extraordinario para as 10h do día seguinte (domingo 28) co fin de aprobar a declaración de tres días de loito oficial na súa honra ademais de dar traslado á súa familia do máis sentido pésame de toda a corporación. Ao pleno asistiron compañeiros do BNG tanto do concello do Corgo como de toda a comarca de Lugo e nel os representantes dos catro grupos con representación no concello: PP, PSOE, BNG e DIC, verteron fermosas palabras sobre Enrique (Anexo IV).

Ás 12 horas do luns, día 29 de xuño, houbo concentracións, convocadas pola CIG, dos traballadores da Xunta de Galiza (especialmente dos seus compañeiros de Medio Rural), diante dos distintos centros de traballo, destacando as desenvolvidas nos edificios administrativos de San Caetano (Santiago) e da Rolda da Muralla (Lugo). Neles a maiores do minuto de silencio leuse o escrito que acompañamos a continuación, escrito polo seu compañeiro e amigo Xabier Bruña:

# El Concello de O Corgo decreta tres días de luto oficial por la muerte de Enrique Casanova

**O Corgo**

**REDACCIÓN**

provincia@elprogreso.es

LUGO. La corporación municipal de O Corgo se reunió ayer en sesión extraordinaria para aprobar tres días de luto oficial por el fallecimiento de Enrique Casanova, concejal del BNG, y transmitir las condolencias del Concello a su familia.

El alcalde, José Ferreiro, destacó la labor desempeñada por Casanova en favor del municipio. Lo definió como «un home moi sensato, coherente e construtivo, que traballou sempre polos intereses dos veciños do concello do Corgo».

Al pleno asistieron vecinos y compañeros de partido del edil fallecido, que hicieron también una semblanza de su persona.

Enrique Casanova Sánchez era agente forestal y falleció por causas naturales mientras trabajaba en la extinción de un incendio en Guntín.

Será enterrado hoy en el cementerio de San Xulián de Rubiás (Lugo). Previamente, a las seis de la tarde, habrá una misa en la capilla del tanatorio Velatorios Lucenses.



Un momento del pleno de ayer en O Corgo. SEBAS SENANDE

Foto 8.1.1. El Progreso, 28 de xuño de 2015

Sempre con Nós, ENRIQUE

Este sábado, deixounos para sempre o noso compañeiro e amigo Enrique Casanova. Como non podía ser doutro xeito nel, fíxoo ao pé do canón, traballando polo noso país na extinción dun incendio forestal en Guntín. Todas/os as/os que tivemos a fortuna de coñecelo, sabemos da súa irreparable perda tanto para a nosa organización como para a nosa nación.

Situacións coma esta fan que o noso compromiso medre e na nosa memoria sempre estea presente o compañeiro Enrique. Nunca poderemos esquecer bos e malos momentos pasados ao seu carón desde hai moitos anos pero a realidade fai que teñamos que lembralos para sempre cun sorriso entre dentes como o que el acostumaba a agasallarnos a cotío.

Hoxe é día de choralo pero a partir de mañá, a mellor homenaxe que lle podemos tributar desde a CIG é a de seguir loitando pola mellora das condicións de traballo de todas e todos os traballadoras/es galegas/os. Coa dor que dá unha irreparable perda, mantemos en pé a bandeira de seguir loitando por unha Galiza ceibe e sen explotación.

Sen esquecer nestes duros momentos a toda a súa familia, á que abrazamos con cariño:

Sempre estarás con nós, Enrique.

Ao longo tanto do domingo como do luns, milleiros de persoas se achegaron a velar o corpo de Enrique e a trasladar as condolencias á familia. Aínda que os actos do funeral se celebraron na capela do tanatorio de Lugo o enterro levouse a cabo no panteón familiar situado no cemiterio de Rubiás, a carón da porta do adro. Despois dos oficios relixiosos envolveuse o cadaleito cunha bandeira galega estrelada mentres dous compañeiros do BNG lían un anaco do adro do Sempre en Galiza de Castelao. Libro que o acompañaba no cadaleito mentres un par de gaiteiros interpretaban o himno de Galiza no momento da súa despedida.

## 8.2 OS MERECIDOS RECOÑECEMENTOS

Despois da gran conmoción que supuxo a inesperada perda de Enrique, comezáronse a fraguar unha serie de recoñecementos pola súa contorna, que un ano despois da súa morte aínda continúan e que pasamos a debullar:

### HOMENAXE DA A.C. ARUMES DO CORGO




Foto 8.2.1. Cartaz da carreira popular

Como vimos anteriormente, a implicación de Quique a nivel cultural e deportivo co Corgo canalizouse, fundamentalmente, a través da asociación que el mesmo inspirou, Arumes. Unha das actividades nas que máis peso organizativo levaba era a Carreira Popular Arumes do Corgo, na que el ademais desenvolvía a responsabilidade de Seguridade Vial. Por este motivo a Xunta Directiva da A.C. Arumes do Corgo decidiu bautizar a devandita carreira como "Memorial Quique Casanova" dende a sétima edición, celebrada no Corgo o 25 de outubro de 2015.

### HOMENAXE DA CIG E DOS COMPAÑEIROS DE MEDIO RURAL

Os compañeiros de Quique de Medio Rural e o sindicato nacionalista CIG, ao que el pertencía activamente dende había varias décadas, organizaron un acto de homenaxe no monte de Santa Cruz da Retorta (Guntín), onde el faleceu. O evento desenvolveuse o día 7 de novembro de 2015, con saída dende o Picato ás 12h, nun espazo acondicionado para o futuro cun monólito e con árbores autóctonas.



Foto 8.2.2. Monólito da Retorta

Guiado por Xabier Bruña interviñeron varios/as compañeiros/as de traballo e sindicais, descubriuse unha placa no monólito (que pon literalmente "Neste monte faleceu o 27 de xuño de 2015 o axente forestal Enrique Casanova, mentres desenvolvía o seu derradeiro traballo na defensa do medio. No monte, para o medio e pola a terra. DEP Quique Casanova"), interpretouse o himno de Galiza, fíxose a plantación de dúas árbores e o enterramento ao pé dunha delas dunha peza de cerámica elaborada polo ceramista corgués, Lolo da Vila, que contiña terra do concello ao que el

tanto amou, O Corgo. Tamén houbo unha quenda aberta de intervencións nas que participaron moitas persoas e nas que destacou a do seu familiar, e compañeiro de batallas, Xurxo Xosé Rodríguez Lozano que escribiu a poesía que acompañamos e que hoxe está recollida nunha placa situada no monólito:

Ao compañeiro Quique, co que tiven tantas vivencias.

Xa vas no ar, soñando, compañeiro,
entre as néboas do Tórdea e do Chamoso,
cun sorriso entre pícaro e saudoso,

con falar asisado e retranqueiro.
Pasarás entre os verdes ameneiros
remoendo os pensamentos, caviloso,
coma os homes bos e xenerosos
que poñen sempre ao pobo de primeiro.

Ficarás para sempre na paisaxe,
nos outeiros, nos soutos, nos camiños,
mentres o río segue a súa viaxe.

E irá deixando en cada remuíño
pousos de lembranzas e de imaxes
ata que chegue a fundirse co pai Miño.

Xurxo, novembro de 2015

O acto rematou cun concorrido xantar nun restaurante do Picato.



Foto 8.2.3. Asistentes á homenaxe

## HOMENAXE DA ASOCIACIÓN DE PESCADORES "PONTE DE AREAS"

No marco dun campionato de pesca organizado pola asociación de pescadores Ponte de Areas e celebrado o día 7 de maio de 2016, o presidente da entidade tivo unhas palabras de agradecemento á colaboración desinteresada que Enrique Casanova sempre tivo cos amantes do medio natural e polo seu traballo na preservación dos nosos ríos. Despois do xantar entregábaselle unha placa a José Manuel Casanova (irmán de Quique) que di literalmente "A Asociación de Pescadores Ponte de Areas, en agradecemento a Enrique Casanova Sánchez pola súa inestimable colaboración".



Foto 8.2.4. Homenaxe dos pescadores

## HOMENAXE DO BNG

Na mañá do domingo, día 3 de xullo de 2016 (día seguinte do multitudinario cabodano, celebrado na igrexa de Rubiás) a súa casa política rendíalle homenaxe no espazo acondicionado no Monte da Retorta. Facíase coa intervención de varios dos seus compañeiros do BNG, a lectura do Sempre en Galiza a interpretación de música galega, na que non podía faltar como peche o himno de Galiza, e o agasallo á súa viúva dunha peza de cerámica feita polo ceramista Lolo da Vila.




Foto 8.2.5. Convite á homenaxe do BNG

## A GRAN HOMENAXE DO CORGO: DECLARACIÓN DE FILLO ADOPTIVO A TÍTULO PÓSTUMO

O sábado, día 1 de outubro de 2016, celebrouse no Corgo unha completa homenaxe que mesturou dende o recoñecemento máis institucional ata a homenaxe popular do concello que o adoptou como veciño. Pola mañá (ver programa) o pleno declaraba por unanimidade a Quique "Fillo adoptivo" a título póstumo, con fermosas declaracións dos compañeiros actuais (e anteriores) de corporación diante dun salón de plenos ateigado de espectadores (Anexo V).




Foto 8.2.6. Cartaz co programa da homenaxe

Tralo pleno, a homenaxe desprazouse ata Manán (San Cosme) onde se serviu un xantar popular para máis de 150 persoas. A continuación descubriuse un monólito coa placa que bautizaba o espazo público máis importante de Manán, como "praza X. Henrique Casanova".

O acto continuou coa intervención dos compañeiros da corporación municipal, da familia, do sector forestal, da CIG, do BNG, da AAVV de




Foto 8.2.7. Descubrimento da placa que bautiza a "praza X. Henrique Casanova" en Manán (San Cosme)

Manán, de Arumes, de escritores como Toño Núñez ou Marica Campo (ver poema inferior escrito para a ocasión) e outras moitas. A homenaxe rematou coa interpretación do himno galego a cargo de músicos compañeiros do BNG.

A Enrique Casanova, In memoriam

Semella que o destino é marcharmos sen volta,
chorarmos aos que amamos, sentir como se afunde
baixo os pés toda a terra, ser hóspedes da sombra,
habitarmos a ausencia coma unha casa grande.

Mais a ausencia ten fendas polas que a vida filtra
toda a luz cando a verten, torrenciais, as estrelas
a rodar coma bágoas acendendo as campías.

Fáltasnos e non faltas á hora en punto sempre
de dicirmos Galiza sen vender a palabra.
Fáltasnos e non faltas no amor á Natureza,
nos bosques e nos ríos que querías espellos.
Fáltasnos e non faltas nesta loita irmandiña,
a derrubar as torres do odio e o desprezo
cara a nós, cara ao noso, para erguer o edificio
do país que soñamos co seu lugar no mundo.
Fáltasnos e non faltas na mirada de Chelo,
onde a mirada túa foi esplendor e festa.
Fáltasnos e non faltas porque mente quen diga
que a morte sempre mata. Xamais morre quen ardena memoria e nos quenta contra o inverno dos días.
Enrique, compañeiro, irmán na amarga patria,
o teu recordo vivo florece como as rosas.

Marica Campo

## ANEXO II: DÍPTICOS DAS ELECCIÓNS LOCAIS DE 2003 E 2007












CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*Mais Enrique non era Corgués, era de Rubiás, e a súa traxectoria debe ser un guieiro que nos mova a todas e todos os que tivemos a sorte de nacer neste concello.*

*En 16 anos de concelleiro fixo unha oposición construtiva e fixo de intermediario útil coas institucións gobernadas polo BNG para conquerir melloras importantes para este concello, trouxo os problemas das veciñas e veciños a este pleno, votou sempre co Corgo por diante ainda que o resultado dese voto non fose electoralista, participou nun ambiente de respecto e cordialidade entre a corporación que debería ser exportable a todas as cámaras de participación política. Prégovos que o exemplo de Enrique, por enriba da cor política, sexa o espello no que nos miremos todas e todos nós nesta lexislatura que comeza.*

*Porque se Quique deixara algo escrito, diría claramente que no seu falecemento non houbera esquelas, nin flores, nin parafernalias. Deixaríanos a todos como encomenda traballo e máis traballo. Esa é a difícil testemuña que nos deixa aos compañeiros de partido, algúns deles hoxe aquí presentes e ese é o reto que afrontaremos de aquí en diante na súa memoria.*

*Para rematar e no nome do BNG do Corgo agradecer aos compañeiros aquí presentes as medidas adoptadas e a preocupación coa que dende onte a tarde vivistes este triste acontecemento. Sabemos que a tristura polo seu falecemento é máis que sincera. Trasladar tamén, por expreso desexo da súa viúva, o agradecemento a todas e a todos o apoio recibido e o voso interese. MOITAS GRAZAS"*

O concelleiro de DIC, Javier Vila Núñez, toma a palabra e di que quere dar o pésame ao grupo do BNG e á familia do concelleiro falecido. Di que Quique debería ser un exemplo a seguir en defensa dos intereses municipais e destaca a súa grande altura como político e como persoa. Traslada á súa familia o seu pésame e pónse á súa disposición.

Javier Cerqueiro González, concelleiro do PSOE, traslada tamén o seu máis sentido pésame e di que no pouco tempo que puido coñecer a Quique foi unha persoa correcta e moi agradable co seu grupo

4

CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

político. Engade que ogallá estas cousas sirvan para unir a tódolos grupos e lles dea forza para seguir para adiante.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás dez horas e quince minutos, redactándose a presente acta. Dou fe.

CORGO (LUGO)

5

## ANEXO V: ACTA DO PLENO DE NOMEAMENTO DE FILLO ADOTIVO

CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO CORGO, DO DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2016.**

**PRESIDENTE:**
D. José Antonio Ferreiro González. (PP)

**CONCELLEIROS: ASISTENTES:**
D. Felipe Labrada Reija (PP)
D. Marcos TrashorrasReija (PP)
Dª Mª del Mar Gómez Gómez (PP)
Dª. Mª Jesús Alvarez Fole (PP)
D. Javier Cerqueiro González (PSOE)
D. Jesús Seijas Abuín (PSOE)
Dª Marta López Abeledo (PSOE)
D. Mario Outeiro Iglesias (BNG)
Dª María Abuín Sanfiz (BNG)
D. Francisco Javier Vila Núñez (DIC)

**SECRETARIO:**
D. Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Por ausencia do mesmo, actúa a funcionaria Ana Josefa Fernández Reija

No salón de sesións do Concello do Corgo, ás 12:30 horas do día 29 de setembro de 2016 reúnese o Pleno do Concello co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

Preside o acto o Sr. alcalde D. José Antonio Ferreiro González e asisten os concelleiros que se relacionan á marxe.

Da fe do acto, por ausencia do Secretario, a funcionaria Ana J. Fernández Reija.

1

CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

**1.- Nomeamento de Xosé Enrique Casanova Sánchez como Fillo Adoptivo do Concello do Corgo.**

O alcalde le a proposta de nomeamento de Enrique Casanova Sánchez como fillo adoptivo da corporación, que literalmente di:

*"PROPOSTA DE NOMEAMENTO A ENRIQUE CASANOVA SÁNCHEZ FILLO ADOPTIVO DO CONCELLO DO CORGO.*

*Cumprido xa un ano do pasamento do noso compañeiro de corporación, Enrique Casanova, tódolos grupos políticos e concelleiros desta corporación coincidimos en que é merecedor do nomeamento como Fillo Adoptivo deste Concello do Corgo.*

*Os méritos para a recepción deste título póstumo quedan abondo acreditados pola súa traxectoria persoal, profesional e política ao longo de 16 anos como membro desta corporación e de 25 anos como habitante do Val de Gomeán.*

*Chelo Vázquez, a súa viuva, e Mario Outeiro, o seu compañeiro, coa colaboración de moitas outras persoas, compartiron con todos nos, a través do excelente traballo que constitúen os apuntamentos biográficos de Enrique, a súa vida a tódolos niveis.*

*Estes apuntamentos non fixeron máis que confirmar o que xa todos pensabamos: Quique foi, como eles din, un home "bo e xeneroso", íntegro, xusto, obxectivo, consecuente, traballador, comprometido, amigo.. Todos os que o coñecemos sabemos ben das súas cualidades.*

*Por todo o exposto, pola súa traxectoria neste Concello, tristemente truncada hai 15 meses, esta corporación considera que Enrique é merecedor desta homenaxe póstuma, pois el, non sendo nado no Corgo, traballou sempre en beneficio deste concello e acadou unha*

2

02-10-2016

As vidas non se improvisan cando responden a uns principios

# Enrique Casanova ou a lealdade ao país

Valorar (21)

MARICA CAMPO




Escribo isto a véspera da homenaxe que o concello do Corgo lle vai render ao compañeiro do Bloque Enrique Casanova, axente forestal falecido inesperadamente hai pouco máis dun ano, mentres traballaba sufocando un incendio. Hónrase honrándoo unha corporación que, por unanimidade, o nomeará Fillo Adoptivo e lle dedicará unha praza en actos previstos para o sábado, día 1 de outubro.

Quique, como era coñecido polos veciños, amigos e compañeiros, foi o prototipo do loitador incansábel polo país a través do seu traballo e da súa militancia no nacionalismo. Iso quixen reflectir nun poema que acabo de facer na súa memoria e que lerei nun recital que terá lugar pola tarde.

As vidas non se improvisan cando responden a uns principios. Dito doutro xeito e respectando a evolución de cadaquén - faltaría máis -, a coherencia coas ideas que profesamos ou dicimos profesar é a mellor fe de vida cando acontece a morte. Vivir, seguir a ruta trazada polos ideais, ou deambular tras ideas e intereses cruzados.

Quique foi, sobre todas as cousas, un home leal no máis amplo sentido da palabra. O seu traballo político, a súa defensa da natureza, da nosa lingua e cultura, do asociacionismo e da xustiza social, non foron cousa dun día, senón unha loita sostida ao longo do tempo. Por iso segue vivo nas inquedanzas que o moveron e nos afectos que provocou coa súa bonhomía. Iso é o que fica despois de todo. Unha herdanza que non podemos desbaldir e que nos anima a seguir as súas pegadas.

Permitome finalizar esta breve recordanza co devandito poema:

**A Enrique Casanova, *In memoriam***

Semella que o destino é marcharmos sen volta,
chorarmos aos que amamos, sentir como se afunde
baixo os pés toda a terra, ser hóspedes da sombra,
habitarmos a ausencia coma unha casa grande.

Mais a ausencia ten fendas polas que a vida filtra
toda a luz cando a verten, torrenciais, as estrelas
a rodar coma bágoas acendendo as campías.

Fáltasnos e non faltas á hora en punto sempre
de dicirmos Galiza sen vender a palabra.
Fáltasnos e non faltas no amor á Natureza,
nos bosques e nos ríos que querías espellos.
Fáltasnos e non faltas nesta loita irmandiña,
a derrubar as torres do odio e o desprezo
cara a nós, cara ao noso, para erguer o edificio
do país que soñamos co seu lugar no mundo.
Fáltasnos e non faltas na mirada de Chelo,
onde a mirada túa foi esplendor e festa.
Fáltasnos e non faltas porque mente quen diga
que a morte sempre mata. Xamais morre quen arde
na memoria e nos quenta contra o inverno dos días.
Enrique, compañeiro, irmán na amarga patria,
o teu recordo vivo florece como as rosas.

**Terra e Tempo dixital, 2 de outubro de 2016**

# ANÁLISE ETNOHISTÓRICO DO CULTIVO DO LIÑO NO CONCELLO DE O CORGO (LUGO) (I)

AUTORES:
Blanco Prado, José Manuel
Doutor en Historia
Profesor Numerario de Ensino Secundario ( xubilado)

Fernández López, Manolo (Lolo)
Ceramista

## INTRODUCIÓN

Os días 20 e 21 de Marzo do ano 2008 a Asociación de "Arumes do Corgo" celebrou neste concello as I Xornadas de oficios artesanais dedicadas "o tecido". Anos despois, a mesma asociación levou a cabo, o día 13 de Xullo do ano 2013, unha exposición e demostración de cómo se elabora o liño contando para este mester coa Asociación de mulleres de San Bartolomeu de Insua (Vilalba).

Pois ben, estes eventos serviron de fundamento para que tanto Manolo coma José Manuel decidisen realizar un traballo sobre o cultivo do liño neste concello, que vai a estar dividido en dous artigos:

Ao comezo do primeiro, ambos os dous autores dannos unha visión moi xeral do Concello de O Corgo dende unhas coordenadas xeográficas, históricas e socio- económicas. Trátase de situar o traballo, que levan a cabo, nun marco xeográfico e humano. Logo, realizan unha breve análise sobre os trazos específicos da planta do liño, centrándose dun xeito preferente na variedade de liño, que se sementa na primavera e, que foi a máis utilizada pola súa rendibilidade. A continuación, aluden a unha serie de referencias históricas sobre esta planta liñeira, tomadas dende unha perspectiva xeral e, dende unha óptica xa delimitada ao marco galego. Posteriormente fan referencia a unha gran parte dos elementos, que interveñen no proceso de elaboración do liño, e así mencionan como se leva a cabo a preparación da terra, a sementeira, a monda, a arriga, o ripado, o empozado e secado do liño, a maza, a deluva, a espadela e a tasca, o restrelo, e a fiada. Finalmente e, a modo de conclusión a este primeiro artigo, fan alusión ao carácter comunal ou individual, que amosan as devanditas tarefas neste concello, así como aos niveis de participación a nivel de xénero.



A planta do liño

Para a realización deste traballo utilizaron fontes orais, reflectidas na colaboración dalgúns informantes, pertencentes a este concello e a súa bisbarra, como Celsa Sarille, Salvador Besteiro, Antonio Tallón, entre outros. Tamén tiveron en conta determinadas fontes materiais, plasmadas nos diferentes aparellos e instrumentos, ligados ao cultivo do liño e, que se encontran no micromuseo de Anseán. Finalmente, usaron fontes bibliográficas referentes a esta planta liñeira, que lles serviron para establecer relacións e diferenzas dentro dun denominador común.

## I. TRAZOS XEOGRÁFICOS E HISTÓRICOS DO CONCELLO DE O CORGO

O concello de O Corgo está situado ao leste de Galicia, na comarca de Lugo. A efectos civís forma parte da provincia de Lugo, e dende unha óptica eclesiástica pertence a diocese de Lugo. Limita ao norte cos concellos de Lugo e Castroverde, ao sur con Láncara e O Páramo, ao leste con Castroverde, Baralla e Láncara, e ao oeste con Guntín e Lugo. A capital do concello está a unha altitude de 441 metros, e dista 14 km. da capital provincial.

A nivel xeral o relevo deste concello correspondese cunha ampla superficie de erosión ou penechaira, situada a uns 400-500 metros, de natureza rochosa basicamente granítica, aínda que se localizan tamén sectores xistosos[1]. Os cumios máis destacados son Pena de Cruz (783 m.), Pena Aguda (722 m.), Castro de Croa

[1] 1 Equipo "Ir Indo" (Varios).: Galicia en Comarcas, Vigo: Ir Indo, 2005, páxs. 95-99.



Ripos ou ripanzos

(651 m.), Canteira de Vidueiro (624 m.), Agra do Outeiro (451 m.), amais das serras de Coedo e de Ferveda. Posúe un clima oceánico continental o que da lugar a que os invernos sexan fríos e os veráns frescos. Ademais é bañado polos ríos Miño, Chamoso, Tordea, Neira, Maceira, Romeán, Amoa e Outeiro.

Respecto á demografía do municipio convén mencionar que ata mediados do século XX a evolución da poboación, aínda que descontinua, foi sempre positiva en canto ao crecemento da poboación, sostido por unha alta taxa de crecemento natural, capaz de contrarrestar as saídas migratorias. Así, este concello acadou no ano 1959 o máximo demográfico con 8544 habitantes. No intre actual a pirámide de poboación de O Corgo reflicte un avellentamento demográfico con taxas de natalidade moi inferiores ás de mortalidade. Isto implica que a poboación actual, segundo o I.N.E. (Instituto Nacional de Estatística) do ano 2014, sexa de 3695 habitantes –1869, homes; e 1826, mulleres-, que están distribuídos en trinta e oito parroquias[2], que ocupan unha superficie de 157,58 km$^2$ .

Historicamente os concellos de O Corgo e Castroverde conformaron o condado de Flammosos na Idade Antiga. Posteriormente, un requirimento do século XI determinou que o condado pasaba a dominio da Coroa, logo de que os condes Vila e Rodrigo Ovequie llo arrebataron aos bispos de Lugo. Anos despois, coa división xurisdicional, a maior parte do termo municipal pertencía a dúas xurisdicións diferentes: Adai e Mañán de Arriba. Na primeira o xuíz ordinario era Lemos, o Cabido de Lugo, a Encomenda de Portomarín, o mosteiro de Meira, o Marqués de Castelar, e os Neira e Pallines. Na de Mañan de Arriba exercía o señorío a Encomenda de Portomarín , participando ademais o convento das



A liñaza ou semente do liño

Dominicas de Lugo. Na división administrativa realizada en 1835 non figura este concello, pois as súas parroquias repártense entre os da Pobra de San Xiao e Lugo. Con todo, a partir do ano 1840, logo de levarse a cabo unha nova reorganización administrativa da provincia de Lugo, xorde o novo concello de o Corgo cos limites actuais.

En canto a economía do concello, a actividade agropecuaria repártese entre a gandería e a agricultura debido ao tradicional predominio das pequenas explotacións familiares de carácter mixto. Na produción gandeira ten unha especial relevancia o gando bovino dedicado preferentemente á produción láctea; tamén é importante para todas as explotacións agrarias o gando porcino en canto supón un complemento económico. O sector secundario é pouco relevante e só cabe distinguir a presenza de fábricas transformadoras de madeira cun importante crecemento debido á explotación da superficie forestal, que representa o 60% da superficie total do municipio. En canto ao sector servizos, a localización estratéxica do concello- limítrofe co de Lugo- fixo posible a creación dunha serie de

[2]Equipo “Ir Indo” (Varios).: Galicia en Comarcas, Vigo: Ir Indo, 2005, páxs. 97.
PARROQUIAS:
Abragán (San Bartolomeu), Adai (Santiago), O Alto (Santalla), Anseán (Santa Catarina), Arxemil (San Pedro), Bergazo (San Fiz), Cabreiros (Santa Mariña), Campelo (San Xulián), Camposo (Santiago), Castrillón (San Salvador), Cela (San Xoán), Cerceda (San Pedro), Chamoso (San Cristovo), O Corgo (San Xoán), Escoureda (Santa María), Farnadeiros (San Pedro), Folgosa (San Martiño), Fonteira (Santiago), Franqueán (Santa María), Gomeán (Santiago), Lapío (San Miguel), Laxosa (Santiago), Maceda (San Pedro), Marei (Santa María), Paradela (San Fiz), Pedrafita (San Miguel), Piñeiro (Santa María), Queizán (Santa María), Quinte (Santalla), Sabarei (Santa María Madanela), San Bartolomeu de Chamoso ( San Bartolomeu), San Cosme de Manán (San Cosme), Santa María de Manán (Santa María Madanela), Santo André de Chamoso (Santo André), Santo Estevo de Farnadeiros (Santo Estevo), Santo Estevo de Folgosa (Santo Estevo), Segovia (San Xoán), Vilachá (San Xiao).

establecementos comerciais como hoteis, mesóns, talleres etc.

Con respecto ao patrimonio artístico cómpre distinguir restos de sepulcros medievais, como os sartegos situados na parte posterior da igrexa de Sta. María de Cabreiros e outros localizados sobre roca no primitivo emprazamento da igrexa de Pedrafita.




O mallo

Tamén hai que salientar importantes igrexas románicas: Sta. Mariña de Cabreiros, San Xoán de Cela, Santiago de Fonteita, Sta. María de Franqueán, Santiago de Gomeán, El Salvador de Castrillón… En relación ao patrimonio de índole civil é mester resaltar o Pazo dos Valcárcel, a Casa de Ulloa, a Casa Palacio de Piñeiro, o Pazo de Cabreiros…

## II. DESCRICIÓN DA PLANTA DO LIÑO

Trátase dunha planta herbácea da especie Linum, da familia das Lináceas, anual (ás veces bianual), que ten entre trinta e corenta feixiños, que levan unhas trinta e cinco fibras pericíclicas, de folla estreita, plana, lisa, e lanceolada de tres nervios. A súa sementeira lévase a cabo nos meses de abril ou maio, producindo unhas grandes flores hermafroditas duns tres cm., que procuran unha gran beleza dende finais da primavera ata o mes de agosto. A planta acada unha altura entre 20 e 100 cm., e xera un froito globuloso duns sete ou oito cm. de lonxitude con sementes aplanadas, con forma de pico e de cor castaña relucente normalmente. Cómpre distinguir preferentemente dúas clases: a de fibra e a de semente; mentres que a de fibra dedícase ás modalidades téxtil de alta calidade, a de semente é usada para a obtención de aceite de liñaza e, polo tanto, a fins terapéuticos e industriais.

## III. REFERENCIAS HISTÓRICAS SOBRE O CULTIVO DO LIÑO

### 1. XERAIS

Algúns pensadores aluden que a planta do liño procede de Mesopotamia ou do Cáucaso europeo, e o seu cultivo ten unha antigüidade de 5000 anos[3].Tamén se fai referencia coma un cultivo idóneo para tecidos finos no Antigo Testamento. Así no Libro do Éxodo – 35 – 6 - dise; “Cada un traerá xenerosamente en ofrenda para o Señor ouro, prata, ou bronce púrpura violáceo, escarlata e carmesí, liño ou pelo de cabra”. Tamén neste mesmo libro faise mención a este vexetal nos apartados 36-8, 35, 37 onde se amosan uns trazos de tecido luxoso[4]. Así mesmo polo centro e norte de Europa non faltan achados que proban a existencia no neolítico de tecidos de liño, lá e algúns outros, así como o uso de determinados aparellos semellantes aos de hoxe para a súa elaboración[5]. Con todo, vai ser Exipto hai uns 3000 anos onde o liño floreceu como unha industria artesanal reflectida nas pinturas conservadas nos túmulos dos faraóns da XII dinastía.

Posteriormente os fenicios, celtas, gregos e romanos traballan este cultivo para a fabricación de vestidos, velas e redes, sendo Roma quen difunde o seu cultivo polo Imperio. Con respecto á Península Ibérica está documentado que este cultivo e a súa utilización vén dende os tempos prehistóricos; así atópanse restos do ano 2500 a.C. en Almería, e do ano 2000 a.C. no Algarve



O Mazote

[3] GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: O Liño, Vigo: Ir Indo, 1992, páx. 20.

[4] LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén.: O Liño e as Foliadas no Concello de Vilalba, Lugo: Deputación Provincial, 1993, páx.9.

[5] LORENZO, Xaquín.: Os Oficios, Vigo: Galaxia, 1983, páx. 223.



Uso do mazote. Foto sacada do libro de
Ana Belén López Pérez: " o liño e as foliadas en Vilalba"

(Portugal)[6]. Na Europa medieval o liño é o tecido máis usado, sendo importante a súa presenza na parte occidental do noso continente. Logo, a finais do século XVIII, a Revolución Industrial posibilitou que este cultivo tivese un desenvolvemento importante, que dura ata mediados do século XIX. Neste momento comezan a xurdir as plantacións de algodón, que motivan que o cultivo do liño vaia tendo unha baixada considerable na súa produción. Esta diminución do liño débese a que o algodón é unha planta barata, de moita fibra, que demanda escasa atención e, polo tanto, pouca man de obra[7].

## 2. REFERENCIAS EN GALICIA

Nesta comunidade é mester agardar á cultura castrexa para encontrar testemuñas directas, que nos autoricen enxergar certas sinais que poida reflectir o labor téxtil, que se levaba a cabo na Galiza protohistórica. Así, tanto Estrabón como Plinio – pensadores romanos- fan mención aos tecidos galegos, como o liño dos Zoelas, que, logo, os romanos ían usar para a súa indumentaria de caza. Ademais destas testemuñas cómpre tamén lembrar algúns achados, como fusaiolas, agullas, fíbulas, pesos de tear, atopados nos castros, e que nos permiten establecer algunha ligazón cunha incipiente industria téxtil proxectada preferentemente a realizar roupas de liño para o verán e de lá para o inverno, algo moi habitual ata non hai moitos anos. É patente que o emprego téxtil do liño e o seu desenvolvemento deuse a

[6] LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén.: Ob. cit., páx. 9.

[7] GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: Ob. cit., , páx. 22.



Mazos o mazucos

partir da época romana como queda reflectido na valiosa terminoloxía latina ligada ao mencionado cultivo. Así, termos como Liñar, Liñardelo, Liñarega, Liñares, Liñariño, Liñaza, Liñeira, Liñeiro etc. fan posible a evidencia de tal feito.

Na Idade Media hai un predominio do liño, que dá lugar a creación de oficios e gremios, que van a ser o xerme dunha influente ocupación artesá, potenciando neste intre un importante desenvolvemento económico e unha conexión comunitaria. Nesta época hai numerosas referencias ao liño e a súa actividade tanto en textos oficiais como particulares, citas curiosas transcritas en vendas,testamentos e foros, o que revela a súa importancia na vida rural e popular. Un bo número de rendas e prestacións pagábanse en liño nesta época e tamén nos séculos posteriores. Dicíase "que as actividades do liño atopábanse por todo o país, cun carácter caseiro e artesanal, individual e disperso. A produción de tecidos era de gran importancia. Pero había dúas categorías de estas actividades: unha localizada en unidades rurais a cargo de mulleres, que traballaban nas horas libres e para o consumo da casa ou o pagamento de rendas ós señoríos das terras; e outra a cargo de tecedoras profesionais dedicadas a iso"[1].

[1] VEIGA DE OLIVEIRA, E; GALLANO, F. ; PEREIRA, B. : Tecnología Tradicional Portuguesa / O linho, Lisboa: Etnologia 1, 1978.

A principios do século XVIII o cultivo desta planta constitúe, nunha Galicia superpoboada e cunha parcelamento difusa, a principal actividade económica do medio rural, empregándose as fincas máis selectas para os plantíos liñeiros. É mester resaltar neste desenvolvemento o traballo da muller que ademais de axudar ao home nos traballos do campo máis liviáns, leva a cabo as tarefas do fogar, coida dos animais domésticos, cultiva as hortas, e nas pausas que lle deixan estes traballos dedícase ao labor do liño. Polo tanto non resulta estraño pensar que das súas mans saian elaboradas mantas, colchas, lenzos de cama, mantelos, saias, medias, que posibilitan unha dispoñibilidade pecuniaria no marco familiar para



O Tascón

mercar as provisións necesarias para o seu sostén. Nos rexistros referentes a finais do século XVIII e inicios do XIX, a única exportación organizada na cidade de Lugo e a dos lenzos, e que o número de teares relacionados corresponde co das vivendas. Sen embargo xa a mediados desta centuria as condicións xa non son nada favorables para o liño, que debía ser traído doutras rexións e mesmo do estranxeiro a altos costos, por culpa da diminución paulatina dos sementados. En consecuencia e malia que o liño que produce o Reino de Galicia é coñecido por ser un dos máis especiais de Europa ao remate desta centuria e comezos da seguinte vaise producindo unha recesión da administración liñeira. O cultivo do liño resulta traballoso e caro, é dicir, procésase en formas propias dunha organización económica precapitalista, o que da lugar a que a máquina moderna saia triunfante e, agás en situacións moi concretas, a industria caseira dos tecidos vaia desaparecendo. Ademais a decadencia deste cultivo ven agravada pola importación do algodón, fibra máis barata o que provoca unha entrada importante.

No século XX houbo recuperacións momentáneas do liño. A primeira foi logo da 1ª Guerra Mundial debido ao alto prezo das teas industriais, aínda que o retroceso do liño era xa tan intenso que resultou difícil atopar liñaza para sementar[2]. A Guerra Civil e a 2ª Guerra Mundial tamén obrigaron a recuperalo ata o lustro 1950- 55 finando a partir do ano 1960 debido a rápida expansión das fibras artificiais. De todos os xeitos na década dos setenta aínda botan algo por costume en Vilarmeao, Requeixo e Ramil, na serra de Covelo (Ourense). Por outra banda o movemento dos teares segue en lugares de A Coruña e Pontevedra e, especialmente, nas terras luguesas de A Fonsagrada máis xa cunha ambición case de autoconsumo. Así mesmo é mester salientar a arte popular exercida na Costa da Morte (Camariñas), grazas ás palilleiras, que executaron os encaixes de liño. Nos últimos




A tasca. Foto sacada do libro de Ana Belén López Pérez: "O liño e as foliadas en Vilalba"

lustros cómpre sinalar as experiencias de asociacións como a das mulleres de San Bartolomeu de Insua (Vilalba), que tentan proxectar ao exterior o desenvolvemento deste cultivo, para que as novas xeracións saiban non só

[2] MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: Antropoloxía de Galicia, Vigo: Xerais, 2000, páx.204.

como era a súa dinámica, senón tamén o esforzo que levaba, ata acadar o produto. Tamén, é mester mencionar a algúns museos, que teñen entre as súas referencias ao liño. Así podemos mencionar o museo de San Paio de Narla (Friol), ao da Fonsagrada, ao do Saviñao e, como non, ao micromuseo de Anseán (O Corgo), que xorde como froito dunhas xornadas sobre o liño, organizadas pola Asociación Arumes de O Corgo, a finais da década anterior.

## IV. PROCESO DE ELABORACIÓN DO LIÑO

" A necesidade de facer fronte a un elevado volume de traballo en determinadas épocas do ano, dou lugar a que a maioría das comununidades agrarias, e ata épocas ben recentes, o solucionasen por medio da axuda de parentes e veciños, que na maioría dos casos se atopaban na mesma tesitura. Non cabe a menor dúbida de que se trata dunha fórmula na que priman as relacións de parentesco, amizade e veciñanza, e que supón un aporte non só de man de obra, senón tamén de instrumental en moitos casos, xa que se acode con ferramenta propia.

Evidentemente non hai unha remuneración económica polo traballo levado a cabo, o pago dese favor faise coa axuda no momento no que se precise.

Así mesmo, todas estas xuntanzas eran un acontecemento social, xa que ó remate do traballo ofrecíase unha comida que, con frecuencia, remataba nun baile. Estas reunións eran mal vista polas autoridades eclesiásticas, que chegaron incluso a prohibilas, a pesares de que esta oposición da igrexa non tivo unha fonda repercusión.

Este sistema de axudas era empregado en varias fases do proceso de transformación da planta do liño, especialmente nas espadelas e fías, realizadas exclusivamente por mulleres, que levaban instrumental de seu…" [3].

### 1. PREPARACIÓN DA TERRA

Nos seus inicios o liño precisa terreos fértiles nos que haxa unha rotación con outros cultivos -preferentemente gramíneas e pataqueiras- nun ciclo de seis ou sete anos. A variedade téxtil, que é a máis usada, require un clima fresco e húmido así como unha pluviometría regular durante todo o ano. Por outra banda, a terra que vai recibir a semente ten que levar previamente un labor idóneo con varias pasadas de grade, para que o chan quede aireado. Ademais, ten que ser rica en humus, provista de regas, exenta de calcaria, ben cavada, enriquecida con estercos naturais ou órgano-químicos axeitados, recursos que van a restituír a carencia de potasa, fósforo, calcio... [4]

### 2. A SEMENTEIRA

A semente bótase polo mes de maio a boleo ben xunta, espesa, nunha cantidade aproximada de 135 quilos por Ha, e acháiase cun angazo de madeira ou ferro. Cómpre que caia ben xunta para que logo o liño enfíe ben. "O liño sementábase en Maio en terras boas e ben regadas, preferentemente en lugares chairos. Dábase primeiro unha cava con ligonas botándose a seguir o esterco. Sementábase a liñaza e dábase coma remate, unha man de trollo para achanzar. Namentres medra o liño só era preciso coidar de regalo" [5]. Nalgunhas comunidades vilalbesas dicíase que, para saber se estaba ben, podíase mollar o dedo polgar e poñelo sobre a terra sementada, tendo que saír nove grans pegados ao dedo [6].



A Ripa

[3]RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel e SÁENZ-CHAS DÍAZ, Mª Belén.: " Traballos de axuda mutua e relacións sociais: O lino no Val de Vea ( A Estrada, Pontevedra)", en Encontros coa Etnografía, Edt, Toxoutos, Noia (A Coruña), 2005, páxs.175-200

[4] GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: Ob. cit., , páx. 18.

[5] SIXIREI PAREDES, Carlos.: San Cristobo de Xavestre. Chequeo a unha comunidade rural, Sada (A Coruña): Ed. do Castro,1982, páx.137.

[6]LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén.: Ob. cit., páx. 13.

## 3. A MONDA

A planta nace entre os tres e os oito días de realizar a semente, necesitando algunha sacha e novas regas, cando acada os 12 cm. Aproximadamente aos doce días da semente a planta alcanza unha altura de 15 a 20 cm. É o momento no que se leva a cabo a monda, tarefa que ten como finalidade arrincar as malas herbas e consolidar a raíz do liño.“ Todas las mujeres iban de rodillas con sacos sacando las hierbas. Esto se llamaba “a monda”; era el sacar las hierbas del lino…, era labor de mujeres” [7]. Este labor realízano as mulleres, que se sentan por riba da planta, ben poñendo unha manta debaixo, ou dun xeito directo coa saia. Desta maneira o liño queda deitado mais aos poucos días érguese ficando un campo moi verde.

Nalgúns lugares de Galicia o liño non necesitaba regas xa que se sementaba nunha terra moi húmida, mais noutros lugares – como a Limia Alta (Ourense)- regábase aos oito días de sementado e seguía a se regar cada oito días ata que se arrincaba[8].

## 4. A ARRIGA

No mes de Xuño florece o liño; a flor é de cor azul ou violeta e ten uns tres cm. de diámetro. Tamén vai saíndo a bagaña, que é unha especie de capsuliña, onde se encontra a liñaza. Chega así o mes de xullo e a planta acada unha altura de 40 cm. Neste intre realizase a arriga, que ten que levarse a cabo denantes da maduración completa da bagaña. A arriga consiste en arrincar do chan a raíz da planta do liño. Esta tarefa é propia de mulleres, aínda que se é mester interveñen tamén homes. Este traballo comeza cando nun canto da herdade colócanse varias mulleres unhas ao carón das outras e, coas dúas mans, collen un mangado de plantas, tirando a modiño delas ata que se desprende a raíz; logo sacódenas contra si para que se libere a terra, e van deixando os mangados atrás ata formar un feixe[9].



Restrelos

## 5. O RIPADO

Os mozos son encargados desta tarefa, na que poden intervir tamén mulleres, se non hai suficientes homes. Para o ripado lévanse os feixes ás airas e alí desátanos. A continuación, sepárase a bagaña do liño co ripo ou ripanzo, unha especie de peite vertical de madeira de castiñeiro, provisto de dentes serrados e longos, e disposto no medio dun banco de catro patas. Neste aparello traballan dous mozos, sentados de cara e cunha perna por cada flanco; ambos os dous collen os seus mangados de liño polo raíz, e bátenos alternativamente contra o peite, para que se vaia desprendendo a semente. Esta vai caendo enriba dunha colcha ou manta, que se coloca no chan baixo o ripo.” O liño arrincábase para ripar, é dicir, sacarlle a namiña, que se levaba para casa onde secaría ao sol e abriría soltando a liñaza. Esta cribábase e peneirábase gardándoa para sementar no ano seguinte” [10] Logo, mentres o liño se volve poñer en feixes e atar da mesma maneira, que cando se trouxeron da terra; a bagaña ponse en calquera lugar escuro para que fermente. Algún tempo despois, sácase a bagaña ó sol para que seque. O efecto da calor dá lugar a que se abra o coaño e deixe caer a liñaza, que se garda para a semente do ano seguinte, logo de que quede ben limpa. Se hai excedente véndese na feira. A liñaza usábase para facer cataplasmas, que aliviaban a tose e outras doenzas ligadas coa gorxa e os xeonllos.

## 6. EMPOZAR O LIÑO

Despois de ripar o liño, transpórtase en feixes ao río ou a unha poza existente no lugar. Chegados alí, vanos botando a auga e tapando cunhas ramas de bidueiro ou salgueiro, e con pedras. O liño queda na auga de 10 a 15 días, dependendo da temperatura da auga, para que podreza a casca de fora da planta pola acción microbiana. É vixiado a diario, e para saber cando está listo para ser sacado da

[7] LISÓN TOLOSANA, Carmelo.: Antropología cultural de Galicia, Madrid: Siglo XXI, 1971, páx. 125.

[8] MANDIANES CASTRO, M.: O Fiadeiro na Limia Alta, Grial, Ourense, 1985.

[9] LORENZO, Xaquín.: Os Oficios, Vigo: Galaxia, 1983, páx. 228.

[10] SIXIREI PAREDES, Carlos.: Ob. cit., páx.137



Diferentes variantes de restrelos. Casa de “Lolo”(Anseán)

auga, cóllese unha presa e apértase, se queda pegada xa se pode sacar[11]. Nalgunhas comunidades o tempo de empozado é menor.“ Xa desnabiñado, o liño lévase ao río onde botará, posto na auga, nove días nun lugar onde no haxa lama. Compre que colla ulido antes de quitarlle a tona de fora”[12]. Noutras podía chegar ata corenta días. “…Primeiro empózano: méteno en auga, para que pobreza a casca, de seis a corenta días” [13].Por outra banda, como na maioría das localidades tanto o arrincado da planta, como a ripa e o empozado levábase a cabo no mesmo día, era habitual que o dono da casa, onde tiveron lugar estas tarefas, dese unha cea aos que interviñeron nestes labores; ás veces, logo había algo de troula: “ Después de correr os liñares, meter o liño en el río en unhas covas o buracos tenían gaita e baile, e farra á noite”[14] .

## 7. A SECA DO LIÑO

Logo de que o liño coceu na auga, lévase en feixes a un campo o a un prado, onde se desfán e vanse espallando en carreiras ao sol, formando un tendal, no que permanece o liño ata que o sol o seque, operación que ven durando uns catro ou cinco días. Unha vez enxoito enféixase de novo e lévase para a casa, onde é gardado nun alpendre ou palleira.

## 8. A MAZA DO LIÑO

Este labor ten como finalidade estragar as partes leñosas da planta para que queden libres as febras aproveitables. Nos seus inicios o liño mallouse co mallo ou manle. Tratábase dun apeiro de labranza composto de dúas pezas de madeira: a mangueira ou moca, que podía ser de salgueiro, e a pértega, de carballo; ambas as dúas estaban unidas por unhas correas de coiro (casulas). Os malladores dispúñanse na aira en dúas ringleiras, uns fronte aos outros e co liño no medio; cando uns baixaban o mallo os outros levantábano. Esta tarefa adoitaba facerse ao mediodía, cando máis quentaba o sol, e adoitaba poñerse o liño coa raíz para arriba e ben apertado.

Logo, usouse un instrumento de pau curto e



Uso de Restrelo

[11] LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén.: Ob. cit., páx. 16.

[12] SIXIREI PAREDES, Carlos.: Ob. cit., páx. 137.

[13] MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: Antropoloxía de Galicia, Vigo: Xerais, 2000, páx.204.

[14] LISÓN TOLOSANA, Carmelo.: Ob. cit., páx. 125.

contundente con forma de martelo, que recibía o nome de maza ou mazuco duns 40 cm., realizado en madeira de freixo, salgueiro ou bidueiro. Para manexar a maza cumpría posuír unha boa resistencia, xa que pesaba moito. A operación da maza realizábase en mazadeiros ou mazadoiras, mesas de pedra, que se encontraban nas portan dalgunhas casas; tamén, na primeira lousa que se tivera a man. O mazado pódese explicar do seguinte xeito: "o mazadeiro/a toma un mangado de liño polo extremo do mesmo e pono sobre a pedra. Daquela procede a sacudilo coa maza, poñendo atención de facelo xirar para que mace de modo uniforme por tódalas partes. Ao remate, colle de novo o mangado polo outro extremo do brazado e repite o mesmo, ata que queda ben batallado. Entón o mangado recibe o nome de maza ou mazado, ao que lle fan nun lado unha especie de moño ou nó, quedando con el cara arriba, que quere dicir: liño mazado. Cada dúas mazas forman un par e cando a muller remata con doce pares -24 mans ou mazas-, enféixanse formando un augadoiro"[1]. Nalgunhas comunidades tamén se levaba a cabo a remaza, que consistía en repetir a tarefa da maza coa finalidade de acadar unha maior perfección no resultado. Con todo, ás veces o liño non quedaba branco ao rematar estes labores, polo que había que empozalo de novo. Así, atado en augadoiros metíase de novo na auga durante catro ou cinco; logo, levábase a un campo, onde se espallaba, enxugaba mais sempre conservándoo en pares; xa enxoito, enfeixábase do mesmo xeito e levábase para a casa. Ás veces, nalgunhas localidades – Rois (A Coruña) – empregouse un aparello de madeira, que movía unha persoa cos pés, namentres que outra vai poñendo presas do liño entre os dentes[2].



Meadas

Nalgunhas bisbarras para mazar o liño usouse o mazote, tamén denominado trillo do liño. Era un aparello de catro patas, que levaba varias táboas transversais cun eixe común e que encaixaban unhas nas outras; a metade quedaban fixas e as outras elevábanse por medio dunha travesa cun mango. Entre elas íase colocando o liño, que se mallaba rubindo e baixando a parte móbil do aparello[3]. Tamén nalgunhas localidades galegas utilizouse un aparello de madeira, de forma cilíndrica, e cun mango na súa parte inferior.

## 9. A DELUBA

No outono lévase a cabo este labor despois da cea na cociña ou nun corredor da casa. Adoitan intervir mozos e mozas da mesma parroquia e das veciñas. Mentres que as mulleres teñen "un rol" activo neste labor, pola contra os homes mostran " un rol pasivo" no labor mais activo na animación da xuntanza.

A tarefa podemos resumila do seguinte xeito: unha muller desfai un augadoiro e vai repartindo un par a cada persoa que deluva. O par toma o nome de estriga. Para deluvar, cóllese a estriga coas dúas mans, unha por cada extremos, e refréganse con forza, para que o liño perda a parte leñosa, que quedou logo da maza. A medida que se vai deluvando unha estriga, retórceselle unha punta e ponse de pé a un lado, como se fixo cos pares na maza. Ao se axuntar dezaoito estrigas, átanse formando un feixe, que agora se chama afusal. Ao rematar o traballo, os afusais gárdanse case sempre nun alpendre[4].

## 10. A ESPADELA E A TASCA

Nos últimos meses do ano realizábase a espadela. Era un labor comunitario, que tiña lugar normalmente no patio da casa ou nunha dependencia caseira. As mozas que participaban, aportaban os seus aparellos: espadeleiros e espadelas. O espadeleiro está formado por unha táboa de castiñeiro, que amosa o bordo superior afiado, e que está espetada perpendicularmente a outra, que lle serve de apoio. A espadela, que recibe tamén o nome de "rela" nalgunhas

[1] 1 GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: Ob. cit., , páx. 44.

[2] GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: Ob. cit., , páx. 42.

[3] LORENZO, Xaquín.: Os Oficios, Vigo: Galaxia, 1983, páx. 232.

[4] LORENZO, Xaquín.: Os Oficios, Vigo: Galaxia, 1983, páx. 232-233.




Espadela

comunidades, e un aparello que asemella a unha especie de coitelo, ancho e curto, realizado case sempre con madeira de carballo; adoitan amosar ornamentos variados como as rocas e os fusos. Para espadelar, as mulleres poñíanse de xeonllos no chan co espadeleiro diante e coa espadela na man dereita. Ao mesmo tempo, unha muller desataba un afusal e ía dando unha estriga a cada espadeleira. Logo, esta poñía no bordo superior do espadeleiro a porción de liño –estriga– e golpeábao verticalmente coa espadela para retirar os tomentos ou febras defectuosas. Estes eran aproveitados denantes para facer saias ordinarias, cirolas dos homes ata que foron abandonados pola baixa calidade. Ao rematar este labor bailábase e cantábase no propio lugar do traballo e, tamén, contábanse contos e narracións. "Ao remate da espadela, que consiste en mazar no liño cun xeito de espada de madeira, fanse as estrigas, presas de febras pequenas e ben arroladas, que se metían no forno para pasalas logo polo tascón"[5].

Este proceso segue co tascado, que non é máis ca unha segunda espadela, aínda que máis perfeccionada , realizada na casa , e sen tanto ritual como a primeira. Nalgunhas localidades e concellos, como o do Corgo, usábase unicamente "a tasca", realizada cun instrumento moi sinxelo, denominado tascón. A nivel xeral, este estaba formado por un banco de madeira sobre o que ía espetado perpendicularmente, ben no centro ou nun dos lados, unha pequena táboa de madeira. No Corgo, ían cravadas perpendicularmente sobre o banco dúas pequenas táboas de madeiras. Neste aparello podía traballar unha moza o dúas segundo o número de táboas, que estivesen espetadas no banco. Neste concello o habitual era que dúas mozas, sentadas cunha perna por cada flanco do banco, pasasen con forza e repetidas veces as estrigas do liño sobre cadansúa táboa vertical. Deste labor saía unha estopa basta, chamada tasco ou tarasco, que nalgunhas ocasións empregaban para realizar os fiados dos sacos ou as cordiñas utilizadas para atar os chourizos[6]. Ao rematar a tasca o liño volvía quedar gardado en afusales e estrigas.

## 11. O RESTRELO




Rocas e fusos. Foto sacada do libro de
Ana Belen López Pérez: " O liño e as foliadas en Vilalba"

[5] SIXIREI PAREDES, Carlos.: Ob. cit., páx. 137.

[6] GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: Ob. cit., , páx. 53.

O seguinte paso consiste en asedar o liño. Polo tanto, úsase o restrelo, consistente nunha táboa de madeira, que amosa molduras cóncavas e convexas e que leva cravados na súa parte superior uns dentes de ferro – uns máis grosos e afastados e os outros máis finos-. As persoas encargadas deste labor pasan as estrigas do liño, unha a unha, por estes dentes de ferro, espetándoas neles e puxando ata acadar que as fibras queden ben alisadas e libres de asperezas. Nos dentes do restrelo vai quedando a estopa, que



Roca Decorada. Casa de "Lolo"

se retira a un lado e que logo se emprega non só para realizar un tecido máis basto, senón tamén para outros usos: tapar os billotes das cubas e dos toneis; pechar as fendas dos recipientes de madeira mesturándoa con sebo, calafatear as embarcacións… Logo de asedar unha estriga, tórcese e doméase á metade, tomando entón o nome de manela. Cando un conxunto delas pesa libra e media, átanse nun feixe, que recibe o nome de meada. Así mesmo da estopa fanse uns rolos, que se chaman manelas ou meados, que se gardan separados do liño e que xa están dispostos para ser fiados. Esta angueira é levada a cabo polos membros da casa nos seus tempos libres. Neste intre, temos xa o liño disposto para ser fiado, logo de nos dar unha serie de subprodutos: tomentos, tascos, estopa e liño, sen contabilizar a liñaza e o coaño [7].

## 12. A FIADA

Para fiar o liño as mulleres utilizaban as rocas e os fusos. A roca, realizada normalmente con madeira de amieiro, vimbio ou sanguiño, consta de dúas partes: a vara e o recó; a primeira é unha cana larga e delgada, que vai dende a cintura ata o ombro da muller, que fía; o reco, situado na parte superior, amosa unha cabeza, ben fixa ou postiza, de diversas formas; hai rocas ornamentadas con debuxos xeométricos en varias cores, mostras importantes da arte popular. O fuso tamén é un aparello de madeira de forma cónica, que presenta un vértice de ferro ou de madeira, segundo se use para o liño ou para a lá; na parte inferior acostuma levar unha arandela de madeira, oso ou ferro, para evitar que se deslice o fío consonte se vai envolvendo.

Para fiar o liño a muller desenvolvía inicialmente unha manela e envurullábaa ao redor do recó; logo introducía a canivela da roca, no lado esquerdo, pola fita do mandil; coa man dese lado ía collendo as febras namentres que coa man dereita tiraba do fío ata extraer dúas cuartas de longo; entón suxeitábao no fuso e o fío íase retorcendo e envurullando a el. A fiandeira, para retorcer o fío, facía xirar o fuso entre os dedos polgar e índice da súa man dereita mentres que coa esquerda seguía sacando as febras, que se fiaban. Cando se fixo unha certa cantidade de fío, envólvese a parte media do fuso e séguese deica se enche de fío. Ao rematar de fiar unha manela extraese do fuso o fío todo xunto, e así resulta unha mazaroca [8]. Por outra banda, aínda que nalgunhas casas usaban rodas de fiar, sen embargo a utilización do fuso fíxose bastante extensiva xa que custaba menos, e ademais podía empregarse mentres a muller levaba a cabo outras tarefas: vixiar o gando, preparación do xantar, reparar na propiedades etc.

Cando a fiada tiña un carácter comunitario, entón o dono da casa dáballes unha cea ás mozas, que interviñan no labor, e adoitaba poñer á cociña ou

[7] LORENZO, Xaquín.: Os Oficios, Vigo: Galaxia, 1983, páx. 236.

[8] LORENZO, Xaquín.: Os Oficios, Vigo: Galaxia, 1983, páx. 241.

ben outro espazo da casa para que houbese troula[9] "La forma de corresponder al trabajo de las rapazas lugareñas fiando el lino en provecho propio ha consistido en ofrecerles una cena y poner a disposición la cocina para que con los mozos tengan baile"[10].

## V. CONCLUSIÓNS AO ARTIGO

No proceso de elaboración do liño, había traballos comunais, nos que participaban os veciños da parroquia ou os máis próximos a casa, dependendo da maior ou menor cantidade de liño sementado. Esta cooperación tiña un claro fundamento na reciprocidade, polo que era gratuíta. Isto motivaba que o veciño, ao que se lle ofrecía a axuda, daba unha comida polo traballo e ademais quedaba obrigado a participar nos traballos daquelas persoas que viñeron ao seu favor. En moitas comunidades galegas os traballos de axuda mutua, polo menos nun primeiro momento, tiveron lugar nas arrigas, nas espadelas ou tascas, e nas fiadas. O día da arriga, levábase a cabo tamén o ripado e empozado do liño; isto daba lugar a que a casa necesitase de máis xente do que ela podía proporcionar. No Corgo hai constancia deste labor comunal, e da intervención da muller en todo o proceso de elaboración do liño; o home só interviña ocasionalmente no proceso de o ripado e o empozado; tamén hai referencias de que nas tarefas de índole comunal – como a xa citada -o dono da casa dáballe aos de fora a comida mais non hai alusión a troulas, e bailes, algo que había noutras comunidades. Por outra banda neste concello, mazábase o liño cun mazo de madeira de forma paralelepípeda irregular, que ía provisto dun mazo longo e flexible[11]; nalgúns casos tamén se empregaba "o mazote"[12]. Logo, realizábase a tasca mais non a espadela[13]. Finalmente, a fiada levábana a cabo as mulleres dun xeito individual no decurso do ano.

## VI OUTRAS ILUSTRACCIÓNS



Unha tasca nos anos trinta do século pasado. Colección do "I.E.S.CH" (Instituto de Estudios Chairegos. Vilalba)

[5] Tanto os fiadeiros, as tascas e outras tarefas comunitarias ligadas ao liño van a ser tratadas na segunda parte do traballo.

[10] LISÓN TOLOSANA, Carmelo.: Ob. cit., páx. 132.

[11] Ver explicación "Maza do Liño". Maza, mazadeiros.

[12] Ver explicación "Maza do Liño". Mazote.

[13] Ver explicación "Espadela" e "Tasca"



S. Pedro de Río- A Fonsagrada. Algúns aparellos do liño (Mazo. Sarillo. Tascón. Mazote. Restrelo). Anos trinta do século pasado Fotografía de Walter Ebeling (1928-1933) Do libro: "A terra e os homes".



Mazando o liño. "Lembrazas. Eva Crespo". Anos 30 do Século XX



Espadelando o liño. "Lembrazas. Eva Crespo". Anos 30 do século XX

## BIBLIOGRAFÍA

EQUIPO "IR INDO" (Varios).: Galicia en Comarcas, Vigo: Ir Indo, 2005

GAGO ÁLVAREZ, Castor.: El lino textil: una alternartiva para Galicia, Informe, Verín, 1987.

GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: Galicia Artesana, León: Ed. Everest, 1987.

GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: Guía de la Artesanía de Galicia, Madrid: Ministerio de Industria, 1984.

GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel.: O Liño, Vigo: Ir Indo, 1992

LISÓN TOLOSANA, Carmelo.: Antropología cultural de Galicia, Madrid: Siglo XXI, 1971.

LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén.: Arte popular en Galicia, Madrid: Ed. Silex, 1982.

LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén.: O Liño e as Foliadas no Concello de Vilalba, Lugo: Deputación Provincial, 1993.

LORENZO, Xaquín.: Os Oficios, Vigo: Galaxia, 1983.

MANDIANES CASTRO, M.: O Fiadeiro na Limia Alta, Grial, Ourense, 1985.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: Antropoloxía de Galicia, Vigo: Xerais, 2000.

RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel e SÁENZ-CHAS DÍAZ, Mª Belén.: "Traballos de axuda mutua e relacións sociais: O lino no Val de Vea ( A Estrada, Pontevedra)", en Encontros coa Etnografía, Edt, Toxoutos, Noia (A Coruña), 2005.

SAAVEDRA, Pegerto.: Voz. "Lino", G.E.G., t. XIX, Santiago, 1984.

SIXIREI PAREDES, Carlos.: San Cristobo de Xavestre. Chequeo a unha comunidade rural, Sada (A Coruña): Ed. do Castro,1982

VEIGA DE OLIVEIRA, E; GALLANO, F.; PEREIRA, B.: Tecnología Tradicional Portuguesa / O linho, Lisboa: Etnologia 1, 1978

XIZ, Xulio.: O Corgo, amplo horizonte, Lugo: Concello de O Corgo, 2007.

# ENTRE A TERRA DE CHAMOSO E A RIBA DE NEIRA: ORGANIZACIÓN TERRITORIAL (séculos VI a XX ) (CONTINUACIÓN)

López Arias, Xaime Félix
Meste, Graduado Social, Licenciado en Dereito,
Profesor de ensino de Adultos (xubilado)
Avogado en exercicio en Sarria

## 12 . AS PARROQUIAS DO ACTUAL CONCELLO DO CORGO

01

### SAN BARTOLOMEU DE ABRAGÁN

(S. XVII) Formaba parte da Xurisdición da Pobra de San Xiao, no Marquesado de Sarria.

1816.- Pertencía á parroquia de Santa María Madalena de Escoureda. A Capela de San Bartolomeu de Abragán era de presentación do Real Mosteiro de Samos, coa soa obriga de tres misas e a administración de Sacramentos. O número de fregueses era de tres veciños no lugar de Abragán. Pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao.

DICIONARIO MADOZ/1845). Abragán (San Bartolomeu). Freguesía na provincia, diocese e partido xudicial de Lugo (3 légoas) e concello do Corgo. SITUACIÓN: Non moi distante do río Neira; CLIMA seco; 143 CASAS (¡..!) de medianas comodidades e algo espalladas, constitúen as aldeas de Abragán, Lago e Laguiño; a súa igrexa parroquial (San Bartolomeu) é bastante ampla, e o cemiterio en nada prexudica á saúde pública: o curato é de entrada e de padroado real e eclesiástico; os dezmos percibíaos a extinguida Comunidade de Samos, que se axustaba cos párrocos máis de preto para que administrasen o pasto espiritual: no día desempeña este encargo (en vacante) o Vigairo de Santa María Madalena de Escoureda. O seu termo está enclavado no da antiga xurisdición da Pobra de San Xiao. O TERREO, de mediana calidade e está regado por varios regueiros que levan as súas augas ao citado Neira, é fértil; os CAMIÑOS son veciñais e mal coidados: O CORREO recíbeno polo Corgo; PRODUCIÒNS: Centeo, millo, patacas, liño, castañas e algunhas outras froitas e verduras; cría gando de varias especies; POBOACIÓN: 142 veciños (¡..!), 615 almas (¡... ! ). CONTRIBUCIÓN: Co seu Concello.

(Nota: Hai grandes erros no número de casas, veciños e habitantes).

<u>Censo de 1873</u>

ABRAGÁN.- (aldea: 4 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 5 casas)

COEDO. - (aldea: 2 casas habitadas.Total: 2 casas)

LAGO. - (aldea: 5 casas habitadas, 1 deshabitada Total 6 casas)

LAGUIÑO.- (aldea: 3 casas habitadas Total: 3 casas)

(Total da parroquia: 14 casas habitadas, 2 deshabitadas.Total:16 casas)

Lugares en 1981: Abragán; Coedo; Lago; Laguiño.

<u>Datos eclesiásticos</u>

(1755) San Bartolomeu de Abragán: Vicaría de provisión do Mosteiro de Samos, que paga ao cura.

(1915) Figura desaparecida como parroquia eclesiástica, e a igrexa vese reducida a Capela baixo a advocación de San Bartolomeu.

<u>Casas</u>

1753 (.....); 1816 (3); 1845 (.....) 1873 (16); 1981 (19)

<u>Poboación:</u>

1840 (¿) 1887 (97) 1900 (101) 1910 (108) 1920 (119) 1930 (112) 1940 (110) 1950 (140) 1960 (86) 1970 (85) 1981 (73) 1991 (68) 1996 (72) 2013 (55).

02

### SANTIAGO DE ADAI

F(S. XVII) Era cabeza da Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.



Campo da feira de Adai (arquivo fotográfico Mario Outeiro)

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- A Vila coñecida como A Pobra de Adai, era cabeceira da Xurisdición da Pobra de Adai, integrada no Marquesado de Sarria. A parroquia era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 5 reais e 17 marabedís por dereito de pedido. Estremas da parroquia: Pena de Cachapelo.- Pena da Regueira.- Pena de Porcaxín.- Pena de Raxos.- Pena de Pumariño.- Pena de Monte Vello.- Pena da Laxa Branca.- Pena de Fonte Cachaza.- Pena do Barreiro.- Pena da Chousa de Riba de Neda.- Fonte da Presa de Pedro Álvarez.- Marco da Ponte de Ferradal.- Presa de Don Mateo, río arriba ata a Presa de Cachapelo. Había 22 casas habitadas e unha arruinada e 18 unidades familiares. Actividades: Muíño das Aceas, de 3 rodas, de Francisco Sánchez. 8 colmeas. Escribán: Xoán Cedrón e Valcarce. Siseiro do viño: Xoán Marques. Estanquilleiro: Xoán Marques. Peleteiro: Xoán da Silva.

DICIONARIO MADOZ (1845).-Vila na provincia, diocese e partido xudicial de Lugo (2 légoas) no Concello do Corgo (1) e capital da extinguida xurisdición do seu nome. SITUACIÓN: En terreo chán e ventilado o seu CLIMA é san; 25 CASAS bastante humildes constitúen esta poboación; a igrexa parroquial (Santiago Apóstolo) ten por anexo a Santa María de Piñeiro; o curato é de entrada e de padroado leigo; o seu curto TERMO non escasea de auga e o TARREO é de mediana calidade; os CAMIÑOS veciñais mal coidados e o CORREO recíbese polo Corgo. PRODUCIÓNS: centeo, millo, nabos, patacas e algunhas legumes; cría gando con especialidade de vacún. Poboación: 26 veciños; 134 almas. CONTRIBÚE co seu Concello .

Censo de 1873

AS ACEAS (*)- (casa/muíño: 2 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 3 casas).
ADAI.- (aldea: 28 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 29 casas).

Total da parroquia: 30 casas habitadas. 2 casas deshabitadas. Total: 32 casas.

Lugares en 1981.- Adai

Datos eclesiásticos

(1755).Parroquia no Arcipretado de Maestrecolía, teno por anexo a Santa María de Piñeiro.

(1915) Parroquia principal, no Arciprestado de Maestrescolía, tiña por anexo a Santa María de Piñeiro. Poboación: 296 habitantes. Dotación: 850 pesetas,e 236 pesetas de fábrica. Era de padroado leigal do Conde de Lemos. Párroco: Manuel Iglesias Mourenza. Tenente Alcipreste.

Casas

1753 (23); 1845 (25); 1873 (32); 1981 (61)

Poboación

1840 (134) 1887 (158) 1900 (226) 1910 (222) 1920 (230 ) 1930 (231) 1940 (248) 1950 (251) 1960 (226) 1970 (126) 1981 (118) 1991 (113) 1996 (116) 2013 (73).

03

## SANTALLA DO ALTO (SANTALLA DO PICATO)

(S. XVII) Era da Xurisdición da Pobra de San Xiao, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 30 ferrados de centeo e 5 reais e medio en cada un ano. Estremas da parroquia: Marco do Cotón.- Castro de Vigo.- Cancela de Albar.- Castro de Castrillón.- Cruz da Lama Grande.- Marco de Audeiro.- Cruz da Lamacova.- Pontón do Crego.- Marco de Cotón. Había 27 casas e 27 unidades familiares. Actividades: Arrieiros de Viño: Domingos Díaz e Antonio Rodríguez. Xuíz da Xurisdición da Pobra de San Xiao: Pedro Sánchez das Seixas.

DICIONARIO MADOZ (1845) .- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN á esquerda no río Neira e preto do camiño de Lugo a Becerreá; CLIMA frío e seco; hai 30 casas distribuídas nos lugares da Casanova, Golás, Airexe, Riazor, Vigo e Vilar; a IGREXA (Santa Olalla) é matriz de San Salvador de Castrillón, e o Curato de entrada e padroado leigo; o seu TERMO confina co anexo, freguesía de San Pedro de Bande e o da antiga xurisdición de Láncara; o TERREO na extensión de 600 fanegas, so se cultiva en dúas terzas partes e é todo de mediana calidade; os CAMIÑOS locais están mal coidados; o CORREO recíbese no Corgo; PRODUCIÓN: millo, orxo, trigo, algunhas legumes; hortaliza, patacas e liño; CRÍA gando vacún e algo de lanar e porcos; POBOACIÓN; 29 veciños, e 147 almas.CONTRIBÚE, co seu Concello.

1873

ABELAIRA (* ).- (aldea: 2 casas habitadas, 2 casas deshabitadas. Total: 5 casas)

CASANOVA.- (aldea: 5 casas habitadas, Total: 5 casas)

FONTEBOA.- (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa)

GOLÁS.- (aldea: 10 casas habitadas, Total: 10 casas)

EIREXE.- (aldea: 4 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 5 casas)

LAMELAS (*).- (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa)

MUIÑO DE SAN XULIÁN (*).- (1 casa deshabitada. Total: 1 casa)

RIAZOR (*).- (aldea: 2 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 5 casas)

SANTALLA.- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

VIGO.- (aldea: 7 casas habitadas, 3 casa deshabitada. Total: 10 casas)

VILAR.- (aldea: 3 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 4 casas)

Total da parroquia: 39 casas habitadas e 10 deshabitadas. Total: 49 casas.

Lugares en 1981.- Casanova, Fonteboa, Golás, Eirexe, Santalla, Vigo, Vilar.

Datos eclesiásticos

(1755).- Curato de Santalla do Picato con San Salvador de Castrillón): Leigal do Conde de Lemos: 1.000 reais.

(1915) Parroquia anexa de Santa María de Vilaleo (Láncara), no Arciprestado de Picato. Poboación: 359 habitantes. Párroco: Manuel Pardo Caldeiro. Coadxutor: Manuel Sobrado Míguez.

Casas

1753 (49); 1845 (30); 1873 (55); 1981 (50)

Poboación

1840 (153 habitantes) 1887 (230) 1900 (156) 1910 (218) 1920 (202) 1930 (201) 1940 (279) 1950 (283)1960 (223) 1970 (171) 1981 (160) 1991 (154) 1996 (144) 2013 (114)

04

SANTA CATARINA DE ANSEÁN

( S. XVII ) Era da Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío do Conde de Lemos, que percibía 78 reais por vasalaxe e 9 reais por pedido. Estremas da parroquia: Marco de Castrelo- Carballeira do Marco- Balicán da Torre- Encrucilladas do Camiño



Ponte da Torre de Anseán sobre o río Mazandán (arquivo fotográfico Mario Outeiro)

Francés - Ronfe- Fonte do Xuro- Modorra de Bascuas- Ermida de Santa Isabel- Marco do Camiño Real de Lugo- Cagaboi- Fonte das Uceiras- Pasos do Medio- Arroxo abaixo ata a Fonte de Razoás- Quintián- Marco de Castrelo.- 18 casas e 18 unidades familiares. Actividades: Muíño da Torre, de 2 rodas (Santiago Fernández); Muíño da Torre, de 2 rodas (Inacio do Pacio); Batán da Torre, de Santiago Fernández.- 29 colmeas.- Estanquilleiro: Antonio Fernández: Ferreiro: Antonio López

DICIONARIO MADOZ (1845) .- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoas e media), Concello do Corgo (3 /4 légoa); SITUACIÓN: nunha chaira con atmosfera despexada e CLIMA san; comprende as aldeas e casas de Barreiro, Corral, Lamapullerira, Mourelle, Peizás, Portela, Quintela, Torre e Vilar, que son sobre 20 CASAS e unha igrexa parroquial (Santa Catarina), cuxo curato é de entrada e de padroado leigo; o TERREO é de terceira calidade e nunha parte inculto; os CAMIÑOS veciñais e abandonados; o CORREO recíbeo por Lugo e O Corgo: PRODUCIÓN: centeo, patacas, nabos, poucas legumes e froitas, mais abonda en castañas, cría gando vacún e porcos, poucas ovellas e cabras; POBOACIÓN: 31 veciños,153 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

EIREXE. (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada Total: 2 casas)

A VILA (*).- (casar: 1 casa habitada Total: 1 casa )

BARREIRO(*).- (casar: 1 casa habitada Total: 1 casa)

CORRAL.- (aldea: 5 casas habitadas Total: 5 casas)

LAMAPULLEIRA.- (aldea: 2 casas habitadasTotal: 2 casas)

MOURELLE.- (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada Total: 2 casas)

PEIZÁS. - (casar: 1 casa habitada Total: 1 casa )

PORTELA.- (casar: 1 casa habitada Total: 1 casa)

QUINTELA (*). (aldea: 2 casas habitadas, 1 deshabitada Total: 3 casas)

TORRE. (aldea: 2 casas habitadas Total: 2 casas)

Total da parroquia; 17 casas habitadas, 3 deshabitadas. Total: 20 casas

Lugares en 1981: Castro; Corral; Lamapulleira; Mourelle; Peizás; Portela; Torre.

Datos eclesiásticos

(1755) Parroquia principal no Arciprestado de Maestrescolía.

(1915) Parroquia principal, no Arciprestado de Farnadeiros, tiña por anexo a San Cosme de Manan de Abaixo. Poboación: 224 habitantes. Dotación: 850 pesetas e 236 pesetas de fábrica. Tornan na presentación a Súa Maxestade e o Conde de Altamira. Párroco: Tomás Escobar Suárez. Rexente: Pedro Fernández Castro.

Casas

1753 (18); 1845 (20); 1873 (34); 1981 (36)

Poboación

1845 (153) 1887 (171) 1900 (180) 1910 (215) 1920 (204 ) 1930 (173) 1940 (181) 950 (189) 1960 (165) 1970 (105) 1981 (107) 1991 (101) 1996 (93) 2013 (68) .

05

SAN PEDRO DE ARXEMIL

(S. XVII) Estaba dividida en tres Coutos: Arxemil, Perliños e Boelle.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Estaba formada por tres Coutos independentes entre si: 1. COUTO DE ARXEMIL: pertencía a Agostiño Henríquez, de Ourense, que percibía 4 reais de cada veciño, en total 40 reais. 2. COUTO DE PERLIÑOS: de Xosé das Seixas, que non percibía dereitos. 3. COUTO DE BOELLE: era de Señorío dos Condes de Lemos. Estremas da parroquia: Castro do Palmeiro - Pontón de San Miguel (Ponte de Madeira) - Río enriba ata o Marco da Cruz (+) - Marco da Cerra dos Carrizos - Casa de Alexandre de Neira de Santa María de Piñeiro - Marco Maxeiro - Pena Rodrigo - Marco de Moutoreo - As Grobas - Arroxo do Porto Cabalar - Pena da Laxe do Castro (+) - Marco da Pedra Chantada - Pena do Pozo da Ínsua - Río enriba ata Carraliños - Castro do Palmeiro. Había 23 casas e 25 unidades familiares. Actividades: Batán: de Alexandre de Neira, presbítero, de Santa María de Piñeiro; Muíño do Batán: de 1 roda, do mesmo dono; Muíño de Laxela, de 1 roda, propiedade do párroco Luís Teixeiro. Muíño de Neda, de 1 roda, do presbítero Diego Arias de la Peña. Había 26 colmeas

DICIONARIO MADOZ (1846): Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoas e media) e Concello do Corgo (1 légoa). SITUACIÓN en terreo húmido. Comprende os lugares de Arxemil, Boelle, Neda e Perliños; a súa igrexa parroquial (San Pedro) é matriz de Pedrafita e Chamoso; o seu Curato de entrada e de padroado leigo; confina cos seus citados anexos, San Mamede e San Bartolomeu; o TERREO é fértil e regado por varios arroios que levan as súas augas ao Neira; os CAMIÑOS locais e maos; O CORREO recíbese pola capital do partido; PRODUCIÓN: centeo, millo, patacas, algunhas legumes e combustible; CRÍA gando vacún, lanar e porcos; hai un mal muíño. POBOACIÓN: 22 veciños, 109 almas. CONTRIBUCIÓN: co seu Concello.

Censo de 1873

ARXEMIL.- (aldea: 24 casas habitadas, 2 deshabitadas Total:26 casas)

BOELLE. (aldea: 3 casas habitadas, 1 a deshabitada Total: 4 casas)

MUIÑO DA PEDRA (*).- (1 casa deshabitada. Total: 1 casa)

MUIÑO DE TALLOS (*)- (1 casa deshabitada. Total: 1 casa)

NEDA.- (casa: 1 casa habitada. Total: 1 casa)

PERLIÑOS (* ).- (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas)

Total da parroquia; 31 casas habitadas e 5 deshabitadas. Total: 36 casas. Lugares en 1981.- Arxemil ; Boelle ; Neda ; San Martiño.

Datos eclesiásticos.

(1755) Parroquia principal no Arciprestado de Mestrescolía. Tiña por anexos a San Bartolomeu de Chamoso e San Miguel de Pedrafita.

(1915) Parroquia principal, no Arciprestado de Maestrescolía, tiña por anexo a San Miguel de Pedrafita. Poboación: 375 habitantes. Dotación: 850 pesetas e 236 pesetas de fábrica. Tornaban na presentación a Súa Maxestade e o dono do vínculo de Arxemil e Pedrafita. Párroco: Xesús Pérez Gómez. Rexentaba tamén a Capela de San Bartolomeu.

Casas

1873 (23); 1846 (22); 1873 (36); 1981 (40)

Poboación

1840 (109), 1887 (210), 1900 (190), 1910 (199), 1920 (170)

1930 (205), 1940 (203), 1950 (210), 1960 (220), 1970 (150)

1981 (129), 1991 (93), 1996 (90), 013 (78)

06

SAN FIZ DE BERGAZO

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Señorío da Condesa de Lemos, que percibía 64 reais por vasalaxe e 5 reais de pedido. Estremas da parroquia: Marco do Carballo Redondo - Fonte de Laxes - O Escallo - Arroxo dos Pasos da Olga - Arroxo abaixo ata o Porto das Virtudes - Pasos do Pontido - Fonte da Veiga de Lamas - Marco da Lagoa Vella - Fonte do Pixigueiro baixo da Casa de Xoán Díaz de Serín e a carón da Casa de Pedro Chantres ata o Marco do Carballo Redondo. 14 casas e 14 unidades familiares. Actividades: Xastre: Xoán García. Zapateiro: Antonio López. Peliteiro: Xoán Díaz. Arrieiros: Pedro Villalba, Pedro Barbeiro. Taberna, do común dos veciños, servida por Antonio Barbeiro.

DICIONARIO MADOZ (1846). -Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (1 légoa e 3/4) e Concello do Corgo (media légoa); SITUACIÓN: á marxe dun dos afluentes do Miño; con CLIMA san; ten 14 CASAS que forman unha soa poboación, a igrexa parroquial (San Fiz) é anexo da de San Xoán do Corgo; o TERREO participa de monte, pouco arboredo e chans e abas de boa calidade, destinadas ao cultivo; os CAMIÑOS son de travesío e mal coidados; e o CORREO recíbese pola capital da provincia; PRODUCIÓN: centeo, patacas, avea, millo, poucas legumes e trigo; cría gando vacún, lanar e cabras; hai caza e algunha pesca. POBOACIÓN: 23 veciños, 169 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello. É patria de D. Felipe Antonio Gil de Taboada, arcebispo que foi de Tarragona.

Censo de 1873

BERGAZO.- (aldea: 16 casas habitadas, 1 deshabitada Total: 17 casas)

SERÍN.- (casar: 1 casa habitada Total: 1 casa)

Total da parroquia; 17 casas habitadas e 1 deshabitada. Total: 18.

Lugares en 1981: Bergazo; Serín.

Datos eclesiásticos

(1755) Parroquia anexo de San Xoán do Corgo, no Arciprestado de Maestrescolía.

(1915) Parroquia anexa de San Xoán do Corgo, no Arciprestado de Farnadeiros. Poboación: 135 habitantes.

Casas

1753 (14); 1846 (14); 1873 (18); 1981 (27)

Poboación

1840 ( ) 1887 (118) 1900 (126) 1910 (123) 1920 (108) 1930 (97) 1940 (94) 1950 (137) 1960 (110) 1970 (76) 981 (84) 1991 (69) 1996 (68) 2013 (50).

07

SANTA MARIÑA DE CABREIROS

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 39 reais por vasalaxe e 4 reais e 8 marabedís por pedido. Estremas da parroquia: Pedra Chantada - Pena Conga do Queiño - Monte Cadrón - Rega da Fermosa - Fonte de Albite - Pena Forcada - Abeledo - Camiño de Cachamonde - Arroxo do Bocelo arriba ata o Queiño - Pedra Chantada. 12 casas e 12 unidades familiares. Actividade: 3 colmeas.

DICCIONARIO MADOZ (1846).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (1 légoa e media) e Concello do Corgo (media légoa); SITUACIÓN: preto do camiño ou estrada xeral de Castela a Lugo; con boa ventilación e CLIMA san;

comprende os lugares de Bocelo, Cabreiros, Santa Mariña e Vilagamelle, que reúnen 16 CASAS de poucas comodidades; a igrexa parroquial (Santa Mariña) é anexo de San Fiz de Paradela, distante un cuarto de légoa; o TERMO confina polo N. co de Santo André de Chamoso; polo L., con San Cristovo e Santo André do mesmo nome; ao S. con Manán de Arriba e polo O. con Santiago de Laxosa; hai fontes de boas augas e dous arroios que levan o seu curso ao Leste e se unen ao río Mazandán que correndo ao Sur pasa por Portomarín (¿Manán?); os CAMIÑOS locais e maos chegan á indicada Estrada de Castela; o CORREO recíbese por Lugo; PRODUCIÓN: centeo, patacas, trigo, millo, legumes, nabos,



Sartegos de Cabreiros (arquivo fotográfico Mario Outeiro)

castañas, liño e algunhas froitas; cría gando preferindo o vacún e porcos, e pouca caza; INDUSTRIA: a agrícola e varios artesáns; POBOACIÓN: 15 veciños, 92 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

1873

BOCELO.- (aldea:5 casas habitadas. Total: 5 casas)

CABREIROS.- (aldea: 7 casas habitadas. Total: 7 casas)

SANTA MARIÑA (*).- (aldea: 1 casa habitada. Total: 1 casa)

VILAGAMELLE.- (aldea: 5 casas habitadas. Total: 5 casas)
Total da parroquia; 18 casas habitadas. Total: 18

Lugares en 1981: Bocelo; Cabreiros, Carretera; Vilagamelle.

<u>Datos eclesiásticos</u>

(1755) Parroquia anexo de San Fiz de Paradela no Arciprestado de Farnadeiros

(1915) Parroquia anexo de Santiago de Laxosa, no Arciprestado de Farnadeiros. Poboación: 144 habitantes.

<u>Casas</u>

1753 (12); 1846 (18); 1873 (19); 1981 (15)

<u>Poboación</u>

1846 (92) 1887 (94) 1900 (125) 1910 (104) 1920 (105) 1930 (96) 1940 (105) 1950 (119) 1960 (82) 1970 (43) 1981 (42) 1991 (63) 1996 (65) 2013 (104)

08

SAN XULIÁN DE CAMPELO

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 90 reais e 20 marabedís por vasalaxe e 8 reais e 26 marabedís por pedido.Estremas da parroquia: Marco do Escairo a carón da Casa de Tomás Tallón de Vilamarín.- Lagoa do Bao - Pena do Lodeiro - Arroxo de Porta - Pasos de Santa Marta - Paso do Escairo - Fonte de Laxes - Marco de Carballo Redondo - Arroxo de Porto da Fonte - Marco do Escairo de Lidor . 17 casas e 17 unidades familiares. Actividades: Taberna, arrendada polos veciños a Pedro de Neira e Balboa, de San Xoán do Corgo; Traficante de bois para Castela: Gregorio de Otero; Siseiro do viño: Pedro de Neira.

DICIONARIO MADOZ (1846).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (1/ 4 de légoa); SITUACIÓN: nunha chaira con boa ventilación e CLIMA temperado e san; comprende os lugares de Campelo, Rioseco e Vilamarín, que reúnen 19 CASAS de poucas comodidades; a igrexa principal (San Xulián) é anexo de Santa María de Queizán, o cemiterio está no adro da igrexa e en nada prexudica á saúde pública; o TERMO confina por N. coa súa matriz, por L. con Santiago de Fonteita, por S. con San Xoán do Corgo e polo O. con San Fiz de Bergazo; nos indicados lugares de Risoseco e Vilamarín hai fontes de boa auga e báñaa o arroio chamado Lavadoira, que ten a súa orixe en Fonteita, na Veiga do Bao e Agra de Rexoá, e diríxese ao Corgo; o TERREO é areoso e de boa calidade, e os seus montes denominados Lomba, Outeiro, Cotón de Ludeiro, Pena Carballosa, Pena do Rei, Lamela, Pena do Lobo e Pena da Pascua son de curta extensión e pouco poboados; hai soutos de propiedade particular poboados de carballos e castiñeiros e devesas de

pasto de boa calidade e tamén de propiedade particular; os CAMIÑOS: veciñais e en estado regular e o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, millo, patacas, castañas, landras, fabas, legumes, herba e combustible; cría gando vacún, porcos, ovellas e cabras; hai caza de lebres, perdices e outras aves. INDUSTRIA: a agrícola e algúns teares; o COMERCIO consiste na venda do sobrante das súas colleitas nos mercados de Lugo, Adai, Castroverde e Sobrado, e importación dos produtos dos que carecen; POBOACIÓN: 19 veciños, 96 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

CAMPAS (*).- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

CAMPELO.- (aldea:10 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 11 casas)

ESCAIRO (*).- (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada Total: 2 casas)

RIOSECO.- (aldea: 7 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 8 casas)

SAN XULIÁN (*).- (aldea: 1 casa habitadas, 1 deshabitada. Total: 2 casas)

VALADOS (*).- (aldea: 2 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 4 casas)

VILAMARÍN. (aldea: 2 casas habitadas, Total: 2 casas)

Total da parroquia: 25 casas habitadas. 6 deshabitadas. Total: 31 casas.

Lugares en 1981: CAMPELO; RIOSECO; VILAMARÍN.

Casas

1753 (17); 846 (19); 1873 (31); 1981 (29)

Datos eclesiásticos

(1915) Parroquia anexa de Santa María de Queizán, no Arciprestado de Maestrescolía tiña a Capela de Santa Mariña. Poboación: 135 habitantes. Párroco: Maximino Gayoso Varela.

Poboación

1846 (96) 1887 (123) 1900 (133) 1910 (97) 1920 (146) 1930 (160) 1940 (152) 1950 (156) 1960 (136) 1970 (106) 1981 (104) 1991 (97) 1996 (93) 2013 (79)

09

## SANTIAGO DE CAMPOSO

S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 52 reais por vasalaxe. Estremas da parroquia: Pena de Cortes - Río de Mazandán. Freixo de Patricio - Cancela de Rodís - Castiñeiro de Cañón - Escairo de Camposo - Pena de Cortes. 15 casas e 15 unidades familiares. 28 colmeas.

1816.- Era parroquia anexo de San Xoán de Cela, no Arciprestado de Sarria. A Igrexa tiña unha renda de 23 ferrados de pan centeo. Tiña 14 veciños no lugar de Laxes. Os escolantes ían á escola de Cela. Era da Xurisdición da Pobra de San Xiao.

DICIONARIO MADOZ (1846 ).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN: En paraxe bastante cha e enriba da ribeira dereita do río Neira, con boa ventilación e CLIMA temperado; comprende as aldeas de Camposo e Laxes, que reúnen 18 CASAS de poucas comidades se se exceptúa a do Señor que leva o nome desta última poboación; hai ESCOLA TEMPORAL; a igrexa parroquial (Santiago) é matriz de San Xoán de Cela e San Pedro de Maceda, cuxo curato é de primeiro ascenso e de padroado leigo; o cemiterio, amplo e inmediato á igrexa en nada prexudica á saúde pública; o TERMO confina polo N. con San Miguel de Lapío; polo L. co indicado anexo de Maceda; polo S. co río Neira que é límite do partido e polo O. co outro anexo de San Xoán de Cela,e estendéndose de N. A S. preto dun cuarto de legua e de L. a O. máis dun cuarto: no nomeado lugar de Laxes hai unha fonte con canos, outra máis abaixo



Igrexa de Camposo (arquivo fotográfico Mario Outeiro)

de propiedade particular e varios mananciais de boas augas, mais en estado de abandono; báñaa por Leste o río Tordia que se xunta co citado Neira que baixa da Pobra de San Xiao, pasando por Campelo en dirección de L. a O. facendo límite desta parroquia e o partido, cruza o Tórdea unha ponte de madeira , máis abaixo de Laxes e o Neira a do seu nome na parroquia de Cela; o TERREO é vizoso e ameno; o monte denominado Penas do Cañón e outros de pouca extensión encóntranse poboados de combustible; ten varios soutos poboados de castiñeiros e carballos, de propiedade particular, como o son moitas e boas devesas e non escasean os prados artificiais de superior calidade; o CAMIÑO que dende Lugo se dirixe a Sarria encóntrase en bo estado e o CORREO recíbese da estafeta da Pobra de San Xiao; PRODUCIÓN: centeo, trigo, millo, patacas, castañas, liño, froitas, legumes e nabos; cría gando vacún, porcos, cabalos e ovellas; hai caza de lebres, perdices e outras aves e pescan troitas, anguías e peixes; INDUSTRIA: a agrícola, a arrearía, dous muíños fariñeiros e varios teares; o COMERCIO consiste na venda de gando e sobrantes da colleita nos Mercados do Páramo, Sobrado e Adai; POBOACIÓN: 18 veciños, 103 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

CAMPOSO.- (aldea: 4 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 5 casas)

LAXES.- (aldea:13 casas habitadas. Total: 13 casas)

Total da parroquia: 17 casas habitadas.1 deshabitada. ................................Total: 18 casas.

Lugares en 1981: CAMPOSO; LAXES

Casas

1753 (15); 1846 (18); 1873 (18); 1981 (23)

Datos eclesiásticos

(1755) Parroquia principal no Arciprestado de Sarria, formaba Curato con San Xoán de Cela e San Pedro de Maceda. Era de padroado leigal do Conde de Lemos. Renda: 4.000 reais.

(1915) Non figura como Parroquia.

Poboación

1840 (103) 1887 (133) 1900 (58) 1910 (109) 1920 (134) 1930 (118) 1940 (146) 1950 (170) 1960 (87) 1970 (74) 1981 (63) 1991 (69) 1996 (65) 2013 (39)

10

SAN SALVADOR DE CASTRILLÓN

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Po
no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 71 reais por vasalaxe e 22 de pedido. Estremas da parroquia: Ponte de Madeira de Franqueán - Porto dos Refes - Río da Tórdea - Ribeira de Lidor - Río arriba ata as Nabeiras de Vilachá - Veigas do Medio - Porto das Veigas de Serín - Marco da Cruz do Pereiro - Pena Redonda - Pena da Veiga - Ponte de Franqueán. 14 casas e 14 unidades familiares - Actividades: Arrieiros: Antonio da Silva, Francisco Valcarce, e Xoán Ferreiro.

DICIONARIO MADOZ (1847).... (datos de antes de 1840).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (media légoa); SITUACIÓN en terreo desigual con boa ventilación e CLIMA temperado e san; comprende os lugares de Castrillón, Fontoira e Lidor, que serán 15; CASAS de pouca calidade; a igrexa parroquial (San Salvador) é anexo de Santalla do Alto; o TERMO confina polo N. con Santa María de Franqueán, do Partido de Sarria, polo S. con Santiago de Gomeán; e polo O. co indicado Concello, estendéndose de N .a S. un cuarto de légoa e algo máis de L. a O.; hai varios manancíais de boa auga; ademais báñaa o río Tórdea que trae orixe de Vilabade, recibindo no seu curso varios arroios que baixan da Frairía, Masoucos e Furís; o citado río é vadeable nalgúns puntos; o TERREO é de mediana calidade; ten paraxes de monte de boa calidade e outros de pouca utilidade; soutos poboados de carballos, chopos e castiñeiros; devesas de pastos e excelentes prados naturais, con especialidade na



Carballeira, castro e capela románica de Castrillón
(arquivo fotográfico Mario Outeiro)

ribeira do indicado río; os CAMIÑOS veciñais encóntranse en regular estado e o CORREO recíbese de Sobrado do Picato ou de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, patacas, fabas, nabos, castañas, algunha froita, liño, trigo, millo, legumes e hortaliza; cría gando vacún, porcos, ovellas e cabalos; hai caza de lebres, perdices e outras aves de monte e pouca pesca; o COMERCIO redúcese á venda do sobrante da colleita e algún gando nos Mercados de Lugo, Sobrado e Adai POBOACIÓN: 18 veciños, 108 almas; CONTRIBÚE : co seu Concello.

Censo de 1873

CASTRILLÓN.- (aldea: 5 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total:6 casas)

FONTOIRA.- (aldea: 7 casas habitadas. Total: 7 casas)

LIDOR.- (aldea: 5 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 6 casas)

PEDRADREITA.- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

SISTO(*).- (aldea: 2 casas habitadas. Total:2 casas)

Total parroquia: 21 casas habitadas. 2 deshabitadas. Total; 23 casas.

Lugares en 1981: CASTRILLÓN; FONTOIRA; LIDOR; MESÓN DO CALDEIRO; PEDRADREITA.

Casas

1753 (14); 1840 (15); 1873 (23); 1981 (34); 1996 (34)

Datos eclesiásticos

(1755) Anexo de Santalla de O Picato (agora Santalla do Alto), no Arciprestado de O Picato.

(1915) Non figura como Parroquia .

Poboación

1840 (108) 1887 (131) 1900 (.....) 1910 (142) 1920 (158) 1930 (137) 1940 (172) 1950 (176) 1960 (114) 1970 (94) 1981 (87) 1991 (91) 1996 (81) 2013 (73)

11

SAN XOÁN DE CELA

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 150 reais por vasalaxe. Estremas da parroquia: Camiño Real de Cañón - Ponte de Neira - Seixo Branco - da Veiga Pequena a Pozo do Xuste e Camiño Real do Cañón. 35 casas e 35 unidades familiares. Muíño da Acea, de 3 rodas (Diego de Bande). Taberna, a carón da Ponte de Neira, era do común dos veciños e estaba arrendada. Portaxe: O paso pola Ponte de Neira, agás para os veciños da Xurisdición da Pobra de San Xiao, supoñía pagar dereitos por carros, cabalerías, etc. A Condesa de Lemos tiña arrendado este dereito en 200 reais ao ano, e estando arruinada a Ponte os arranxos corrían de conta da Provincia de Lugo. Actividades: Zapateiros: Bernardo de Cela, Xosé López e Pablo López. Teceláns: Francisco de Relos e Miguel Fernández.

1816.- Era parroquia matriz e tiña por anexos Santiago de Camposo e San Pedro de Maceda, no Arciprestado de Sarria. Renda da Igrexa: 50 ferrados de centeo e 4 reais (igrexa e capelanía) . Había unha Confraría do Santísimo. Tiña 30 veciños nos lugares de A Rañoá, A Ponte, Reconco e Pacios. Había a Capelanía de San Diego fundada por Diego Arias, cura que fora do beneficio, con pensión dunha misa. Tiñan escola paga polos pais dos escolantes. Pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao.

DICIONARIO MADOZ (1847) .- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (media légoa); SITUACIÓN: nunha chaira, aínda que desigual, á dereita do río Neira con boa ventilación e CLIMA temperado e san; comprende os lugares de Cela, Pacios, Rañoá e Reconco, que reúnen 29 casas de poucas comodidades; hai unha ESCOLA TEMPORAL, que a pagan os pais dos estudantes; a igrexa parroquial (San Xoán) é anexo de Santiago de Camposo; o cemiterio está inmediato á igrexa, mais non prexudica a saúde pública; o TERMO confina polo N. coa freguesía de Lapío e coa citada matriz; polo L. con esta última; polo Sur coa Ponte de Neira; e polo O. con San Pedro de Cerceda; estendéndose de N. a S. un cuarto de légoa e un cuarto de L. a O.; ten fontes de boa auga e báñaa o indicado río Neira, que corre de L. a O. ata se unir ao Miño; crúzao unha estreita ponte con catro arcos de cantaría, que dá paso ao camiño que vai de Lugo a Monforte; o TERREO é húmido, areoso e bastante produtivo; O Monte de Lamalonga e outros de curta extensión, cuxo nome levan aos lugares onde están situados, escasean de arboredo; ten soutos de castiñeiros,

bos pastos e prados; o CAMIÑO que se dixo vai dende a Ponte Neira a Castroverde, encóntrase en mal estado e o CORREO recíbese por Lugo; PRODUCIÓN: centeo, patacas, millo, castaña, algún trigo, orxo, liño, legumes e nabos; cría gando vacún, porcos e ovellas; hai caza de lebres e perdices, e pescan troitas e anguías; INDUSTRIA: a agrícola e dous muíños fariñeiros; POBOACIÓN: 20 veciños, 149 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

A ACEA (*).- (aldea: 1 casa habitada, 1 casa deshabitada. Total: 2 casas)

CELA.- (aldea: 2 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 3 casas)

MUIÑOS DE TRIGARVÍA.- (muíño: 2 casas deshabitadas. Total. 2 casas)

PACIOS.- (aldea: 15 casas habitadas. Total: 15 casas)

PALLOTA (*).- (1 casa habitada. Total: 1 casa)

PONTE DE NEIRA.- (aldea: 4 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 6 casas)

RAÑOÁ.- (aldea: 4 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 5 casas)

RECONCO. (aldea: 13 casas habitadas. Total: 13 casas )

Total da parroquia: 40 casas habitadas.7 deshabitadas. Total: 47 casas.

Lugares en 1981: CELA; PACIOS; PEDREGÁS; PONTE DE NEIRA; RAÑOÁ; RECONCO

Casas

1753 (35); 1847 (29); 1873 (47); 1981 (51).

Datos eclesiásticos

(1755) Parroquia anexa de Santiago de Camposo no Arciprestado de Sarria, formaba Curato tamén con San Pedro de Maceda. .

(1915) Parroquia anexa de San Pedro de Cerceda, no Arciprestado de Farnadeiros. Poboación: 282 habitantes. Párroco: Antonio Vila González.

Poboación

1840 (149) 1887 (225) 1900 (213) 1910 (247) 1920 (272) 1930 (258) 1940 (265) 1950 (258) 1960 (225) 1970 (158) 1981 (154) 1991 (138) 1996 (118) 2013 (104)

12

## SAN PEDRO DE CERCEDA

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Señorío da Condesa de Lemos, que percibía 140 reais por vasalaxe. Estremas da parroquia: Pena do Corvo no río Miño - Pena do Castelo - Castro da Bacariza - Marco de Pedrouzos - Medorra da Rañoá - Río Neira abaixo - Pena do Corvo. 27 casas e 27 unidades familiares. 40 colmeas. Zapateiro: Xoán da Costa. Xastre: Francisco Díaz. Tecelán: Domingos Manán. Tecelá: Inés Mourenza.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa e media); SITUACIÓN: nunha chaira, aínda que desigual, á dereita do río Neira, con boa ventilación e CLIMA temperado e san; comprende os lugares de Carpanzal, Cerceda e Veiga que reúnen 28 CASAS, sendo de notar a do Sr. Ponte de Neira; hai ESCOLA TEMPORAL; a igrexa parroquial (San Pedro) é matriz de Santalla de Quinte; o curato de entrada e padroado leigo e eclesiástico; o cemiterio está no adro da igrexa, mais en nada prexudica á saúde pública; o TERMO confina polo N. con Santo Estevo de Farnadeiros; polo L. con San Xoán de Cela; polo S. co indicado río Neira; e polo O .co río Miño; estendéndose de N. a S. un cuarto de légoa, e igual distancia de L. a O.; báñana o indicado río Neira que corre de L. a O. a se xuntar co Miño e este vai de N. a S. ; o TERREO é húmido e areoso, mais bastante produtivo; o Monte de Lamas de Lapío está pouco poboado; abonda nos soutos o arboredo de carballos e castiñeiros que presentan unha fermosa vista e non escasean os excelentes pasteiros e prados; o CAMIÑO que vai de Lugo a Monforte pola Ponte Neira encóntrase en estado regular e o CORREO recíbese de Lugo ou da estafeta da Pobra; PRODUCIÓN: centeo, millo, trigo, patacas, castañas, liño, nabos, legumes e fabas; cría gando vacún, porcos, cabalos e ovellas; hai caza de perdices e lebres, e pescan troitas e anguías; INDUSTRIA: redúcese á venda dalgún gando e sobrante da colleita nos Mercados do Páramo, Lugo , Sobrado e Adai; POBOACIÓN: 28 veciños, 149 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo 1873

EIREXE (*).- (1 casa habitada, 1 casa deshabitada. Total: 2 casas)

BARRIO (*).- (1 casa habitada Total: 1 casa)

CAMPO REDONDO (*).- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

CARDEXO.- (aldea: 3 casas habitadas Total: 3 casas)

CARPANZAL. (1 casa habitada Total: 1 casa)

CIMA DE VILA (*).- (aldea: 6 casas habitadas. Total: 6 casas)

PACIO (*).- (aldea: 2 casas habitada Total: 2 casas)

PUMARELLE (*). (aldea: 4 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 5 casas)

VEIGA. (aldea: 6 casas habitadas. Total: 6 casas)

Total da parroquia: 26 casas habitadas. 2 deshabitadas. Total: 28 casas.

Lugares en 1981: CERCEDA, CARDEXO; CARPANZAL; CERCEDA; VEIGA

Casas

1753 (27);1847 (28); 1873 (28); 1981 (41); 1996 (41)

Datos eclesiásticos

(1915) Parroquia principal, no Arciprestado de Farnadeiros, tiña por anexo a San Xoán de Cela. Poboación: 198 habitantes. Con casa Retoral. Dotación: 850 pesetas,e 236 pesetas de fábrica. Había a Capela de San Roque de propiedade particular. Párroco: Antonio Vila González, Tenente Alcipreste.

Poboación

1847 (149) 1887 (122) 1900 (202) 1910 (194) 1920 (205) 1930 (204) 1940 (207) 1950 (215) 1960 (202) 1970 (129) 1981 (101) 1991 (117) 1996 (113) 2013 (88)

13

SAN XOÁN DO CORGO

(S. XVII)Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 104 reais por vasalaxe e 9 reais e 17 marabedís por pedido. Estremas da parroquia: Marco da Pereira.- Fonte de Serín baixo da Casa de Xoán Díaz.- Rega da Traiña.- Lagoa Vella.- Veiga de Lamas.- Marco de Tras da Agriña de Lamas.- Escairo do Conde.- Pasos de Lama Longa.- Aira Río.- Chanide.- Arroxo abaixo a Garandelas.- Marco do Seixo Branco.-Modorra da Carballeira de Bascuas.- Poza dos Labancos.- Modorra do Corgo.- Marco da Pereira. Había 21 casas e 22 unidades familiares. Actividades: Muíño do Corral, de unha roda, propiedade de Xoán Díaz; Muíño de Cerderpoa, de unha roda, de Xosé Fernández, de Santo André de Chamoso.- 21 colmeas. Xuíz: Xoán Valcarce. Arrieiro: Pedro Valcarce.

DICIONARIO MADOZ (1847) .- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoa) e Concello do que é capital; SITUACIÓN: nunha chaira riba da estrada xeral de Castela á Coruña, con boa ventilación e CLIMA frío, pero san; comprende os lugares do Corgo, Ferreiros, Guimarás, A Caseta, O Teso, Portela, Santa Eufemia, Sendín e Serín, que reúnen 38 CASAS, entre as que destaca a do Corgo, e as demais de mediana construción; a igrexa parroquial (San Xoán) é matriz de San Cristovo de Chamoso e San Fiz de Bergazo; o curato de entrada e padroado leigo; o cemiterio está no adro da igrexa e en nada prexudica á saúde pública; o TERMO confina polo N. co indicado anexo de Bergazo e lugar de Rioseco; polo L. con Folgoso e Santiago de Gomeán; polo S. con Santo André de Chamoso, Santa Catarina de Anseán e Santa María de Marei; e polo O. co indicado anexo de San Cristovo de Chamoso; estendéndose de N. a S. un cuarto de légoa e media légoa de L. a O.; abonda de fontes de boa auga e báñaa o arroio denominado de Mazandán , o que ao pouco toma o nome de río de Mera, que desauga no Tórdia; crúzao unha ponte dun só arco na estrada; o TERREO é areoso e seco, máis produtivo e o Monte denominado Corgo está pouco poboado; hai boas devesas, pasteiros e prados con algún arboredo de carballos,



Interior da igrexa de San Xoan do Corgo

castiñeiros e froiteiras; o CAMIÑO ou estrada xeral que pasa polo medio da freguesía, así como os veciñais, encóntranse en estado regular e o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, trigo, millo, patacas, fabas e toda clase de legumes, liño, orxo, nabos e hortalizas de todas clase; cría gando vacún, porcos, cabalos, mulas e ovellas; cazan lebres, perdices e outras aves do monte; INDUSTRIA: a agrícola e un muíño fariñeiro; POBOACIÓN: 38 veciños, 198 almas; CONTRIBÚE: coas demais freguesías que forman o Concello.

Censo 1873

ALTO (DE GOMEÁN).- (aldea: 6 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 7 casas)

CASETA (*).- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

O CORGO.- (aldea: 3 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 4 casas)

FERREIROS (*).- (aldea: 7 casas habitadas. Total: 7 casas)

GÁNDARA (*).- (1 casa habitada. Total: 1 casa)

GUIMARÁS.- (aldea: 8 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 9 casas)

REBALDERÍO (*).- (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas)

SANTA EUFEMIA (*).- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

SENDÍN.- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

SERÍN.- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

TESO.- (aldea: 3 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 4 casas)

Total parroquia: 41 casas habitadas,4 deshabitadas. Total: 45 casas.

Lugares en 1981: ALTO DE GOMEÁN; CORGO; GUIMARÁS; SENDÍN; SERÍN; TESO.

Casas

1753 (21); 1846 (38); 1873 (45); 1981 (42)

Datos eclesiásticos

(1915) Parroquia principal, no Arciprestado de Farnadeiros, tiña por anexos a San Fiz de Bergazo e San Cristovo de Chamoso. Poboación: 425 habitantes.Tiña Casa Retoral. Dotación: 900 pesetas e 332 pesetas de fábrica. Había a Capela de San Marco, propiedade da Igrexa. Párroco: Francisco Mourelle González. Coadxutor: Francisco Díaz Castroverde de Pontide. Asignados: Pedro Vila Fernández e Luís Aldegunde Dorrego:

Poboación

1840 (198) 1887 (366) 1900 (220) 1910 (272) 1920 (291) 1930 (312) 1940 (344) 1950 (371) 1960 (375) 1970 (267) 1981 (268) 1991 (257) 1996 (271) 2013 (236).

14

SAN PEDRO DE SANTO ANDRÉ DE CHAMOSO

(S. XVII) Señorío do Conde Lemos, agás o Couto de Santo André.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, agás o COUTO DE SANTO ANDRÉ que pertencía ao Conde de Lemos e ao Marqués de Castelar, que percibían a loitosa. A Casa de Lemos percibía ademais 37 reais e 20 marabedís de vasalaxe e 9 reais e 24 marabedís e por pedido. Estremas da parroquia: Modorra de Bascuas - Marco do Seixo Branco - Arroxo e Porto de Gandarelas - Arroxo enriba ata a Pena Alta - Porto das Bestas - Pena de Monte Ladrón - Marco do Queiñoino - Pedra Chantada - Arroxo do Lodeiro embaixo ata Fontón - Camiño Real - Ermida de Santa Isabel - Laxes de Bairán - Arroxo de Piñeiros - Enriba da Fonte do Ouro - Modorra de Bascuas. Había 36 casas e 36 unidades familiares. Actividades: 38 colmeas; Tabernas (2): eran do común, e estaban rexidas por Bieito Lourenzo e Xosé Fernández; Siseiros do Viño: os dous taberneiros.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (un cuarto de légoa); SITUACIÓN: en terreo de chaira, con boa ventilación e CLIMA frío pero san; comprende os lugares de Hospital, Santo André e Vilapene que reúnen 33 CASAS de poucas comodidades; hai unha ESCOLA TEMPORAL; a igrexa parroquial (San Pedro) é única e o seu curato de entrada e de padroado leigo; o cemiterio está no adro da igrexa e en nada prexudica á saúde pública; o TERMO confina polo N. con San Cristovo de Chamoso; polo L. con San Xoán de Corgo; polo S. con Santiago de Gomeán; e polo O, con Santa María Madalena de Manán de Arriba, estendéndose de N. a S. un cuarto de légoa e pouco máis de L. a O.; ten varias fontes de boa auga; baixa un arroxo polo S., que se vai axuntar con outros que forman o río Mazandán, cuxo curso é na Ponte da Torre na parroquia de Santa Catarina de Anseán; o

TERREO é areoso e de boa calidade; a L. ten parte do monte que pertence ao Corgo e Marei pouco poboado; hai soutos con arboredo de carballos e castiñeiros, pasteiros e bos prados; o CAMIÑO ou estrada xeral, así como os veciñais, están en bo estado e o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, patacas, trigo, millo, fabas, liño, herba, castañas, legumes e combustible; cría gando vacún, porcos e ovellas; hai caza de lebres e aves do campo, INDUSTRIA: a agrícola e un muíño fariñeiro; o COMERZO redúcese á venda de algún gando e sobrante das colleitas, nos mercados de Adai e Lugo, onde se abastecen dos artigos de que carecen; POBOACIÓN: 33 veciños e 116 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

<u>Censo de 1873</u>

CEPA.- (aldea: 1 casa habitada. Total: 1 casa)

HOSPITAL.- (aldea: 7 casas habitadas. Total:7 casas)

SANTO ANDRÉ.- (aldea:18 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 19 casas)

VILAPENE.- (aldea: 14 casas habitadas. Total: 14 casas)

Total parroquia: 40 casas habitadas. 1 deshabitada. Total: 41 casas.

Lugares en 1981: HOSPITAL; SANTO ANDRÉ; VILAPENE

<u>Casas</u>

1753 (36) 1847 (33); 1873 (41) 1981 (60)

<u>Datos eclesiásticos</u>

(1915) Parroquia principal, no Arciprestado de Farnadeiros. Poboación: 300 habitantes. Con Casa Reitoral. Era de padroado leigo do Marqués de Castelar e de la Sierra. Dotación: 850 pesetas e 140 pesetas de fábrica. Había a capela de San Marco, propiedade da Igrexa. Párroco: Domingos Cela Lugilde, Alcipreste.

<u>Poboación</u>

1847 (116) 1887 (232) 1900 (260) 1910 (283) 1920 (291) 1930 (312) 1940 (344) 1950 (371) 1960 (375) 1970 (267) 1981 (268) 1991 (257) 1996 (146) 2013 (93)

15

## SAN BARTOLOMEU DE CHAMOSO

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 77 reais por vasalaxe e 6 e medio por pedido. Estremas da parroquia: Pena da Poza da Insua - Marco de Penasteiriña - Pena da Laxe ou Pena da Cruz - Porto Cabalar - Ponte de Pedra da Agolada - Pena da Abeosa - Marco do Pozo de Molelo - Pena Forcada - Porto do Berxel - Pena do Pozo da Insua. 11 casas e 11 unidades familiares. Actividades: 12 colmeas. Estanquilleiro: Manuel da Penela.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (un cuarto de légoa); SITUACIÓN: en terreo chan, con boa ventilación e CLIMA frío, pero san; comprende os lugares de Don Mundín, Quintela e San Bartolomeu , que reúnen 15 CASAS de poucas comodidades; hai unha ESCOLA TEMPORAL; a igrexa parroquial (San Bartolomeu) é anexo de San Pedro de Arxemil; o cemiterio encóntrase no adro da igrexa e en nada prexudica á saúde pública; o TERMO confina polo N. coa súa citada matriz; polo L. con San Xoán do Corgo e San Fiz de Bergazo; polo S. con Santiago de Laxosa e San Pedro de Santa Comba, estendéndose de N. a S. unha légoa e cuarto e media de L. a O.; ten fontes de boa auga, e báñaa polo L. o río de San Bartolomeu, que o forman varios regueiros que baixan das freguesías de Barredo, Arcos e Paderne, e polo O. o río de Coeo e outros afluentes que veñen de Carballido, Bascuas e Segovia, unidos arriba formando o do Bao ao S. desta freguesía, e por riba del álzase unha ponte de catro arcos, pola que pasa a estrada que de Madrid se dirixe á Coruña; o TERREO é areoso e de boa calidade, ten montes baixos bastante produtivos, soutos con arboredo de carballos, bidueiros, castiñeiros, algunhas froiteiras, pasteiros e prados; o CAMIÑO ou estrada xeral así como os veciñais encóntranse en estado regular; hai unha TABERNA e o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, patacas, millo, castañas, nabos, algún trigo, herba, legumes, fabas e combustible; cría gando vacún e porcos; hai caza de lebres e aves do monte e pouca pesca; INDUSTRIA: a agrícola e varios muíños fariñeiros; o COMERCIO redúcese á venda de algún gando, queixo e manteiga nos mercados de Lugo e Adai, impórtanse os artigos de que carece; POBOACIÓN: 15 veciños, 79 almas; CONTRIBÚE coas demais freguesías do seu Concello.

<u>Censo de 1873</u>

DEMONDÍN.- (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas)

QUINTELA.- (aldea: 6 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 7 casas)

SAN BARTOLOMEU.- (aldea: 3 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 4 casas)

Total parroquia: 12 casas habitadas. 2 deshabitadas. Total: 14 casas.

Lugares en 1981: DEMONDIN; QUINTELA; SAN BARTOLOMEU

Casas

1753 (11); 1847 (15); 1873 (14); 1981 (14)

Datos eclesiásticos

(1755) Anexo de San Pedro de Arxemil.

(1915) Non figura como Parroquia.

Poboación

1847 (79); 1887 (68); 1900 (73); 1910 (82); 1920 (99); 1930 (99); 1940 (90); 1950 (82); 1960 (73); 1970 (44); 1981 (38); 1991 (39); 1996 (31); 2013 (22)

16

SAN CRISTOVO DE CHAMOSO

(S. XVII)Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 83 reais por vasalaxe e 9 reais e medio por pedido. Estremas da parroquia: Marco de Tras da Agriña de Lamas - Veiga de Lamas - Arroxo abaixo ata O Trobo - Marco do Prado do Trobo de Estevo Besteiro - Pena do Curuto - Río de Galiñeiro - Veiga de Abuín - Río abaixo ao Arroxo de Barxida - Lagas de Mondín - Fonte de Albite - Rega da Formosa - Pena de Porto Reixeiro - Pena de Polodrueiro - Fonte das Cabadas - Fonte de Baliñas - Arroxo de Cachamonde - Porto de Lama Longa - Escairo do Conde.- Marco de Tras da Agriña. Había 19 casas e 18 unidades familiares. Actividades: 14 colmeas. Siseiro de Viño: Antonio Lopez. Traficante en bois para Castela: Matías da Fouze. Estanquilleiro: Pedro Silva. Xastre: Xurxo de Cela. Zapateiros: Anxo Arias, Pedro Silva. Tecelás: María Rodrìguez, María da Fouze e Ana Madarra. Taberna: Pertencía ao común e estaba arrendada a Antonio López.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (un cuarto de légoa); SITUACIÓN: nunha chaira riba da estrada xeral de Madrid á Coruña, con boas ventilación e CLIMA frío pero san; comprende os lugares de Abuín, Don Xulián, Lamas, San Cristovo e Souto que reúnen 32 CASAS de poucas comodidades; a igrexa parroquial (San Cristovo) é anexo de San Xoán do Corgo; o cemiterio está no adro da igrexa e en nada prexudica á saúde pública; hai unha ermida inmediata á estrada xeral coa advocación de San Cristovo; o TERMO confina polo N. con San Bartolomeu de Chamoso, polo L. coa súa citada matriz e con San Fiz de Bergazo; polo S. con Santo André de Chamoso; e polo O. con Santa María de Cabreiros e Santiago de Laxosa; ten fontes de boa auga e báñana uns pequenos arroios que nacen no mesmo termo e van cara o S. a se axuntar ao río Mazandán; o TERREO é areoso , de panasqueira e mediana calidade, e os seus montes pouco poboados, aínda que produtivos cando se rompen; ten soutos con arboredos de castiñeiros e carballos, pasteiros e prados; o CAMIÑO ou estrada xeral que pasa polo medio da freguesía, así como os demais veciñais, están en regular estado; hai unha VENDA-MESÓN con taberna; o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, trigo, orxo, millo, patacas, castañas, liño, nabos, legumes e fabas; cría gando vacún, porcos e ovellas; hai pouca caza: INDUSTRIA: a agrícola; o COMERCIO redúcese á venda de algún gando e teares e aos sobrantes da colleita nos mercados mensuais de Lugo e Adai de onde importan os artigos de que carecen; POBOACIÓN: 32 veciños, 172 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

ABUIN.- (aldea: 4 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 5 casas)

EIREXE (*).- (aldea: 3 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 4 casas)

DON XULIÁN.- (aldea: 6 casas habitadas. Total: 6 casas)

GÁNDARA (*).- (1 casa habitada. Total: 1 casa)

LAMAS (*).- (1 casa habitada. Total. 1 casa)

PENA GRANDE (*).- (1 casa habitada. Total: 1 casa)

SAN CRISTOVO.- (aldea: 5 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 6 casas)

SOUTO.- (aldea: 10 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 11 casas)

Total da parroquia: 31 casas habitadas. 4 deshabitadas. Total: 35 casas.

Lugares en 1981: ABUIÍN; DON XULIÁN; SAN CRISTOVO; SOUTO.

Casas

1753 (19); 1840 (32); 1873 (35); 1981 (55)

Datos eclesiásticos

(1915) Parroquia anexa de San Xoán do Corgo, no Arciprestado de Farnadeiros. Poboación: 159 habitantes.

Poboación

1840 (172) 1887 (180) 1900 (184) 1910 (208) 1920 (206) 1930 (179) 1940 (194) 1950 (210) 1960 (172) 1970 (132) 1981 (148) 1991 (124) 1996 (161) 2013 (172)

17

SANTA MARÍA MADALENA DE ESCOUREDA

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).-Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 47 ferrados de centeo por vasalaxe. Estremas da parroquia: Pena de Cortes- Ponte da Pedra - Fonte do Carballo de Escoureda - Marco da Fonte do Novo - Pena da Zarra de Neira - Fonte de Braxán - Fonte Allariz - Couso do Seixo Branco - Fonte de Prado do Paso - Pena de Cortes. Había 14 casas e 14 unidades familiares. Actividades: Muíño de Eirexe, de 3 rodas (Isabel de Bande); Muíño de Ribeira de Penas, de 2 rodas (Manuel do Porto de San Bartolomeu de Braxán (¿) ..Abragán). 25 colmeas.

1816.- Era parroquia matriz, no Arciprestado de Sarria, tendo por anexo a capela de San Bartolomeu de Abragán. A Igrexa tiña catro fanegas e un cuartal de renda en centeo, e por cada enterro percibía, por dereito de foxoiro dous ferrados. Tiña trece veciños e comprendía os lugares de Escoureda e Chousa e dous veciños en Abragán. Había escola de primeiras letras e pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (2 légoas); SITUACIÓN: Entre os ríos Neira e Tórdea, en terra de chaira polo centro e algo pendente cara N. e S., con boa ventilación e CLIMA temperado e san; comprende os lugares de Abragán, Chousa e Escoureda, que reúnen 20 CASAS de poucas comodidades; ten unha ESCOLA TEMPORAL E INDOTADA; a igrexa parroquial (Santa María Madalena) é única e o seu curato de entrada e padroado leigo; o TERMO confina polo N. con San Bartolomeu de Abragán, polo L. con San Pedro de Bande, do Partido xudicial de Sarria; polo S. con Neira de Cabaleiros e a Pobra; e polo O. coa confluencia dos citados ríos; hai fontes de boa auga, e báñaa o indicado río Tórdea polo N., e polo S. o Neira, ambos dirixen ao O. a se axuntaren na parroquia de San Xulián de Campelo; o Tórdea crúzao un pontón, e o Neira unha ponte de madeira propiedade do Señor da Pobra; o TERREO na súa maior parte é de boa calidade; ten o Monte Acevedo poboado de grixo e matas baixas, soutos de carballos e castiñeiros; hai excelentes prados aínda que de curta extensión; o CAMIÑO que da Pobra dirixe a Castroverde, encóntrase en estado regular e o CORREO recíbese da estafeta da Pobra de San Xiao, os días que vai e ven de Sarria para Lugo; PRODUCIÓN: centeo e patacas; cría gando vacún, porcos, ovellas e algúns cabalos; hai caza de perdices e lebres e pesca de troitas e anguías; INDUSTRIA: a agrícola, varios teares e dous muíños fariñeiros; COMERCIO redúcese á venda de algún gando, gra, manteiga e queixos; POBOACIÓN: 33 veciños, 115 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

ABRAGÁN.- (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas)

CHOUSA.- (aldea: 5 casas habitadas, 3 deshabitadas. Total: 8 casas)

ESCOUREDA.- (aldea: 5 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 6 casas)

Total da parroquia: 13 casas habitadas.4 deshabitadas: Total :17 casas.

Lugares en 1981: ABRAGÁN, CAMPO, CARRETERA; CHOUSA, ESCOUREDA

1870: 16 casas habitadas e 1 a deshabitada. Total:17 casas

Casas

1753 (14); 1840 (33); 1873 (17); 1981 (45)

Datos eclesiásticos

(1755) Parroquia principal no Arciprestado de Sarria. Era de padroado leigal da Casa de Láncara. Renda: 2.000 reais.

(1915) Parroquia principal, no Arciprestado de Farnadeiros, tiña por anexo a San Pedro de

Maceda. Poboación: 204 habitantes. Tiña Casa Retoral. Tornaban na presentación o Conde Lemos e o Señor da Casa de Láncara e Toirán. Dotación: 820 pesetas e 236 pesetas de fábrica. No lugar de Abragán había a capela de San Bartolomeu, propiedade da Igrexa. Párroco : Elías Fernández Díaz.

Poboación

1847 (115 ) 1887 (144) 1900 (161) 1910 (171) 1920 (178) 1930 (173) 1940 (178) 1950 (192) 1960 (160) 1970 (118) 1981 (146) 1991 (150) 1996 (140) 2013 (112)

18

SANTO ESTEVO DE FARNADEIROS

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Señorío: Condesa de Lemos Estremas da parroquia: Pena do Ramallo - Barreiras do Francés - Lagoa dos Arrieiros - Cerro dos Fornos - Carrilleira dos Carros - Fonte dos Lobos - Escairo da Abrea - Río Miño - Caneiro dos Meras, río abaixo - Pena do Pozo de Arxoá - Marco do Ramallo. 16 casas e 16 unidades familiares. Actividades: Muíño da Fervenza do Muíño, de 3 rodas (Bernardo de Bande); Muíño da Fervenza do Muíño, de 3 rodas (Domingos de Bande).

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa e cuarto); SITUACIÓN: nunha montaña con inclinación ao O. por riba da marxe esquerda do río Miño, en Terra de Chamoso; o seu CLIMA é frío e padécense algunhas febres e dores de costado; comprende os lugares de Fervenza, Reguengo e Santo Estevo; hai fontes ou mananciais, cuxas augas son malas, agás as dos Amieiros; a igrexa parroquial (Santo Estevo) é anexo de San Pedro de Farnadeiros, e o cemiterio está no adro da igrexa; o termo esténdese a máis dun cuarto de légoa e confina a N. coa matriz; ao L. coa de Sabarei e Lapío, ao S. coa de Cerceda e ao O. báñaa o indicado río Miño, ao que baixa o arroio chamado Logo, que nace dentro do seu termo; o TERREO é estéril nos altos ao paso que a parte baixa préstase ben para o cultivo e encóntrase nela algún arboredo de carballos e castiñeiros; os CAMIÑOS son locais e o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, patacas, nabos, liño, millo, legumes e castañas, cría gando vacún e porcos; hai pouca caza e moita pesca aínda que non se dedican a ela os naturais; INDUSTRIA: a agrícola e dous muíños fariñeiros; POBOACIÓN: 15 veciños, 87 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo 1873

CAMPO.- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

CASTRO.- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

FERVENZA.- (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada. Total: 2 casas)

REGUENGO.- (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas)

VILA.- (aldea: 6 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 7 casas)

Total da parroquia: 18 casas habitadas. 2 deshabitadas. Total: 20 casas.

Lugares en 1981: CAMPO; CASTRO; REGUENGO; VILA

Casas

1753 (16); 1847 (15); 1873 (20); 1981 (30)

Datos eclesiásticos

(1915) Parroquia anexa de San Pedro de Farnadeiros, no Arciprestado de Farnadeiros. Poboación: 195 habitantes. Párroco: Manuel Saco Cedrón.

Poboación

1847 (87) 1887 (105) 1900 (141) 1910 (145) 1920 (144) 1930 (149) 1940 (151) 1950 (155) 1960 (108) 1970 (92) 1981 (81) 1991 (77) 1996 (70) 2013 (56)

19

SAN PEDRO DE FARNADEIROS

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria e en parte ao Cabido de Lugo.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Señorío: Condesa de Lemos. Estremas da parroquia: Carballo de Ledo - Fonte do Serrón - Marco de Seixo Pardo - Couso Vedral - Olmo da Veiga de Arriba - Lugar de Vilanova - Lousa do Sibeiro - Río Miño abaixo - Gadoi - Marco do Común - Carrilleira do Cadabal - Fonte da Loba - Lagoa dos Arrieiros - Marco de Moas - Carballo de Ledo. 30 casas, 30 unidades familiares. Actividades: Muíño de Pereiroá, de 1 roda (Domingos e Bernabé Arias); Muíño de Pereiroá, de 1 roda (Antonio González): Muíño de Pereiro,

de 1 roda (Pedro Bentura). 23 colmeas. Taberna: era do común, arrendada a Domingos do Barrio, tamén siseiro do viño. Estanquilleiro: Xoán da Vila.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN: nunha altura á esquerda do río Miño na estrema da Terra de Chamoso; o seu CLIMA é frío e san, se ben experiméntanse algunhas febres; comprende os lugares e casas da Bacariza, Folarón, Fompedriña, Fonte, Fornos, Outeiro, Pacio,Pousada, Quintela, San Pedro, Serrande, Trasfontes, Vilar de Abaixo e Vilar de Arriba que reúnen 34 CASAS; a igrexa parroquia (San Pedro) é matriz de Santo Estevo de Farnadeiros e o Curato de entrada e presentación ordinaria; o cemiterio está cercado e a carón do adro da igrexa mais con boa ventilación; o TERMO eséndese por onde máis un cuarto de légoa, confinando ao N. co de San Fiz de Paradela; ao L. Anseán; ao S. o referido Santo Estevo de Farnadeiros e polo O. Santalla de Quinte; hai moitos mananciais de auga potable; o TERREO polo xeral é montañoso e estéril na parte alta, ao paso que se acha cuberta de arboredo e parte para o cultivo na parte baixa: os CAMIÑOS son locais e así como o que vai de Lugo a Monforte, pola Ponte de Neira, son malos e lamacentos; o CORREO recibe na capital da provincia; PRODUCIÓN: centeo, patacas, nabos, liño, algún millo, castañas e outras froitas; cría gando vacún, ovellas e porcos e hai algunha caza; INDUSTRIA: agrícola e COMERCIO: o que lle proporcionan os mercados de Lugo; POBOACIÓN: 34 veciños, 132 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

BACARIZA.- (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas)

FENTAL.- (aldea: 4 casas habitadas, Total: 4 casas)

FOLARÓN.- (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas)

FOMPEDRIÑA.- (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas)

FORNOS (*).- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

MONTE (*).- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

MOREIRA (*).- (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada. Total: 2 casas)

OUTEIRO.- (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada. Total: 2 casas)

PACIO.- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

PELAMIO.- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

POUSADA (*).- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

QUINTELA (*).- (aldea: 1 casa habitada. Total: 1 casa)

SAN PEDRO.- (aldea: 2 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 3 casas)

SERNANDE.- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

TRASFONTAO.- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

VEIGA DE ARRIBA (*).- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

VILAR.- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

VILASUSAO.- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

Total da parroquia: 50 casas habitadas. 3 deshabitadas. Total: 53 casas

Lugares en 1981: FENTAL; FOLARÓN; FOMPEDRIÑA; OUTEIRO; PACIO; PELAMIO; SAN PEDRO; SERNANDE; TRASFONTAO; VACARIZA; VILAR; VILASUSAO.

Casas

1753 (30); 1847 (34); 1873 (53); 1981 (72)

Datos eclesiásticos

(1915) Parroquia principal, no Arciprestado de Farnadeiros, tiña por anexos a Santo Estevo de Farnadeiros e Santalla de Quinte. Era de padroado eclesiástico do Cabido de Lugo. Había a Capela de San Bartolomeu, propiedade da Casa de Quintela. Poboación: 310 habitantes. Casa Retoral. Dotación: 1.200 pesetas e 332 pesetas de fábrica. Párroco: Manuel Saco Cedrón. Asignado: Manuel Fernández Castro.

Poboación

1847 (132) 1887 (226) 1900 (225) 1910 (232) 1920 (311) 1930 (253) 1940 (257) 1950 (263) 1960 (264) 1970 (198) 1981 (166) 1991 (171) 1996 (152) 2013 (116)

20

## SANTO ESTEVO DE FOLGOSA



Pazo de Piñeiro en Folgosa (arquivo fotográfico Mario Outeiro)

(S. XVII ) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos que percibían 100 reais por vasalaxe e 16 reais por pedido . Estremas da parroquia: Pena Aguda - Marco do Cotollón - Camiño Real - O Rodelo - Marco da Zarra do Lodeiro - Pedreira do Coto - Fonte da Bica da Cal - Arroxo abaixo ata a Fonte de Escornacabras - Ponte da Silva - Marco da Veiga de Anzelos - Marco do Castro da Silva - Marco da Bragada - Pena Aguda. 23 casas e 23 unidades familiares. Muíño de Pumarega, de 1 roda (Domingos Caldeiro Díaz). Actividades: 73 colmeas. 2 Tabernas, do común,gobernadas por André Arias de San Pedro da Santa Cruz do Picato.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diocese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN en terreo desigual e en Terra de Chamoso, con boa ventilación e CLIMA húmido; as doenzas máis comúns son febres e catarros; comprende os lugares de Monte de Silva, Piñeiro e Santo Estevo que reúnen 30 CASAS de poucas comodidades; ten unha ESCOLA TEMPORAL INDOTADA; a igrexa parroquial (Santo Estevo) é anexo de San Martiño de Folgosa; o TERMO confina polo N. coa citada matriz; polo L. con Sobrado de Picato; por S. coa ribeira de Vilalpape; e polo O. con Santa María de Franqueán; estendéndose por onde máis media légoa; hai fontes de boa auga e báñana dous regueiros que corren a se reuniren a carón da Ponte de Gomeán, cruzados antes por algúns pontigos; o TERREO é algo húmido, de lousa e bastante fértil, e os montes de Carboeiro, O Picote, o da Fárbeda poboados de mato baixo; abonda o arboredo de carballos, pasteiros e prados, de boa calidade; a estrada xeral que de Madrid se dirixe a A Coruña está en estado regular, e o CORREO recíbese de Sobrado do Picato; PRODUCIÓN: centeo, patacas, liño, nabos, fabas e outras legumes, castañas e demais froitas; cría gando vacún, porcos, ovellas e cabras; Caza, lebres, perdices e outras aves; INDUSTRIA: a agrícola e dous muíños fariñeiros que traballan por tempadas por falta de augas; COMERCIO: redúcese á venda de algún gando e froitos sobrantes nos mercados de Lugo, Adai e Sobrado, onde se proveñen dos artigos de que carecen; POBOACIÓN: 33 veciños, 159 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

<u>Censo 1873</u>

CARBOEIRO.- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

MONTE DA SILVA.- (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas)

PIÑEIRO.- (aldea: 7 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 8 casas)

SANTO ESTEVO.- (aldea: 10 casas habitadas, 3 deshabitadas. Total:13 casas)

VEIGA DE ANZUELOS.- (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas)

Total da parroquia; 25 casas habitadas.4 deshabitadas. Total: 29 casas.

Lugares en 1981: CARBOEIRO; MONTE DA SILVA; PIÑEIRO; MONTE DA SILVA; VEIGA DE ANZUELOS

<u>Casas</u>

1753 (23); 1847 (30); 1873 (29); 1981 (33)

<u>Datos eclesiásticos</u>

(1915) Non figura como parroquia.

<u>Poboación</u>

1847 (159) 1887(168) 1900 (137) 1910 (147) 1920 (175) 1930 (141) 1940 (138) 1950 (221) 1960 (153) 1970 (115) 1981 (98) 1991 (99) 1996 (77) 2013 (55)

# HISTORIA DO CONCELLO DE O CORGO I (1840-1880)

Abuín Arias, Jesús
Xubilado. Estudioso do concello de O Corgo, e escritor de varios libros relacionados con este concello

González Díaz, Josefa
Diplomada en Relacións Laborais, e Licenciada en Humanidades
Funcionaria da Universidade de Santiago de Compostela

In memoriam a Quique, sempre te recordaremos.

RESUMO

A forma de goberno nas entidades locais presenta unhas peculiaridades que as diferenza doutros niveis territoriais de ámbito superior como o Goberno da Nación, e os gobernos autonómicos. Os principios establecidos no primeiro paradigma de goberno local -o concello- en España, institucionalizados na Constitución de 1812, mantivéronse ininterrompidamente nos diferentes modelos de réxime local durante os séculos XIX e XX.Con todo, a partir do segundo paradigma do goberno local que ten a súa referencia no Estatuto Municipal de 1924 e no Estatuto provincial de 1925, promulgados durante a ditadura de Primo de Rivera, introdúcense cambios significativos respecto ao paradigma doceañista.

Posteriormente a constitución de 1978 establece uns novos principios que afectan ao sistema de organización da Administración local. Cada esfera administrativa (estatal-autonómica-local), adquire unha verdadeira autonomía entendida como núcleo esencial de funcións amparado pola Constitución que nin a Administración do Estado nin a Administración Autonómica poden invadir. Polo tanto a descentralización territorial do poder introduce un novo contexto para o goberno local distinto ao dos réximes precedentes.



Concello de O Corgo

PALABRAS CLAVE: concello, actas, alcalde, rexedores.

1.- LIMIAR

Constitución política da monarquía española.

Decreto CXXXVIII do 18 de marzo de 1812.

Titulo V. Dos tribunais e da administración de xustiza no civil e criminal.

Capitulo II. Da administración da xustiza no civil.

Art. 282. O alcalde de cada pobo exercerá nel, o oficio de conciliador, e o que teña que demandar por negocios civís ou por inxurias, deberá presentarse a el con este obxecto.

Art. 283. O alcalde con dous homes bos, nomeados un por cada parte, oirá ao demandante e ao demandado, entenderase das razóns en que respectivamente apoien a súa intención, e tomará, oído o ditame dos dous asociados, a providencia que lle pareza propia para o fin de terminar o litixio sen mais progreso, como se terminará, en efecto, se as partes quedan conformes con esta decisión extraxudicial.

Art. 284. Sen facer constar que se intentou o medio da conciliación, non se establecerá preito algún.

Titulo VI Do goberno interior das provincias e dos pobos.

Capitulo I. Dos concellos.

Art. 309. Para o goberno interior dos pobos haberá concellos compostos de alcalde/es, os rexedores e o procurador síndico, presididos polo xefe político onde o houbera, e no seu defecto polo alcalde.

Art. 310. Poñeranse concellos nos pobos que non os teñan, e nos que conveña que haxa, non podendo deixar de habelo nos que por si só, coa súa comarca cheguen a mil almas, e tamén se lles sinalará termo correspondente.

Art. 311. As leis determinaran o nº de individuos de cada clase dos que han de compoñerse os concellos dos pobos con respecto a súa veciñanza.

Art. 312. Os alcaldes, rexedores e procuradores síndicos nomearanse por elección dos pobos, cesando aos rexedores e demais que sirvan oficios perpetuos nos concellos, calquera que sexa o seu titulo e denominación.

Art. 313. Todos os anos no mes de decembro reuniranse os cidadáns de cada pobo, para elixir a pluralidade de votos, con proporción a súa veciñanza, determinando número de electores, que residan no mesmo pobo e estean no exercicio dos dereitos do cidadán.

Art. 314. Os electores nomearan no mesmo mes a pluralidade absoluta de votos o alcalde/es, rexedores e procurador/es síndicos para que exerzan os seus cargos o primeiro de xaneiro do seguinte ano.

Art. 315. Os alcaldes mudaranse todos os anos, os rexedores por metade cada ano. E o mesmo ocorre cos procuradores síndicos onde haxa dous, se houbese so un mudará todos os anos.

Art. 316. O que xa exercera calquera destes cargos, non poderá volver a ser elixido para ningún deles, sen que pasen polo menos dous anos, onde a veciñanza o permita.

Art. 317. Para ser alcalde, rexedor ou procurador síndico, ademais de ser cidadán no exercicio dos seus dereitos, requírese ser maior de 25 anos, con 5 polo menos de veciñanza e residencia no pobo, as leis determinarán as demais calidades que han de ter estes empregados.

Art. 318. Non poderá ser alcalde, rexedor nin procurador síndico ningún empregado público de nomeamento do Rei, que estea en exercicio, non entendéndose comprendidos nesta regra os que sirvan nas milicias nacionais.

Art. 319. Todos os empregos municipais referidos serán carga municipal, de que ninguén poderá escusarse sen causa legal.

Art. 320. Haberá un secretario en todo concello elixido por este a pluralidade absoluta de votos e dotado dos fondos do común.

Art. 321. Estará a cargo dos concellos.

1º. A policía de salubridade e comodidade.

2º. Auxiliar ao alcalde en todo o que pertenza á seguridade das persoas e bens da veciñanza e á conservación do orden público.

3º. A administración e inversión dos caudais propios e arbitrios conforme as leis e regulamentos co cargo de nomear depositario baixo responsabilidade dos que o nomean.

4º. Facer o repartimento e recadación das contribucións e remitilas á tesourería respectiva.

5º. Coidar de todas as escolas de primeiras letras, e dos demais establecementos de educación que se paguen con fondos do común.

6º. Coidar dos hospitais, hospicios, casas de expósitos e demais establecementos de beneficencia. Baixo as regras que se prescriban.

7º. Coidar da construción e reparación dos camiños, calzadas, pontes e cárceres, dos montes e plantacións do consumo e de todas as obras públicas de necesidade, utilidade e ornato.

8º. Formar as ordenanzas municipais do pobo e presentalas ás Cortes para a súa aprobación por medio da Deputación Provincial, que as acompañará co seu informe.

9º. Promover a agricultura, a industria e o comercio segundo a localidade e circunstancias dos pobos, e cando lles sexa útil e beneficioso.

Art. 322. Se se ofrecen obras ou outros obxectos de utilidade común, e por non ser suficientes os caudais de propios, foran necesarios recorrer a arbitrios, non poderán impoñerse estes senón obtendo por medio da Deputación provincial a aprobación das Cortes. Na caso de ser urxente a obra o obxecto ao que se destinen, poderanos usar os concellos interinamente deles co consentimento da Deputación, mentres recae a resolución das Cortes. Estes arbitrios administraranse en todo como os caudais de propios.

Art. 323. Os concellos desempeñaran todos estes encargos baixo a inspección da Deputación

Provincial, a quen renderán conta xustificativa cada ano dos caudais públicos que recadaran e investiran.

Decreto CCXXXII do 10 de marzo de 1813. No seu apartado di: "que cando acaeza a morte dalgún rexedor nomearase no seu lugar a outro polos últimos electores, o cal servirá o seu cargo todo o tempo que lle correspondería desempeñar ao que faleceu".

Decreto CCXLII do 24 de marzo de 1813. Di: "Os rexedores e demais individuos dos antigos concellos fieis das Españas en toda a monarquía, conservarán os honores, tratamento e uso do uniforme dos que respectivamente estivesen en posesión ao tempo de cesar pola formación dos concellos constitucionais".

Decreto CCLXIX do 23 de xuño de 1813.

Capitulo I. Das obrigas dos concellos.

I. Estando a cargo dos concellos a policía de salubridade, deberán coidar da limpeza das rúas, mercados, prazas públicas e hospitais, cárceres e casas de caridade e de beneficencia; velar sobre a calidade dos alimentos, coidar de que en cada pobo haxa cemiterio.

II. Os concellos enviaranlle ao xefe político da provincia cada tres meses unha nota dos nados, casados e mortos do pobo estendida polo cura, con especificación de sexo e idade, de cuxa nota conservará o concello un rexistro; e unha nota da enfermidade da que faleceron, estendida polo facultativo.

II. Se se manifestara no pobo algunha enfermidade ou epidemia, dará o concello inmediata conta ao xefe político, para que se tomen as medida correspondentes para que non se estenda, ademais de auxiliar ao pobo con medicamentos avisando semanalmente ao xefe político do estado de saúde pública e mortaldade.

IV. Formarase en cada concello onde o veciñanza o permita unha xunta de sanidade composta polo alcalde, o cura párroco máis antigo, dun ou máis facultativos, dun ou máis rexedores e dun ou máis veciños,.

V. Para coidar a comodidade do pobo coidará ao concello, por medio de providencias económicas, de que estea abastecido abundantemente de comestibles de boa calidade, coidará da conservación das fontes públicas, que estean empedradas e alumeadas as rúas nos pobos que puidera ser, e que estean coidadas as paraxes públicas.

VI. Coidará cada concello dos camiños rurais e estradas do seu territorio.

VIII. Nos montes e plantacións en común estará a cargo do concello a vixilancia e coidado que prevé a constitución.

X. As medidas xerais de bo goberno, que deban tomarse para asegurar e protexer as persoas e bens dos habitantes, serán acordadas nos concellos e executadas polo alcalde, auxiliados polo concello, e por cada un dos seus individuos cando para iso sexan requiridos.

XI. Estará a cargo de cada concello a administración e inversión dos caudais de propios e arbitrios, conforme as leis e regulamentos nomeando un depositario na forma que prevé a Constitución. Se o concello necesitara para gastos públicos ou de utilidade común algún diñeiro mais acudirá ao xefe político, facéndolle presente a utilidade dos gastos, o que comunicará este á Deputación Provincial.

XIII. Acerca do reparto e recadación das contribucións que correspondan a cada pobo, observara o concello o que prevén a Constitución.

XIV: Coidará o concello das escolas de primeiras letras e demais establecementos de educación que se paguen con fondos do común.

XV. Coidara o concello de promover o fomento da agricultura, a industria e o comercio.

XVI. Deberá cada concello render contas anualmente á Deputación Provincial, dirixíndoas por medio do xefe político, da recadación e inversión dos caudais.

XVIII.Se algún veciño se sentira agraviado por providencias económicas ou gobernativas dadas polo concello, ou polo alcalde, deberá acudir ao xefe político, quen por si tendo a Deputación Provincial, resolverá gobernativamente toda dubida, sen que por isto se esixa dereito algún.

XX. O alcalde comunicará inmediatamente ao concello as ordes que deban publicarse.

XXI. O secretario do concello, que non será ningún dos seus individuos, a menos que a curtidade da

veciñanza sexa un obstáculo a xuízo da Deputación Provincial, poderá ser removido polo concello en calquera momento co consentimento da Deputación.

XXIII. O último domingo de novembro do 1813 en ultramar, e o último domingo de setembro do 1814 na península, illas e posesións adxacentes e así sucesivamente cada dous anos en que deban celebrarse as xuntas electorais da parroquia, o que presida o concello de cada pobo deberá avisar aos veciños polos medios que estean en uso, de que o próximo domingo se celebrarán eleccións para nomear aos electores que correspondan ao pobo.

XXIV. Cada concello coidará de que as bagaxes, aloxamentos, e demais subministracións para a tropa se repartan con igualdade e equitativamente entre os veciños conforme a ordenanza e regulamentos.

Decreto CCLXXXI do 11 de agosto de 1813. No seu apartado 1Iª di que ningún vocal de concello poderá nomear substituto, sen aínda con acordo do mesmo concello debendo ao rexedor máis moderno suplir as ausencias, enfermidades e vacantes do procurador/es síndicos, así como deben suplir a dos alcaldes o rexedor/es máis antigos. Se chegara o caso de que se suspenda todo o concello, ou a maior parte del, deberán ocupar o seu lugar os das respectivas clases do ano anterior, hasta que sexan lexitimamente declarados inhábiles ou repostos nos seus oficios.

V.1ª. Suprímense os soldos dos que nalgúns pobos da Monarquía gozaban os alcaldes, rexedores e procuradores síndicos, e os que en adiante se nomeen para estes cargos, desempeñaranos gratuitamente, e sen emolumentos algúns.

2.- ACTAS DO CONCELLO DO CORGO

Libro de actas que forma o concello constitucional da vila e Puebla de Aday para o ano 1840.

Ano 1840. Alcalde-presidente: D.Andrés Valcarce Pardo.

Na reunión das Cortes Españolas no 1812 aprobouse a Constitución Española, na que se dispoñía entre outras cousas, a formación dos concellos con alcalde, rexedores e un procurador síndico nomeados por compromisarios e cesando aos do réxime antigo e en cada capital de provincia un xefe político que máis tarde sería o Gobernador Civil e unha Deputación Provincial.



Casa do Concello de O Corgo

Por este motivo ao suprimirse a Puebla de Aday, creouse o concello de O Corgo con capitalidade en dito pobo que empezou a funcionar no ano 1840, no que estaban incluídas as parroquias que constituían a antiga Puebla de Aday, oito mais de Láncara e 1 de Lugo, en total 38 parroquias.

Na reunión celebrada o 22 de febreiro e con D. Andrés Valcarce Pardo, como alcalde-presidente.

D. José Páramo López, alcalde 2º

D. Antonio Lence, procurador síndico

D. Pedro Rodríguez, rexedor 1º

D. Manuel Díaz de Yebra, rexedor 2º

D. Juan de Neira Gayoso, rexedor 3º

D Francisco Tallón, rexedor 4º

D. José Ares Pociña, rexedor 5º e

D. José Díaz Zureira, rexedor 6º

Acordaron ademais nomear secretario a D. Manuel Francisco Cela, veciño de San Andrés de Chamoso, ao que dotaron de 4 reais diarios de

soldo, celebrando sesións todos os domingos do ano á unha da tarde na sala consistorial sita en San Cristovo de Chamoso na casa de Julio de Fouce.

Entre as normas que se ditaron figuran que estando a autoridade na sala consistorial non se permitía que entrasen persoas con sombreiro na cabeza, nin fumar, nin facer ruxido.

Os mordomos ou pedáneos das parroquias debían asistir ás sesións ordinarias, e se non podían facultarían a unha persoa que o fixese no seu nome, baixo a multa de un ducado.

Estes pedáneos debían facer unha relación de veciños da súa parroquia que tiveran xuntas de gando propias ou alleas para compoñer os camiños reais, municipais e veciñais, limpándoos de maleza e o que non o fixera, faríao o alguacil da audiencia á súas costas mediante o pago de seis reais diarios.

Os rexedores (concelleiros) que tiñan que asistir de semana en O Corgo tiñan unha habitación ou sala con chave na casa de D. Froilán López Barbeiro.

O catro de setembro acordouse trasladar o concello á casa de D. Manuel de Vila,en San Cristobal de Chamoso, vista a pouca comodidade e ruxido que ofrecía a casa de D. Julio de Fouce.

Ano 1841. Alcalde-presidente: D. Manuel Cedrón y Vega (por dimisión do anterior).

O 7 de febreiro de 1841 a corporación acordou celebrar as sesións na casa-mesón de D. Apolinar Valcarce Pardo (Casa de Resch), sita na parroquia do Corgo ditas sesións celebraríanse todos os sábados do ano á unha da tarde.



Casa de Resch

Era competencia dos pedáneos ou alcaldes de barrio o arranxo dos camiños públicos e municipais, limpándoos de maleza, a custodia dos froitos, agros e sebes, a orde da poboación, notificar as tabernas que desde as oito da noite en inverno e as nove en verán cerraran ditas portas, senón o cumpriran serían castigados con dous ducados de multa por primeira vez e a formación de causa por segunda vez.

En sesión do 10 de xullo de 1841 noméase a D. Manuel Cedrón y Vega, alcalde por dimisión do anterior D. Andrés Valcarce Pardo.

En sesión de 8 de novembro, por unanimidade de votos acordouse baixar o viño a cinco cuartos, o cuartillo e o que non o fixera, sería multado con un ducado.



Casa de Resch e fonte pública

Ano 1842. Alcalde-presidente: D. Gerónimo Fernández.

En reunión do 8 de xaneiro de 1842 acordáronse entre outros asuntos a prohibición aos taberneiros do distrito o uso doutros vasos que non foran de cristal, para evitar enfermidades contaxiosas. Así mesmo comunicóuselles aos señores curas, párrocos, vicarios e pedáneos que desen parte dos amancebamentos e actos escandalosos que reprobaban a verdadeira moral.

En sesión de 5 de marzo acordouse modificar os prezos dos comestibles:

| | |
|---|---|
| Libra de carne fresca de tenreira | 6 cuartos |
| Libra de jato | 4 ,, |
| Libra galega de pan de trigo | 5 ,, |
| Libra galega de centeo ben acondicionado | 3 ,, |
| Cuartillo de viño bo | 5 ,, |
| | 4 ,, |

Entendendo que o viño de 5 cuartos tiña que ser de Valdeorras, Quiroga ou Amande, e o de 4 de Monforte, Pombeiro e outros ribeiros inmediatos.

Ano 1843. Alcalde–presidente: D. Andrés Valcarce Pardo.

En reunión do 25 de febreiro convocaron aos mordomos-pedáneos para que, con asistencia de persoas entendidas, procederan á repoboación das devesas nacionais, ao seu peche e custodia e á plantación de árbores nos montes comúns e de propios.

En sesión extraordinaria de 18 de abril a corporación acordou, entre outras cousas: que nas tabernas e outros almacéns de licores se gardara limpeza e aseo coas medidas e vasillas, alzándoos do chan e usando embudes para envasar o viño, tendo en cada taberna seis vasos de cristal puro e recipiente de auga limpa para lavalos. Que ningunha moza solteira, menos de 40 anos poida vivir soa na casa separada dos seus familiares. Os mordomos-pedáneos nomearan a un celador que vixíe a xente sospeitosa da súa parroquia no roubo de leña, herba, folla e outras especies que produce a agricultura.

Na sesión do 25 de novembro reuniuse a corporación para distribuír as mesas en vistas ás eleccións parroquiais e renovación de vocais do concello que debería facerse nos primeiros días festivos do mes de decembro.

Ano 1844. Alcalde-presidente: D. José Maria Abuín

Na reunión do 5 de xaneiro entre outras cousas acordaron que as oito parroquias agregadas a este concello e que pertencían a Puebla de San Julián, paguen con arranxo a posibles por reparto que faga o pedáneo e dous homes de cada unha delas 108 reais polo aluguer das seis cabaleirías e salario do alguacil e arrieiros.

O 24 de marzo a corporación encargou aos mordomos-pedáneos que recolleran as armas dos que non tiveran licenza, vixiar ás xentes que pasen pola súa parroquia, arrestándoos senón levaran pasaporte.

En sesión do 7 de abril acordaron atendendo ás peticións dos veciños das parroquias agregadas a este distrito que pertencían a Puebla de San Julian, trasladar a casa do concello á casa de D. Ramón de Páramo e Neira, sita en Hospital de Chamoso, parroquia de San Pedro de San Andrés, como punto medio do distrito.

Ano 1845. Alcalde-presidente: D. José Mª Pardo Quiroga

En sesión do 1 de febreiro e de acordo coa R.U do 14 de xaneiro comunicóuselles aos señores curas párrocos e vicarios que soamente estaban obrigados a remitir o último de cada mes as notas dos nacidos, mortos e casados para inscribilos no rexistro.

En sesión do 15 de marzo acordou a corporación multar ás tabernas de O Corgo, Gomeán, Santalla, Sabarei e Lapio cunha multa de 1 ducado por subir o prezo do viño a 6 cuartos e medio sen licenza e permiso da autoridade local.

Ano 1846. Alcalde-presidente:. D. Andrés Díaz

Ano 1847. Alcalde-presidente: D. Pedro López Placer

Ano 1848. Alcalde-presidente: D Domingo Antonio Trebolle

O Xefe político da provincia ordenou o traslado da casa do concello á parroquia de San Juan de O Corgo e en sesión de 25 de marzo acordouse cumprimentar dita orden e sinalar local para celebrar as sesións na casa de Dª Maria Cora e Miranda (Casa de Trebolle).



Casa de Trebolle

Ano 1849. Alcalde-presidente: D. Domingo Antonio Trebolle

En sesión ordinaria do dia 5 de xaneiro acordouse, entre outras cousas, que os pedáneos deran parte dos amancebamentos, da xente mal entretida e que vaguen polos pobos dende as dez da noite, observarán ademais se nas súas parroquias hai algunha moza embarazada, a fin de asegurar o feto e corrixir o crime polo escándalo.

Ano 1850. Alcalde-presidente: D. Domingo Antonio Trebolle ata o dia 8 de agosto que foi suspendido, substituíndoo D. Antonio Arias Crecente.

En sesión do 27 de decembro acordou o concello fixar o prezo do cuartillo de viño, pola medida que se usa no distrito a seis cuartos, e libra de carne fresca a cinco cuartos.

Ano 1851. Alcalde-presidente: D. Antonio Arias Crecente, ata o 18 de abril cando repuxeron no seu cargo a D. Domingo Antonio Trebolle.

O 22 de abril a corporación acordou solicitar ao gobernador da provincia o traslado da casa consistorial sita no lugar da Campa, parroquia de Manan de Abaixo, a onde fora trasladado polo anterior alcalde interino e cesante D. Antonio Arias, a San Juan de O Corgo. En sesión do 3 de maio acordouse dar cumprimento á orde do señor gobernador da provincia na que se nomeaba mestre interino para este municipio a D. José María de la Peña y Saavedra.

Ano 1852. Alcalde-presidente: D. Domingo Antonio Trebolle

En sesión de 1 de xaneiro reuníronse os concelleiros para dar posesión aos membros da nova corporación. En sesión do 10 de xaneiro acordouse a construción dunha mesa de galera ou bufete e dos bancos de respaldo para os asentos e servizo do concello a un carpinteiro de Farnadeiros por 200 reais de vellón.

Ano1853. Para este ano o sr. Gobernador concedeu a este concello 3132 reais dos 9398 reais que o goberno de S.M. concedera para atender a gran miseria que houbo, estes irían destinados para ocupar á xente en arranxo de camiños, fontes e pontóns. Para realizar estes traballos terían preferencia os mais pobres das parroquias, non podendo exceder de 3 reais cada un por día.

Ano 1854. Alcalde-presidente: D. Juan Rodriguez, ata o 4 de agosto que foi substituído por José Valcarce (alcalde interino) que deixou de selo o 2 de novembro por ser elixido D. Manuel Rodriguez, pero a Deputación anulou tal nomeamento o 18 de novembro mandando convocar novas eleccións e nomear a D.Domingo Antonio Díaz Besteiro.

En sesión do 4 de xaneiro e para dar cumprimento á orde do sr. gobernador procedeuse ao nomeamento en propiedade do mestre de instrución primaria deste concello, o profesor D. José Mª de la Peña y Saavedra.

En sesión do 18 de marzo determinouse trasladar o concello á casa mesón da Campa na parroquia de San Cosme de Manán de Abaixo, coa oposición de varios concelleiros.




Con data 3 de agosto a xunta provincial de goberno de Lugo acordou relevar do cargo de Presidente deste concello a D. Juan Rodríguez e nomear a D. José Valcarce. Esta xunta dirixiu oficio a alcaldía nos seguintes termos: “tendo noticias esta xunta de que os servizos do concello de O Corgo non se celebran na capital do distrito e si no lugar da Campa e en punto extremado do mesmo, o cal podo causar prexuízos de consideración acordou esta xunta, que vostede proceda inmediatamente a trasladar ao pobo do Corgo o arquivo da corporación municipal habilitando o local correspondente para celebrar os mesmos.

Ano 1855. En reunión de 3 de marzo faise constar que as corporacións quedaban relevadas da cobranza das contribucións.

Ano1856. Alcalde-presidente: D. Domingo Díaz Besteiro ata o 17 de novembro data que se nomea

alcalde-presidente a D. Domingo Antonio Trebolle.

Ano 1857. Alcalde-presidente: D. Domingo Antonio Trebolle

O día 14 de outono acordouse aprobar o presuposto.

| | |
|---|---|
| Sobre consumo de viños e tipo de 7700 reais | 2.850 reais |
| Sobre consumo de augardente | 300 ,, |
| Sobre consumo de aceite de oliva | 58,50 ,, |
| Sobre consumo de xabón | 58,50 ,, |
| Sobre consumo de carnes | 3.900 ,, |
| TOTAL recargo en consumos | 7.167 reais |

E por último propoñer un 10% sobre a contribución de inmobles, cultivo e gandería que se considera ascende a 10.100 reais.

Importan as recargas 17.267 reais.

E non sendo o déficit do presuposto máis de 15.958 reais, quedan de sobrante 1.309 reais que terían en conta para repartir menos, no ano seguinte 1858.

Ano 1858.Alcalde-presidente: D. Domingo Antonio Trebolle

O 4 de setembro reuniuse o concello con 28 dos maiores contribuíntes do distrito (dobre nº que de concelleiros). Estes representan a todas as clases de contribuíntes do concello e outros moitos veciños, todos mediaron para buscar o mellor medio para facer efectivo nas arcas do tesouro a cota de 14.334 reais que consideraban debía pagarse no concello pola contribución de consumos no ano 1859, así como as recargas adicionais dun 50% para gastos municipais e outros 50% para os provinciais e o 3% de recadación.

Ano 1859. Alcalde-presidente: D. Domingo Antonio Trebolle.

Reunidos o día 12 de febreiro, os membros que forman dito concello, cos 4 maiores contribuíntes, o cura párroco de O Corgo, o mestre de instrución pública, e o comandante da garda civil, en sesión para confeccionar o novo nomenclátor e acordaron dividir o concello en 4 cuarteis.:




División del Municipio en el año 1.859, en cuatro cuarteles, para la confección de un nuevo Nomenclator.

Ano 1860. O 7 de abril nomeouse porteiro do concello a D. Gregorio Malle cun soldo de 500 reais anuais.

Na reunión do 14 de maio deuse lectura á circular do sr. gobernador acerca das accións de 2000 reais que puidera subscribirse este concello para a construción do ferrocarril, acordando a xunta que polo momento non era posible subscribirse con cantidade algunha por falta de fondos.

Ano 1861. Alcalde-presidente: D. Domingo Antonio Trebolle.

O 23 de febreiro o ser. Alcalde deu posesión a Dª. Amelia Quintana, nomeada interinamente mestra da escola elemental incompleta de nenas deste distrito pola xunta principal da provincia, en 30 de xaneiro último, aprobada polo sr. Reitor da Universidade de Santiago en 4 de febreiro pasado.

En sesión do 17 de agosto, acordaron con obxecto de dar cumprimento ao disposto polo sr gobernador que os camiños veciñais e municipais sexan recompostos polos veciños de cada parroquia.

Que o número de xornais ao que debía chegar a prestación persoal dentro do ano sería de 2.500 reais, pensando que neste distrito hai moi bos camiños por terreo firme e chan. O prezo de

conversión a diñeiro de cada xornal regulárono en 5 reais, os de xunta de bois con carro a 10 reais e sen carro a 10 reais.

Ano 1862. O 22 de febreiro deuse posesión a Dª Josefa Mª Caloto e Torrón como mestra da escola de nenas elemental incompleta deste distrito.

O 30 de decembro D. Bernardo Mª Abuín y Sal comunicaba ao sr alcalde que renunciaba ao cargo de concelleiro, dado que fora nomeado xuíz de paz, polo sr. Rexente da audiencia territorial.

Ano 1863. Alcalde-presidente: D. Domingo Antonio Trebolle, ata o 2 de outubro que foi suspendido e substituído por D. Pedro Sánchez.

O 20 de febreiro dando cumprimento ao mandado polo Excmo. Sr. Gobernador da Provincia, con vista do novo título de mestre da escola elemental completa de nenos deste distrito D. José Mª Peña y Saavedra expedido polo sr. Reitor da Universidade Literaria de Santiago, polo cal selle aumentaba a súa dotación a 2.500 reais.

O 23 de setembro reuniuse a corporación convocada para ler as disposicións da Xunta de Beneficencia do Reino, para promover os socorros destinados a Manila, e no seu cumprimento, nomear as persoas por parroquias para a súa recadación.

Para levar a cabo o traslado da casa do concello o día 9 de outubro firmaron un contrato con D. Dolores Martinez, viúva de D. José Valcarce polo que esta cede e arrenda a casa propia sita no barrio de Ferreiros nas inmediacións da estrada xeral de Madrid e parroquia de O Corgo, para que se estableza alí o concello e a escola elemental de nenos e nenas dende esta data e por espazo de nove anos consecutivos, baixo o pago anual de 600 reais, libres de contribución, cuxo pago da renda se faría por trimestres vencidos. A corporación atopou beneficioso este arrendo, establecendo que da súa conta e cargo é o pago anual de 300 reais soamente e os outros serían do mestre e mestra a prorrata.


Pazo de O Corgo

Ano 1864. Alcalde-presidente D. José Mª Vega

Resulta electo como secretario en propiedade por unanimidade de votos D. Domingo Antonio Lage

Ano 1865. Alcalde-presidente D. José Mª Vega

Reunida a corporación o día 4 de xuño acordaron que dada a extensión do distrito composto de 38 parroquias e que os pedáneos poden prestar moi pouco auxilio por falta da instrución necesaria, acordaron dividir o distrito en 4 seccións:

1ªsección. Comprende as parroquias de: O Corgo, Bergazo, Piedrafita, Aday, Piñeiro, Segovia, Vilachá, Arxemil, San Bartolomé de Chamoso e Laxosa.

2ª sección: Cabreiros, San Cristobal, Anseán, Manan de Abaixo, Manan de Arriba, Paradela, San Pedro e Esteban de Farnadeiros, Quinte e San Andrés.

3ª sección: Cerceda, Cela. Camposo, Lapio, Sabarei, Maceda, Escoureda, Abragan, Marei.

4ª sección: Santalla, Gomeán, Franquean, San Martin e San Esteban de Folgosa, Fonteita, Queizán, Campelo e Castrillón.

Na sesión extraordinaria do 23 de agosto, acordaron comunicar que para o distrito de O Corgo non era necesaria a garda rural, polo diseminado que estaba e que seria moi difícil a vixilancia dos terreos dada a cantidade de árbores que había. Deuse conta ademais dunha comunicación do Ser. Gobernador na que se solicitaba informe acerca da utilidade que as esterqueiras reportan a agricultura e se o seu depósito nos camiños prexudican ata o extremo de facerse preciso a súa desaparición. Acordaron informar o Sr. Gobernador de que as esterqueiras son sempre de recoñecida utilidade para os donos das mesmas e na súa maior parte beneficiosas para as vías públicas, como sucede nas frontes das casas dos labradores que case sempre por efecto do moito tránsito e pendente do terreo fanse pantanos que se enchen con toxos e outras malezas.

En sesión do 30 de setembro acordouse dividir a sala de sesións cunha varanda de madeira para que nos días de concorrencia non se confundan os concelleiros coa demais xente, nin esta lles estorbe nas súas ocupacións e cuxo custe calculase en 200 reais. Acordouse ademais mercar o retrato da Soberana Reina, calculado en outros 200 reais, e un taboleiro para colocar na fronte da casa e no que se exprese o destino desta , calculado o seu costo en 40 reais.

En sesión celebrada o 22 de outubro deuse conta do estado de varios pontóns que era necesario reparar.

Ano 1866. Alcalde-presidente D. José Mª Vega

Ano 1867. Alcalde-presidente D. Joaquin Pardo Valcarce

En sesión do 20 de xullo acordouse nomear dous médicos para o recoñecemento dos quintos, ese mesmo día deuse posesión a Dona Isabel Capón, como mestra en propiedade da escola de nenas deste distrito do Corgo.

Ano 1868. En sesión do 25 de xullo procedeuse ao sorteo dos concelleiros que debían continuar séndoo no próximo bienio e os que debían saír. Este concello compoñíase de 16 membros.

Ano 1869. Alcalde–presidente D. Joaquin Pardo Valcarce

En sesión do 18 de abril aprobouse o presuposto económico de 1869-1870, cun gasto de 1362 escudos e 300 milésimas.


Pazo de O Corgo

En sesión do 15 de maio acordouse dar conta do ditame da comisión da solicitude de varios veciños de Laxosa para que se declarase propiedade particular o camiño chamado "Regueiro de abaixo" no lugar de Donalban e visto o exposto pola comisión e de acordo co ditame do concello declarouno camiño público obrigando aos veciños de Laxosa a súa reparación.

En sesión do 5 de xuño, entre outras cousas, acordouse nomear unha comisión para que cumpran coa invitación feita polo Sr. Gobernador da Provincia e vaian a capital para o acto de promulgación da Constitución do Estado.

O 22 de xuño reuniuse o concello e acordou acceder á petición de Dª Dolores Martinez para que no sucesivo a renda do inquilinato se pagara a súa filla Dª Plácida Valcarce, por habela herdado do seu pai D. José Valcarce.

Ano 1870. Alcaldes accidentais D. José Andrade y Aranda e D. Laureano Valcarce Folé

En sesión do 29 de xaneiro acordouse formar a proposición en terna para o nomeamento de alcaldes pedáneos.

O 6 de abril foron nomeadas as persoas que ían compoñer a Xunta Pericial de Distrito. En sesión de 7 de maio deuse conta dunha comunicación do Sr. Gobernador da Provincia e outra da Excma. Deputación Provincial sobre a subscrición a La Gaceta de Madrid, este concello acordou dita subscrición con cargo ao capitulo 1º. Acordou así pois, autorizar ao secretario D. Domingo Antonio Lage para recoller do goberno da provincia a colección de pesas e medidas, que tiñan satisfeitas.

En sesión de 14 de maio deuse conta de varios expedientes instruídos sobre ocupación de terreos e peches de camiños públicos, por parte de veciños.

O 18 de maio reuniuse o concello para proceder á designación de 42 asociados (o triplo do nº de rexedores) para as 9 seccións nas que estaba dividido o distrito.

En 11 de xuño reunido o concello nomeou unha comisión para que, recoñecido o terreo, informasen sobre a denuncia presentada por varios veciños de O Corgo, pedindo o arrasamento dunha casa construída en monte comunal.

En 22 de xuño proclamase despois dunha votación entre 3 candidatas, como mestra da escola de nenas a Dona Amalia Rodriguez Quevedo.

En 12 de agosto deuse conta do expediente de denuncia para que se declarase camiño público o que conduce á igrexa de Sta. Marina de Cabreiros e se fixeran extraer unhas cancelas colocadas alí por un veciño.

Reunido o concello o 20 de agosto, acordouse trasladar a escola de nenas á casa de D. José Peña pagando de aluguer 81,25 pts. anuais.

En sesión do 8 de outubro acordouse a división do distrito municipal en colexios electorais para a próxima elección de deputados provinciais.

O día 3 de decembro deuse conta dunha comunicación do Sr. Gobernador da Provincia manifestando a petición que o alcalde-carcereiro fixo ante o ministro da gobernación para que se lle aumentase o soldo de 1000 a 1500 pts. anuais, que lle correspondían como carcereiro de capital de provincia de 3ª clase, o que se acordou consultar aos concellos, que decidiron por unanimidade que non había lugar a tal pretensión.

Ano 1871. Alcalde-accidental.D. Laureano Valcarce Fole

En sesión do 21 de xaneiro acordouse o nomeamento de presidentes para as catro meses electorais para un deputado provincial.

En sesión do 1 de abril deuse conta dunha solicitude da mestra de nenas para cambiar de local por atoparse este próximo a unha taberna dende a que se oian palabras disonantes opostas a sa moral, trasladándose esta escola a casa de D. José Doval.

O 22 de abril acordouse pedir que a comisión da Excma. Deputación enviase un oficio manifestando que cantidade de donativos se doará ao distrito, a quen e cando se entregaron e con que obxecto, que segundo a voz pública nos anos de miseria remitíranse pola Excma. Deputación, donativos por uns cantos miles de reais para repartir aos pobres e non constando a inversión de ditas sumas e a fin de satisfacer ao pobo. Tamén que no presuposto de 1862 figuraba unha partida para a adquisición de mobiliario que non existía, nin se sabe que existira.

En sesión do 6 de xuño deuse conta do oficio do sr. Administrador da Facenda Pública sobre a declaración de pobreza dos veciños do distrito. O concello tomando por base o repartimento de arbitrios, declara pobres a toda cabeza de familia que non figurara nel, con maior cota que a de 10 pts. ao ano e as persoas que deles dependan.

En sesión do 15 de xullo, o concello acordou proceder ao reparto en xusta proporción entre as 38 parroquias do concello as 12.045,34 pts ás que ascendían os gastos

Ano 1872. Alcalde-presidente :D. Pedro Neira

O 1 de febreiro elixiuse como alcalde a D. Pedro Neira por maioría de votos. Sendo o total de concelleiros 15.

En sesión de 4 de febreiro procedeuse á votación dos alcaldes de barrio. Ademais acordouse segundo o artigo 55 da lei nomear 4 comisións permanentes compostas de 3 concelleiros cada unha que se denominarían: Abastos, fomento, facenda e quintas.

En sesión do 25 de febreiro, entre outras cousas, acordouse eximir das cargas municipais parroquiais a D. Andrés de Castro de Ansean por realizarse na súa casa as entrevistas e entregas de presos por parte da garda civil. Ademais ante as numerosas queixas dos veciños sobre as vías de comunicación e outros dereitos de propiedade que se estaban entorpecendo no radio do mesmo pola liña férrea en construción, o concello de conformidade coa Constitución do Estado e a Lei Orgánica municipal acordou que as servidumes públicas se manteñan en todo o tempo expeditas procurando que os encargados de dita liña férrea antes de cortar aquelas habiliten outras provisionais que faciliten o tránsito público coa comodidade posible.

Na sesión do 7 de abril deuse conta da comunicación do alcalde de A Coruña a que acompaña copia da exposición que aquel municipio elevou ao Excm. Sr. Ministro de Fomento para que a empresa do ferrocarril galego cumpra os seus compromisos e acordouse adherirse ao seu pensamento e recomendar a súa eficacia.

Ano 1873. Alcalde-presidente: D. Pedro Neira, a partir do 20 de xullo de 1873. D. Domingo Chousa

En sesión ordinaria do 19 de xaneiro deuse conta da comunicación do Sr. Gobernador da Provincia que facía referencia ao cumprimento e observación da Lei de Ferrocarrís do 3 de xuño de 1855 en orde ao dereito que asiste segundo a mesma, a empresa do ferrocarril para utilizarse dos montes e canteiras sen previa indemnización, contestándolle ao concello, mostrando a súa desconformidade e non consentindo que vulneraran os dereitos dos seus cidadáns aínda

que mostrándolle todo o apoio que lle reclame e del dependa para a facer a vía, sempre respectando a lei.

O 17 de agosto acordouse aprobar o presuposto, ascendendo o total de gastos a 10.353, 85 pts., que se repartiran en proporción á recadación forasteira e entre os veciños das 38 parroquias a excepción dos pobres de solemnidade.

En sesión de 19 de outubro deuse conta dunha comunicación do Sr. Alcalde, ao goberno da provincia manifestándolle que no distrito non había persoa que tivese cabalo para a requisición. Tamén se deu conta doutra comunicación que en cumprimento do disposto polo goberno da república, nomeárase nova Xunta municipal de Beneficencia. En sesión do 23 de novembro acordouse comunicarlle ao Sr. Gobernador da provincia que solicitara anteriormente lista de cabalos que houbera no municipio para a requisición, incluíndo en dita lista un cabalo pai que tiña para montura de eguas, matriculado un veciño de Sta. Catalina de Anseán, único que existía no distrito, cuxa relación se mandaría ao Sr. Comandante militar da provincia.

En sesión do 30 de novembro, entre outras cousas, acordouse dar contestación ao Sr. Gobernador comunicándolle que nese distrito había moitas familias en situación precaria, non foi por consecuencia do levantamento carlista, e que por cuxa razón non había relación que remitir.

En sesión do 25 de decembro leuse o decreto do goberno da República de data 2 de outubro e outras circulares, todas relativas á contribución territorial de guerra sobre luces de edificios habitados.

Ano 1874. Alcalde–presidente: D. Domingo Antonio Lage.

O día 18 de xaneiro constitúese o novo concello nomeado polo Excmo. Sr. Gobernador Civil e Militar da provincia.

En sesión do 15 de marzo acordaron ofrecer 125 pts. a conta dos fondos municipais para as atencións da guerra.

En sesión do 19 de abril o alcalde comunicou que Dª. Dolores Martínez en representación da súa filla Dª Plácida Valcarce, viña a requirir ao concello para que o primeiro de xullo próximo deixara libre a casa que habitaba por arrendo con todas súas oficinas, porque a ía ocupar outro inquilino.



Casa da Penagrande

En sesión de 3 de maio comunícase o arrendo da Casa da Penagrande, parroquia de San Cristobal de Chamoso para as oficinas do concello por un período de 6 anos, por importe de 75 pts. cada ano ou sexa, 300 reais cobrados por semestre na depositaria de fondos municipais deste concello.

Ano 1875. Alcalde-presidente: D. Antonio Díaz Lence.

O 28 de febreiro constitúese o concello ao obxecto de dar posesión ao novo nomeado polo Sr. Gobernador da Provincia.

En sesión do 14 de marzo acordouse que foran tirados os peches e unha casa feita no monte común de O Corgo denominado " da Gándara". En dita sesión acordouse nomear ás persoas que formaran parte das 4 comisións nas que queda dividido o concello: Ornato público, facenda, quintas e abastos.

En sesión do 21 de marzo viuse unha solicitude presentada por varios veciños interpoñendo apelación do acordo tomado por esta corporación referente á derruba de peches e casa feitos e denunciados no monte "da Gándara" e acordouse admitila e dirixila ao Sr. Gobernador.

Tamén se deu conta dunha comunicación da administración económica da provincia, na que se ordenaba a incautación no nome do Estado das fincas que figuraban baixo o nº 1 do repartimento territorial deste distrito polas que paga o Excmo. Sr. Conde de Altamira 42,63 pts, e en consecuencia acordou dar cumprimento e que polo secretario do concello se fixera saber aos caseiros do Sr. Conde reteñan as rendas de que son pagadores, e de feito se devolva o orixinal a administración.

A comisión de Ornato Público tivo que xuntarse varias veces ao ano para emitir informe sobre varias denuncias por apresamento de monte comunal e por apresamento de camiño público.

Ano 1876. Alcalde-presidente D. Antonio Díaz Lence, (ata o 21 de maio). D. Domingo Chousa Páramo.

En sesión extraordinaria do 7 de abril, lese unha comunicación do sr. Gobernador Civil da Provincia onde se lle ordena ao concello que facilite un local na casa consistorial para o despacho do Xulgado, dando un termo de 8 días para cumprir o ordenado. Por non dispoñer de máis habitacións en "Penagrande" acordouse o traslado da casa consistorial ao pobo de O Corgo. Pagarase un arrendo de 75 pts, anuais satisfeitas por trimestres vencidos a condición de dar cuadra suficiente no patio para as cabaleirías das persoas da corporación.

En sesión do 30 de abril, e dando cumprimento a circular do goberno da provincia, dítanse normas para previr as consecuencias dos cans rabiosos, comunicaráselles aos propietarios que embocen os cans e os teñan en permanente prisión a fin de evitar desgrazas.

En sesión do 21 de maio, entre outras cousas acordouse a nova división do distrito en colexios electorais.

En sesión do 20 de agosto acordouse dividir o distrito en 5 seccións para o nomeamento de vogais asociados.

En sesión ordinaria do 26 de novembro concedéronselle 3 meses de permiso ao presidente para ausentarse do país por asuntos particulares.

En sesión do 31 de decembro deuse conta dunha comunicación do xefe do posto da garda civil deste pobo, na que pedía información sobre se neste termo municipal existían máis montes comúns que os que figuraban no B.O P. do 20 de outubro, contestándolle ao concello que neste termo municipal non existían montes comúns, pero si algúns anacos de terreo en abertal ou baldío que son desafogos das distintas aldeas.

Ano 1877. Alcalde-presidente D. Domingo Chousa Páramo.

Reunido o concello en sesión do 18 de xaneiro procedeuse a dividilo en 3 seccións ou colexios para as eleccións dos 13 concelleiros correspondentes por o nº. de habitantes (5.600).

O 1 de marzo constituíuse o concello para dar posesión aos novos concelleiros electos. O 25 de marzo en cumprimento da circular do sr. Gobernador Civil procedeuse á formación de dúas ternas para nomear aos concelleiros que entraban a formar parte da xunta local de primeira ensinanza. En sesión do 1 de abril procedeuse a elixir aos membros das dúas comisións permanentes:1ª comisión: presupostos, arbitrios e contas. 2ª comisión: policía sanitaria, urbana e rural.

En sesión do 6 de maio e de conformidade coa comunicación do sr. Administrador económico da provincia acordouse nomear aos 6 peritos repartidores e aos seus suplentes.

En sesión do 22 de xullo e a petición do sr. Gobernador Civil acordouse nomear unha comisión para que na mañá do día 30 dese mes acudiran á capital de Lugo co obxecto de asistir á recepción de S.M. o rei Alfonso XII.

Reunido o concello, a xunta municipal deu conta dos gastos municipais para o ano económico 1877-78 que ascendía a 7.987,79 pts.

En sesión do 23 de setembro acordouse que con cargo o capítulo de gastos imprevistos se abonasen 160 reais, ou sexa 40 pts, importe dos honorarios do facultativo que practicou a autopsia do cadáver que foi atopado no camiño que de Gomean conduce a Adai.

Ano 1878. Alcalde-presidente D. Domingo Chousa Páramo

En sesión do 20 de xaneiro deuse conta dunha comunicación do sr. Comandante do posto da garda civil na que se denunciaba o apreso de monte público chamado Serra da Férveda realizado por un veciño de San Martin de Folgosa. O Concello acordou ca comitiva de policía rural visitase o lugar e informara canto crea conveniente.

En sesión do 1 de setembro, entre outras cousas presentouse unha queixa do alcalde de barrio de Goméan queixándose de dous veciños por incumprir a circular da presidencia, e non prender aos cans durante a colleita do millo. En sesión do 20 de outubro acordouse formar a Xunta municipal de Amillaramento, comunicóuselles o seu nomeamento aos señores designados mediante un oficio-credencial, o cargo de vocal desta xunta seria honorífica e gratuíta, advertíndolles que no prazo de 8 días podían escusarse legalmente polas causas que establecía a lei municipal.

Ano 1879. Alcalde-presidente D. Domingo Chousa Páramo

En sesión do 1 de xuño acordouse nomear novo porteiro do concello , asignándolle un soldo anual de 365 pts. En sesión do 29 de xuño o sr. Alcalde presentou dúas notas remitidas por un letrado de Madrid e outra de A Coruña referente á consulta feita polo concello sobre se procede pedir e reclamar das persoas que fixeron o traslado da casa consistorial con infracción da lei ao sitio de Penagrande, importando 100 reais por consulta ao letrado de Madrid e 60 ao letrado de A Coruña. En sesión do 12 de xullo, o sr. xuíz de 1ª instancia do partido, ditou providencia recaída no escrito pedindo a execución da sentenza no preito litigado por arrendamento da casa de Penagrande, tendo o concello que pagar a cantidade de 1716,91 pts.

En sesión do 12 de setembro acordouse dar cumprimento á circular do goberno da provincia referente ao nomeamento das xuntas municipais de sanidade, recaendo o nomeamento nun licenciado en menciña e tendo en consideración que neste distrito non existían farmacéuticos nin veterinarios nomeándose destes últimos a 8 prácticos.

Ano 1880. Alcalde-presidente D. Domingo Chousa Páramo

En sesión do 10 de abril acordouse remitir unha circular aos alcaldes de barrio das parroquias do distrito, co obxecto de que recoñeceran os muros dos agros sementados de centeo en unión con 3 veciños prohibindo apacentar toda clase de gando e as mulleres coller herba entre o centeo, baixo a multa de 1 peseta por cada cabeza de gando e persoa que se excedera a coller herba.

Na sesión do 5 de xuño, o concello nomeou Depositario de fondos municipais e recadador da contribución de consumos cereais e sal deste distrito.

En sesión do 10 de xullo fíxose presente a corporación que era público e notorio o conveniente que seria non só para este distrito, senón tamén aos de Neira de Jusá, Becerreá, Nogais, Cervantes, Navia de Suarna, Fonsagrada, Baleira e Castroverde o establecemento dun apeadeiro na estación de Laxosa, sendo o sitio máis apropiado o chamado "Do agro do Chau" o cal podían achegarse facilmente os arrastres de importación e exportación dos concellos indicados representando estes unha agrupación de mais de 70.000 habitantes.

En sesión do 16 de outubro deuse conta entre outras cousas, dunha solicitude dun veciño de Adai denunciando a un veciño por edificar este sen previa autorización un alpendre, que a xuízo do denunciante trataba aquel de destinar a casa, porque " fai fogo nela e dorme con chave en man", cuxo edificio e aira estaban case no centro do campo da feira pública de Adai e terreo comunal.

Na sesión do 13 de novembro deuse lectura a unha comunicación do sr. Gobernador civil da provincia pola que se autoriza a un veciño do pobo de Framil en Santa Eulalia de Quinte, a variar un camiño.

CONCLUSIÓN:

A obra lexislativa das Cortes de Cádiz supón a liquidación dos fundamentos económicos e xurídicos sobre os que se asentaba o antigo réxime, coa Constitución de 1812, España ábrese á constitucionalidade.

A obra de Cádiz foi inmensa. Os deputados doceañistas sentaron as bases do que hoxe se entende por Estado de Dereito e sociedade democrática, fundada nos principios de soberanía nacional, xustiza e igualdade.

Cádiz foi o berce da constitucionalidade español e a súa influencia perdurou ao longo de todo o século XIX. As bases do estado que alí se crearon, pese a tantos intentos e a tantas épocas na escuridade, non puideron ser demolidas. Porque so a vontade dos pobos poden ser protagonista.

BIBLIOGRAFÍA:

- Colección de Decretos y Ordenes de las Cortes de Cádiz. I
Publicaciones de las Cortes Generales. 1987
Páxs. 437-438 ; 441-443

- Colección de Decretos y Ordenes de las Cortes de Cádiz.II
Publicaciones de las Cortes Generales. 1987
Páxs. 809-810; 820-821; 965-966;

- MÁRQUEZ CRUZ, Guillermo; Política y gobierno local. La formación de gobierno en las Entidades locales en España. Centro de Estudos Políticos y Constitucionales. Madrid. 2007. Páxs. 19-20.

- ACTAS do concello de O Corgo

# AS VIDAS "PARALELAS" DO PILOTO E O XENERAL TELLA

Afonso Eiré
Xornalista.

RESUMO

O Heli Tella era o amo da Familia de Xosé Castro Veiga. Tella foi condenado por sublevarse contra a República, pero tivo mañas para poder participar desde o primeiro momento no Alzamiento Nacional. Xosé Castro Veiga apuntouse voluntario para facer carreira militar.

Xosé Castro defendería a República, sendo condenado, Heli de Tella, chegou a xeneral. Un loitou no bando dos vencidos, o outro dos vencedores. Pero, finalmente, as súas angueiras, derrubar a Franco, coincidirían. O amo como conspirador. O caseiro como guerrilleiro. Do xeneral hoxe poucos se lembran, o guerrilleiro á ben coñecido co nome de O Piloto.

PALABRAS CLAVE:

Guerrilla-Guerra Civil-República-Alzamento-Atentados-O Corgo-Adai.

LIMIAR

O Corgo ten dous fillos esgrevios e ben coñecidos. Un é Xosé Castro Veiga, coñecido por O Piloto. O último guerrilleiro morto en combate en todo o Estado. Sen dúbida un referente na loita antifranquista. O outro é Heli Rolando de Tella, que foi un dos xenerais máis laureados durante a Guerra Civil e que, máis tarde caería en desgraza. Este fixo os cartos para construír o Pazo de Adai, conspirando logo contra Franco. O Piloto deixou a vida para derrubalo. Xosé Castro era caseiro. Heli de Tella era amo. As súas vidas entrecruzáronse pero cada un estaba onde tiña que estar.

AS VIDAS "PARALELAS" DO PILOTO E O XENERAL TELLA.

Mentres no bando republicano se encerellan en liortas de como poñerlle fin á guerra mediante un pacto de rendición, o 13 de febreiro de 1939, Francisco Franco promulga un decreto que condena ao cárcere a calquera que se resistira ao Exército desde o 1 de outubro de 1934 ata o 18 de xullo de 1936, e desde entón ao "Glorioso Movimiento Nacional". Significaba que serían penados simplemente os que participaran no levantamento asturiano de 1934 e os soldados enrolados no exército republicano, aínda que fose en levas.

Cumprindo este decreto, logo da rendición de Madrid, uns 300.000 combatentes republicanos víronse internados en campos de concentración. Ás poucas semanas, as autoridades franquistas comezan unha quenda de clasificación. Decidían se os poñían en liberdade, se os obrigaban a reengancharse e volver facer tres anos de servizo ou se agardaban a ser xulgados. Non sabían que facer con tantos presos.

Cinco consellos de guerra sumarísimos de urxencia comezaron a funcionar, sentenciando entre 200 e 300 presos por día. Un 25 % das condenas eran a pena de morte.

Xosé Castro Veiga tivo sorte. Só lle impuxeron 30 anos de cadea.

O seu delito non era só o de ser cabo do exército republicano, senón que a súa cartilla militar facía constar que entrara como soldado voluntario.

Salvouno da cadea perpetua ou da pena de morte que o seu ingreso no exército se producise antes do 18 de xullo, data do "Glorioso Alzamiento Nacional".

Naqueles tres anos de guerra, aquel voluntario de 16 anos, fixérase xa un home, formándose en todos os sentidos. Os cursos de especialización en mecánica que realizara e, logo, os de cabo e cabo primeiro déranlle unha bagaxe non só técnica senón cultural.

A súa afouteza e disposición foron vistos polos comisarios políticos do PCE, que comezaron a incorporalo ás charlas e aos programas de instrución política, pasándolle libros e documentos e apuntándoo a un seminario de "marxismo".

No 1938 xa colaboraba na confección de panfletos para levantarlle a moral á tropa. Traballo que acrecenta cando, logo de caer Cuatro Vientos en mans inimigas, é trasladado primeiramente a Barajas e, logo, a Madrid capital. Serve no edificio de Nuevos Ministerios, último reduto do PCE en Madrid, no recentemente constituído Consello de Defensa.

Os comunistas de Madrid comezaran a prepararse ante os rumores dunha posíbel traizón dos comandantes do Exército Popular.

A situación na capital era realmente xebre, a fame mesturábase coa miseria, o medo e a desconfianza, o que aumentaban os desexos do Coronel Xefe de Madrid de pórlle fin a unha resistencia que el analizaba como inútil.

A sublevación de Casado deixa ao presidente Negrín desconcertado. Trata de evitar o conflito, pero os comunistas quedan só nas súas accións. Negrín e os máis importantes dirixentes do PCE dan a España por perdida e deciden non resistir o golpe de Casado. Pero os comunistas de Madrid e os seus aliados, entre os que se atopaba Xosé Castro Veiga, comezan unha violenta loita polas rúas contra os "casadistas", chegando a controlar a capital.

Non sabía o coronel Casado que Franco, o 18 de febreiro, xa declarara ante os seus partidarios que non aceptaría unha paz condicionada, nin sequera se viña a proposta de Francia ou de Gran Bretaña.

O 23 de marzo, os enviados de Casado están en Burgos para negociar. Franco esixe a rendición total e sen condicións. A vinganza é o único que ten en mente desde o comezo da guerra e pretende a aniquilación total do inimigo.



O pazo do xeneral Tella en Adai

Se a República resistira dúas semanas máis ao golpe de Casado, a súa situación internacional poderíase modificar. O 15 de marzo de 1939, Hitler invade definitivamente Checoslovaquia ignorando os acordos de Múnic asinados con Gran Bretaña e Francia en setembro de 1938. O primeiro ministro británico Neville Chamberlain abriu os ollos e garántelle a Polonia que unha acción alemá contra este país levaría aos ingleses á guerra. Podería pasar o mesmo coa República española, pero o Goberno só existía nominalmente e, a partir de agora, as democracias europeas deberían tratar coa España de Franco.

No mediodía do 28 de marzo de 1939, o 1º Exército Nacional entra en Madrid e ocupa os edificios gobernamentais sen resistencia. Alí atoparon a Xulián Besteiro, o socialista máis visíbel da Xunta de Defensa, que se negara a abandonar Madrid. Casado, pola contra, xa estaba en Valencia.

Xosé Castro Veiga entra nun campo de concentración, arrestado. O xeneral Heli Rolando de Tella é nomeado gobernador militar de Lugo, instalándose coa súa familia en Adai, no Corgo, onde vivían os seus pais, Policarpo de Tella e Mercedes Cantos.

Caseiro e amos en Adai

Os país de Xosé Castro Veiga son caseiros dos Tella nas súas propiedades de Boelle. Viven nunha cachamúa dos amos cos seus fillos Manuel, Carme, Luís, Otilia e Elías. Segundo van medrando, os fillos teñen que ir buscando a vida, pois nin as oito vacas que aparcebaron, nin a propiedade dan para manter tantas bocas, aínda que si para traballar arreo. E por moito que muden de amo, cambian para a propiedade dos Pumariños, unha familia de cregos, non mudaba moito a súa situación (Mudas de amo, non de ladrón).

Traballan á metade. O 50% do leite, dos becerros e das colleitas de centeo e millo, tamén de patacas e fabas, teñen que entregárselles aos amos, que deberán recibilas na porta ao rematar cada temporada. Tamén lles terán que cebar dous porcos cada ano, que non deberán pesar menos de cen quilos. Para Nadal, catro capóns e catro coellos. E cinco ducias de ovos para as festas. Os amos cedíanlles casa e as terras para traballar, así como os apeiros necesarios.

Unhas condicións normais naqueles tempos para os que non teñen terras de seu. Os fillos son unha axuda, pero non teñen futuro traballando no que non é propiedade súa. Os amos, ás veces, tratan de mirar por eles e procurarlles acomodo en traballos de criados de servir.

Os irmáns máis novos do matrimonio de Ramón Castro e Francisca Veiga, Manuel e mais Elías, nas costas escrito a carga do traballo, rematarán instalándose en Lugo. O primeiro en Monteirón, o segundo en San Roque, poñendo negocios de seu. Luís e Otilia marchan para Francia, vivindo en Amiers. Carme casa e emigra para Madrid. Vén para A Coruña e, finalmente, asenta en Vigo.

Pero o Pepiño era algo especial. Espelido. Sabía ler e escribir e era capaz de montar, desmontar,

arranxar ou facer calquera trebello ou aparello e, sobre todo, tallar madeira como se fose un escultor.

Os amos sabíano ben, pois traballaba en Adai por tempadas. Chamábano cando facía falta para arranxos e cousas domésticas. O Pepiño andaba de aprendiz de carpinteiro. Pero quería ser piloto de aviación.

Non é fácil no 1931 así que Policarpo Tella, que sabe as angueiras do rapaz, decide que o mellor é darlle polo seu pau e que se aliste de voluntario de aviación. É ben difícil que logre ser piloto, pero poderá aprender a mecánico e, cando acabe o servizo, terá un xeito a vida. Nunha das visitas do seu fillo, Heli Rolando pídelle que arranxe todo.

O devezo por ser piloto víñalle ao Pepiño desde 1930 cando, cos seus irmáns máis vellos e veciños, se desprazaron a Chá de Santa Marta, unha meseta situada entre Láncara e Sarria onde acondicionaran unha pista de aterraxe e instalaran uns hangares para avións. Os biprazas Bregue e os monoprazas Newpor utilizaban aquela chaira como campo de manobras e de arriscadas exhibicións aéreas.

A Chá converteuse nunha romaría para toda a comarca e, aínda, para xente de Lugo. Sobre todo para nenos e vellos que quedaban pampos ao veren voar os avións e, xa non digamos, cando os ollaban facer as reviravoltas, bucles ou picados.

Os murmurios escoitábanse desde Touville e A Lama, case tan fortes como o ruído dos avións cando engalaban ou subían a pino procurando as nubes.

Pero o Pepiño de Boelle non só lles perdera o medo aos avións, senón que aquel día na Chaira soñara, como moitos outros rapaces, con ser piloto.

Así é como Xosé Luís Castro Veiga entra aos 16 anos de voluntario no Corpo de Aviación, sendo destinado ao aeródromo de Cuatro Vientos en Madrid. Estamos a falar de comezos do ano 1932.

Os pais do Pepiño arelaban que o rapaz puidese vir para o aeródromo preto da casa. Pero aquel recinto militar non durou moito. No 1934, por mor da Revolución de Asturias, levaron os avións para a base de León e o campo quedou abandonado entre a decepción da xente da comarca que acusaba os cregos (estamos na República) de pretender que existise un único aeroporto, o de Santiago. Aos rapaces quedoulles construído un campo de fútbol.

Tella, conspirador irredento.

Aquel Nadal de 1931 foi a última vez que Heli Rolando apareceu por Adai, pola casa dos seus pais. Regresa no 1939, vitorioso. Nunca volvería ter contacto co Pepiño dos caseiros.

Na famosa Estela de Adai (50 anos a. C.) está gravado un home loitando contra un oso e dúas pombas e unha noitarega fitando.

No 1932, Heli únese ao xeneral Sanjurjo no seu intento de rebelión que pasará a historia como a Sanjurjada. A Tella deténeno e encadéanos, primeiramente no Castelo de Santo Antón, na Coruña. Logo en Madrid, pasando por Guadalajara, para rematar confinado en África, na penitenciaría de Villa Cisneros. O Goberno da República sabía que non só seguía baduando cun golpe de estado, senón que aquela rebelión frustrada só lle acrecentara a ansia de vinganza.

"Foi un predestinado cara ao épico, pois xa recibira na pía bautismal o nome de Rolando, o Cid de Roncesvalles. A súa vida constituíu unha permanente aventura de proxección romántica atravesada por zonas escuras entre brillantes momentos estelares". Así o definen na enciclopedia Crónica de la Guerra española.

Heli Rolando de Tella e Cantos de Uz (o de Uz engadiríallo co tempo, o mesmo que o e) naceu en Adai no 1888. Aos 19 anos ingresa na Academia de Infantaría de Toledo logo dun exame e de que máis de seis xamóns correran cara a Lugo e algúns non pararan até Madrid e remataran no Alcázar manchego. O rapaz xa tiña moitas batallas na cabeza. Buscaba aventuras e non lle chegaba cos vorcallóns coas criadas, nin entrar pola porta Miña en Lugo as fins de semana, mandar nos criados e recoller estación tras estación as rendas como facía seu pai.

Correr no cabalo, saltando valos, sebes e regatos só era un desafogo que levaba a que o seu pai lle roñase por maltratar o animal. Traballar? Traballar só era para probes e desgraciados que non saben que facer das súas vidas.

Logo de tres anos de aprendizaxe e disciplina, que non se lle pega moito, sae coas estrelas de tenente cara á praza de Zocodover, con destino a Zamora.

Alí coñece a María do Carmo Alonso e Iglesias, coa que contrae matrimonio en segundas nupcias cando xa conta con 29 anos. A primeira muller, que non aparece nas biografias “oficiais” fora unha veciña.

Pouco despois, é destinado a Marrocos por pedimento propio. Xa como capitán de infantaría forma parte do grupo de Forzas Regulares Indíxenas de Alhucemas Número 5, participando, entre outras batallas, na reconquista do Monte Gurugú no 1921.

Tres anos despois, logo do combate do Collado Dar-Raid, é condecorado coa Cruz Laureada de San Fernando e coa Medalla Militar Individual, as dúas máximas distincións, con paga.

Tamén ascende a tenente coronel por méritos de guerra. Con este grao participa na Sanjurjada no 1932. Aínda non pasa un ano na penitenciaría de Villa Cisneros, pois os seus amigos conspiradores logran trasladalo o 1 de xaneiro de 1933 ao hospital de Las Palmas. Desde aí, de novo, ao hospital xeral de Carabanchel. Do hospital de Madrid consegue saír baixo liberdade vixiada.

Non o debían vixiar tanto nin estar tan enfermo pois o 17 de xullo de 1936, Heli Rolando de Tella, coñecedor dos plans que están a preparar ao outro lado do estreito xibraltareño, logra pasar ao protectorado marroquí para sumarse ao alzamento.

Non só iso, senón que é un dos primeiros oficiais en pasar de novo á península. O mesmo 18 de xullo ponse á fronte da coñecida como 3ª Columna de África e, desde Sevilla, consegue as primeiras vitorias dos sublevados en Andalucía.

Esta columna forma parte logo da denominada Columna de Madrid, tamén coñecida como Exército Expedicionario. No seu avance, conquista localidades como Badaxoz, co rastro de miles de asasinatos na praza de touros, e Mérida, cidade que o nomearía fillo adoptivo predilecto no 1941.

A distinción virîalle moi ben pois, mentres constrúe o Pazo de Adai, recibe de Mérida porcos enteiros, chamuscados, non escaldados como era costume na zona, para manter os obreiros.

Despois de abandonar Estremadura, diríxese a Toledo, sendo un dos “gloriosos” liberadores do Alcázar e ocupando por uns meses o cargo de gobernador militar da praza. Como tenente coronel, xunto ao xeneral Varela, comeza o asedio de Madrid á fronte dunha columna.

Naquel Madrid do non pasarán e das liortas entre socialistas, anarquistas e comunistas, resiste Xosé Castro Veiga aliñado con aqueles que poñen máis empeño na defensa. Por unha vez, as cousas están claras. O caseiro loita no bando popular-republicano. O amo no nacional-fascista.

No 1937, o coronel Tella marcha cara a Zaragoza e, ascendido a xeneral, ponse ao mando da 63 División na que combatían moitos soldados de Lugo. Rematada a guerra, é nomeado gobernador militar de Lugo, e instálase coa súa familia en Adai, comezando a construción do que hoxe coñecemos como Pazo de Adai.

O 11 de outubro de 1941 condecórano coa Gran Cruz da Real e Militar Orde de San Hermenexildo e é nomeado gobernador militar da praza e provincia de Burgos. Con esta folla de servizo, coa súa fama e con estes cargos podería axudar o seu criado por algún tempo, Xosé Luís Castro Veiga.

Os seus pais intercederon ante el cando era gobernador militar de Lugo. Fixo algo? Moveuse para sacalo da prisión de Carabanchel? Molestouse en realizar algunha chamada cando o xuízo sumarísimo?

Bo rapaz o Pepiño de Boelle.



Xosé Luis Castro Veiga, “O Piloto”

O Piloto aprendera nas súas clases de marxismo que "a guerra foi provocada polos xenerais e dirixida polo sector máis retrógrado da sociedade que non tolera ningún avance que poña en perigo nada dos privilexios da súa caste. Hai traballadores que, alienados, compórtanse como se tivesen medo a que lles roubasen o que non teñen". O Pepiño de Boelle era un bo rapaz... Até que lle deu polo que lle deu logo da guerra. Así o certifica o alcalde do Corgo, Xosé Abuín, a requirimento do xuíz do Xulgado Militar Eventual Número 1 de Lugo.

"... Que o bandoleiro Xosé Castro Veiga (a) Piloto se ben no político e moral e no social non se revelou como de mala conduta no tempo que permaneceu neste municipio, que só foron os primeiros anos da súa mocidade, ou sexa, até antes de corresponderlle ser alistado, en cuxa época, ano de 1936, estaba servindo como voluntario na Aviación Militar de Cuatro Vientos, e outra pequena temporada logo da liberación de Madrid, e outra pequena temporada tamén volveu residir neste municipio, transcorrendo nestas dúas tempadas outra tamén pequena, que estivo ausente deste municipio sen saberse onde estivo, de informes adquiridos resulta que se ten a sospeita case xeral de que a súa conduta tamén é mala neses aspectos de político-social e moral, xa que se ten a crenza de que se dedica á bandidaxe, cometendo atracos que, en moitos casos, son sanguiñentos.

Para que así conste, asino a presente o 17 de marzo de 1951".

Cando Xosé Castro Veiga sae indultado e abandona a prisión de Carabanchel e vén vivir unha tempada a Boelle, o xeneral Tella estaban en case idéntica situación: ambos eran desafectos ao réxime de Franco. Xosé Castro Veiga era pobre e



Tumba de O Piloto en San Fiz de Asma (Chantada)

republicano, por iso estaba perseguido polos falanxistas da contorna, polo que decide escapar de novo a Madrid, onde vivía a súa irma Carme. Heli Rolando de Tella, rico e monárquico, pero non menos odiado polos falanxistas, resiste no seu pazo.

A carreira do xeneral Tella vén abaixo. Ramón Ferreiro Rodríguez, ex gobernador civil de Lugo e xefe provincial da FET e das JONS, denúnciao, conseguindo que outros falanxistas de Lugo e da contorna avalen a súa denuncia, abríndolle a causa nº 125.637. Era unha loita polo poder entre os franquistas. Por un lado os falanxistas. Por outro, os militares, no medio os requetés e monárquicos.

Pero, neste caso, aparecen tamén outras circunstancias. O xeneral Tella non só non avalaba as sacas, malleiras e mortes ao amencer polas gabias que practicaban os falanxistas da zona, senón que defendía algúns veciños, entre eles os seus caseiros, a familia do Piloto, a quen prohibira molestar por mor do Pepiño, e que acollía na súa casa presos políticos.

Aínda que, legalmente, os presos políticos non podían traballar para persoas privadas, esta era unha práctica común.

O xeneral Tella cae en desgraza.

Con presos políticos e con xente que necesitaba amparo, o xeneral Tella edifica o que chamamos hoxe Pazo de Adai, cando vén de gobernador militar para Lugo. Primeiramente traía aos presos dos cárceres de Lugo diariamente. Logo levantaron un barracón na mesma propiedade.

Os presos non só permanecían en semiliberdade senón que comían moito mellor do que o farían nas súas casas e, xa non digamos, na cadea. Todos devecían polo pantrigo con café co que almorzaban. Este trato exasperaba os falanxistas da zona e a Ramón Ferreiro en particular.

A súa muller, María do Carme Iglesias, distinguíase, igualmente, polo bo trato aos seus traballadores, axudando mesmo as familias dos presos lucenses.

O xeneral Tella é acusado de utilizar presos para beneficio propio. A outra acusación que aparece na causa, e da que o xeneral Tella se queixa de non poder nunca ver, era un expediente sancionador da Fiscalía de Taxas.

Denuncian que "na súa fábrica de fariña" se moía moito máis centeo e millo do que se declaraba, que non se cobraba a maquía esixida aos labregos pola muiñada e que acaparaba fariña e grao.

Esa "fábrica de fariña" de gran produción da que fala o expediente, era un muíño situado no río Chamoso preto de Adai. Cantas veces o Pepiño dos caseiros de Boelle foi cun ferrado de millo ao lombo a moer ao muíño dos Tella!

Estamos na época da cartilla de racionamento e do estraperlo e ao xeneral Tella acúsano de facer estraperlo co gran e coa fariña utilizando coches militares para carrexalo.

Pode sorprender que, co apuradas que ían as causas, o Tribunal de Honor separara o xeneral Tella do Exército logo de marchar de Lugo e non antes, e recibir os máximos honores coa Gran Cruz, e que as acusacións tamén estivesen asinadas por membros da Garda de Franco de Burgos e Valladolid.

Dáse tamén a circunstancia de que o xeneral Tella, meses antes de comparecer ante o Tribunal Militar de Honor, tivese un misterioso accidente de automóbil no que se salva de milagre. Agora coñécese que foran os propios falanxistas de Lugo, mandados por Ramón Ferreiro, os que executaron o atentado.

O 16 de agosto de 1942, nunha cerimonia relixiosa organizada polos carlistas diante da basílica de Begoña en Bilbao para honrar os seus caídos, presidida polo xeneral Varela, ministro do Exército, xefe e amigo seu, un grupo de falanxistas provoca un sanguiñento incidente do que o xeneral Tella sae tamén vivo de milagre.

Os falanxistas lanzan dúas bombas contra os militares, sen que logren alcanzalos pero si matan numerosos carlistas.

A autoría adxudicóuselle a Juan José Domínguez Muños, dirixente do Sindicato Español Universitario (SEU). Na súa axenda atopáronse os nomes dos diplomáticos alemáns militares en España e, logo de morrer fusilado o 2 de setembro, o propio Hitler condecorouno coa Cruz da Aguia alemá, o que demostraría a implicación dos nazis neste atentado.

Varela escríbelle unha carta de dimisión a Franco na que arremete contra os falanxistas e lle demanda ao ditador a formación dun "goberno de autoridade para rectificar os erros do pasado". O que significaba formar un gabinete coa maioría de monárquicos.

Tella e outros xenerais africanistas apoian as demandas de Varelita, así que os seus problemas non eran as taxas senón os falanxistas e o propio Franco. Xa en plena guerra, tanto Tella coma o seu superior, o xeneral Varela, Varelita, chocaran con Franco.

Franco foinos apartando e desfacéndose deles, como fixo con outros moitos, como o xeneral Mola, compañeiro de alzamento nun accidente nunca aclarado; pero o xeneral Varela non só era dobremente laureado, co que iso significaba de prestixio, senón o único xeneral que chegara ao cargo desde soldado. Semellaba que aqueles seus toques de corneta alá en Cádiz anunciaban grandes fazañas militares.

Así que o Pepiño de Boelle, convertido no Piloto, e o xeneral Tella profesábanlle parecida xenreira ao xeneral Franco e, aínda que pode semellar paradoxal, os dous perseguían o mesmo, acabar con el.

No mes de novembro de 1940 púxose en marcha en Londres a operación Cabaleiros de San Xurxo, dirixida polo axente do MI6, Ian Fleming que, cando se retira, instalado en Xamaica, é o autor de James Bond, Axente 007.

Pero até daquela ten a encomenda de primeiro ministro británico, Winston Churchill, de tratar, de depoñer a Francisco Franco do seu posto e reinstaurar a monarquía na persoa de don Xoán de Borbón. De non conseguilo, sería suficiente con que lograsen arretar a Franco para que non entrase en guerra ao lado de Alemaña.

A opción de "coroar o Príncipe Xoán" era considerada tamén desde o outro bando. Hitler propúxolle ao xeneral Agustín Muñoz Grandes, xermanófilo e crítico con Franco, que esculcara a disposición do príncipe Borbón a colaborar co Terceiro Reich. Ao seu mariscal Hermann Göring pediulle unha lista de "50 xenerais de peso que crean na vitoria de Alemaña".

Era a mesma manobra da Gran Bretaña, só que os alemáns quedaron na tentativa e os ingleses foron adiante coa operación San Miguel e San Xurxo.

A comezos de decembro de 1940, o goberno británico depositou na sucursal neoiorquina do SBC unha suma inicial de dez millóns de dólares e estableceu o prazo de seis meses para avaliar os resultados da operación en marcha.

En abril de 1942, o total desembolsado polo goberno británico en concepto de subornos ascendía a 13 millóns de dólares.

A operación principiaraa o xeneral Kindelán, monárquico, por suposto, con Xoán March, o banqueiro mallorquino que financiara o paso de Franco de Marrocos á Península ao comezo da guerra.

Agora, March latricaba que a Franco "pegóuselle o dedo ao gatillo e non só rematou coa ideoloxía republicana, senón que quere acabar con todos aqueles que poidan sustentala". Os March, coma outras grande familias da oligarquía española, non se movían por ideais ou por política, senón por intereses, por negocios.

Foi March o encargado de contactar e de subornar unha trintena de xenerais, entre os que se atopaba o ministro do Exército, xeneral Varela e o seu amigo e subordinado Heli Rolando de Tella.

Franco, coñecedor das intencións dos conspiradores, pois o propio Kindelán pídelle, o 15 de decembro de 1941 nunha sesión do Consello Superior do Exército, que "con todo o respecto, mude o rumbo da política exterior", move ficha e trata de achegarse aos aliados asinando un pacto secreto con eles, o mesmo que fixera con Alemaña.

Para contentar aos ingleses e congraciarse con eles e cos EE UU, Franco dita o decreto de Liberdade Condicional que lle permite a Xosé Castro Veiga saír da cadea de Carabanchel e volver á casa.

Por estas datas, concretamente en setembro de 1943, os ingleses dan por finalizada a Operación San Miguel e San Xurxo. Os servizos secretos británicos cualificárona nos seus informes como "brillante e altamente eficaz"; o que non relatan é como conseguen que Franco lles venda tanto volframio, baixo man, como aos alemáns, que era o quid do asunto. Os ingleses e March deixan de proporcionar máis diñeiro para subornar os xenerais españois. Non todos recibiran as mesmas axudas. Sábese que o xeneral Kindelán foi premiado con máis de dous millóns de dólares e o xeneral Tella con medio millón de dólares. Suficiente para construír o pazo de Adai.

Como aos demais conspiradores, Francisco Franco sacouno do medio cando puido pois se non cobraran o mesmo, tampouco tiñan todos os mesmo poder no Réxime. No caso de Tella serviuse das denuncias e das intrigas dos falanxistas.

Aínda así, Franco mandoulle recado un ano que o fose visitar a Meirás. A contestación do Tella non deixou lugar a ningunha dúbida do seu carácter nin da súa xenreira: "Hai tanto camiño de Meirás a Adai, como de Adai a Meirás".

Quen si visitou nalgunha ocasión aos Tella foron Xoán de Borbón e a súa muller María das Mercedes, á que lle gustaba moito pasear en burro polo predio. O Pol aínda lembra como no 1948, sendo un rapaz, llo levaba polas cabezadas.

Por culpa dos británicos, Heli Rolando volvía estar en Adai, xa co pazo rematado, e Xosé Luís Castro Veiga, na súa casa de Boelle, tan estartelada coma sempre, sen que o amo a arranxase, argallando como liberar a España da opresión franquista. Tentando organizar a guerrilla no centro da provincia de Lugo.



Primeira homenaxe a O Piloto no ano 1968

CAMIÑO NORTE.- Ultima etapa: Amenal-Santiago



Comenzamos as actividades deste ano co último tramo do camiño Norte que fixemos o sábado 15 de febreiro

Dende Amenal pasamos por Cimadevila, e despois dunhas fortes subidas chegamos a Lavacolla. Dende aquí continuamos ata San Marcos para chegar ao Monte do Gozo e xa en suave descenso chegar a Santiago onde na oficiña do peregrino expedironnos a nosa merecida "compostela", para despois acercarnos a catedral e según manda a tradición cumprir cos rituais: asistir a misa do peregrino, abrazar a imaxe do apostolo, golpear 3 veces a cabeza na estatua que representa o mestre Mateo (para aumentar a intelixencia), e baixar a cripta o sepulcro do apostolo; o outro ritual era colocar a man na base do parteluz do Pórtico da Gloria, como unión simbólica entre os peregrinos de todos os tempos, na actualidade esta prohibido.

VISITA A EXPOSICIÓN: "TEAR, TECIDOS E TECELÁNS" na Capela de Santa Maria

O mércores 19 de febrero acudimos a esta mostra onde se recreou todo o proceso de fabricación artesán dun produto téxtil dende o momento da preparación do fío. Exhíbiase máis de 20 pezas, entre as que figuran un tear, urdideiras ou lizos, así como 15 mostras de diferentes tecidos realizados con esta técnica. Na Sala do Centro de Artesanía tamén visitamos as 15 pezas realizadas con tear tradicional con materiais como estopa, algodón, lá de ovella tinguida ou liño. Tamén puidemos ver unha demostración en vivo na Sala de Exposicións do Centrad.

CELEBRACIÓN DO ENTROIDO



Como en anos anteriores a Asociación Cultural Arumes, celebrou o 1 de marzo o entroido cun xantar de confraternización no restaurante "Prados" onte uns oitenta socias/os deron conta dun magnifico cocido.

CAMIÑO DE FISTERRA. Fixemos este camiño en 4 etapas:



1ª Etapa: Santiago de Compostela-Zas

A Praza do Obradoiro, foi o punto de arranque deste camiño para varios socios que comenzamos o sábado 8 de marzo, despois de deixar Santiago e pasar por Ponte Sarela, Moas, Carballal, Augapesada (bonito pobo medieval restaurado), Transmonte,onde se atopa un cruceiro coa imaxe

de Santiago e a igrexa barroca de Santa Maria (s. XVII), chegamos a Ponte Maceira, precioso lugar onde comtemplamos a súa ponte medieval de cinco arcos sobre o río Tambre (s. XIII), construido sobre os cementos dun antigo ponte romano. Seguimos hacia Negreira, onde fixemos unha parada para contemplar o famoso Pazo de Cotón, edificio medieval fortificado, para continuar ata a localidade de Zas.

CAMIÑO DE FISTERRA.- 2ª Etapa: Zas-Corzón

O sábado 15 de marzo saímos de Zas por un camiño que nos levou ata as localidades de Camiño Real, Rapote, A Pena, Piaxe, Vilaserio, e chegamos ata Maroñas (interesante o templo románico de Santa Mariña de Maroñas (seculo XII), que resgarda un retablo barroco). Continuamos por Sta. Mariña ata Corzón, final desta etapa.

CURSO DE INXERTOS, PODA e PRAGAS DE ÁRBORES FRUTAIS



O sábado 22 de marzo o profesor da USC Santiago Lamosa impartiu este curso no que participaron mais de 30 persoas. Foi esta unha actividade formativa que rexistrou un alto interese por parte dos veciños/as, completándose todas as prazas ofertadas.

O profesor Lamosa explicounos como elexir o tipo de poda adecuado, cal era a mellor época para facer a poda nas distintas variedades de árbores, que ferramentas utilizar en cada caso, as distintas pragas que lle atacan a cada árbore, os diferentes tipos de podas.

O curso, ademais de coñecementos teóricos tamén tivo unha parte práctica.



EXCURSIÓN A HARO-BRIONES-LOGROÑO

O sábado 29 e domingo 30 de marzo fomonos de excursión a Rioxa, a primeira parada foi na cidade de Haro onde paseamos polo seu casco vello, popularmente chamado “Herradura”, este correspondese coa zona máis antiga da cidade, denominada Intramuros, que ata o s. XV, estivo rodeada pola muralla que, partindo do castelo medieval de A Mota, protexia aos seus habitantes. Dentro delas conviviron cristians, xudeos e árabes, formando barrios separados (xuderia, aljama…).




No Conxunto Histórico Artístico da ciudade destaca especialmente a obra civil. Un claro exemplo é a cantidade de palacios señoriales (Palacio de Bendaña ou Paternina, Palacio das Bezaras ou das Cigueñas, Palacio dos Condes de Haro, Palacio de Tejada, Palacio dos Salazar, Palacio das Sevillanas, etc.), que podemos atoparnos nas súas rúas a maioria construidos entre os s. XVI e XVIII. Merece mención tamén a Basilica da Virxen da Vera, de estilo barroco. E a parroquia de Santo Tomás Apostol onde se atopan as reliquias de San Felices de Bilibio, patrono de Haro, e de San Millán da Cogolla.



Haro é nestes momentos un museo ao aire libre no que podemos atopar varias esculturas, a maior parte relacionadas co mundo vitivinícola. Unhas de corte realista no casco urbano que fan alusión a oficios tradicionais e outro grupo de corte máis contemporáneo en varias rotondas da cidade.

Tamen fixemos unha visita a unha bodega, onde puidemos catar os seus famosos viños.

Despois trasladámonos a Briones que é unha das localidades da Denominación de Orixe Rioxa con maior atractivo turístico. Cun conxunto histórico-artístico, no que destaca a arquitectura civil: o palacio dos Quincoces (s. XVI), o dos Gadea (s. XVIII) o do Marqués de San Nicolás



(s. XVIII, unha casa medieval que pasa por ser das máis antigas da rexión, a antiga abadía, bonito edificio porticado do século XVIII, e a igrexa de Santa María de la Asunción, o principal monumento do pobo, renacentista, cunha torre barroca.

Tamén visitamos nesta viaxe Logroño a capital da Rioxa. Paseamos polo seu casco vello. No recorrido do camiño de Santiago pola capital atopamos un curioso "Xogo da Oca", que simboliza os fitos principais do camiño. Na Praza do Mercado visitamos a Concatedral da Redonda, coas súas torres xemelas, visitamos ademáis as igrexas de Santa María de Palacio, Santiago El Real, San Bartolomé; ou o Palacio de los Chapiteles, antiguo concello de Logroño; o Palacio de Espartero, convertido en Museo da Rioxa; o Convento de la Merced; a Porta del Revellín,o edificio do actual Concello, de Rafael Moneo que é referencia en diversos manuais sobre arquitectura, a praza do Espolón, etc.

E como non, antes de irnos a xantar fixemos unha visita "a senda dos elefantes" no casco vello que é unha ruta de tapeo coñecida con ese nome porque o que a completa acaba a catro patas e cunha boa trompa. Esta ruta ten o seu epicentro na rúa Laurel.

CONFERENCIA SOBRE A NORMATIVA PARA APROVEITAMENTOS MICOLÓXICOS EN GALICIA

Sabedores do grande interese da cidadanía en coñecer polo miúdo o proxecto de decreto e as consecuencias da aplicación do que posteriormente sería o Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan, entre outros, os aproveitamento micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia, organizamos esta



conferencia, que tivo como relator a Jose Castro, membro da Sociedade Micolóxica Lucus e coñecedor de primeira man dos aspectos desta nova normativa relativos aos aproveitamentos micolóxicos.

A conferencia desenvolveuse o día 3 de abril e consistiu nunha explicación polo miúdo, artigo por artigo, do que neses momentos era o proxecto dunha nova normativa na súa parte dedicada aos aproveitamentos micolóxicos.

Numerosas persoas asistiron a esta interesante conferencia, trala que, ademais, abriuse unha rolda de preguntas que desembocou nun tamén moi interesante debate sobre o tema.

CAMIÑO DE FISTERRA.-3ª Etapa: Corzón-Concurbión



O sábado 5 de abril, volvemos a poñernos en camiño, saímos de Corzón e aproximadamente a un kilómetro cruzamos a ponte (século XVI) sobre o río Xallas e entramos en Ponte Olveira e seguimos o camiño por as localidades de Mallón, Olveiroa, con moitos hórreos e a súa igrexa de Santiago (s. XVIII) de estilo neoclásico, Logos, Hospital, pasamos ao lado do cruceiro de Marco do Couto seguindo o camiño chegamos ata Fonte Santa onde se atopa o Santuario da Nosa Señora das Neves. Seguimos subindo polos montes de Pedras Loiras desde onde non poidemos ver as augas do Atlántico por haber unha espesa neboa. Tras un descenso rápido e pronunciado (con moitas pedras) chegamos a Camiños Cháns, e de aquí a Cee onde visitamos a igrexa de Santa María de Xunqueira e continuamos polo paseo marítimo que nos levou ata Corcubión onde visitamos a súa igrexa de San Marcos e paseamos polo seu casco antiguo.

CAMIÑO DE FISTERRA.-4ª Etapa: Corcubión-Fisterra-Faro

O sábado 12 de abril fixemos a última etapa deste camiño. Saímos de Corcubión e pasamos pola aldea de Vilar, a aldea de Amarela, seguimos e chegamos ata a Praia de Estorde e en suave descenso chegamos ata a Praia de Sardiñeiro que se camiña ao longo para finalmente subir ata a localidade, continuamos e, chegamos a praia de Langosteira. Onde se atopa a altura da localidade o interesante cruceiro “Cruz de Baixar”. Pasamos as dunas da Praia de Langosteira e chegamos a Fisterra. Subimos ao Cabo Finisterre pola carretera que leva ao faro cunhas impresionantes vistas da línea de costa e da ría de Corcubión .Visitamos a igrexa de Santa María das Areas.



E por fin chegamos o faro, e cumprimos co ritual dos antigos peregrinos, e queimamos a roupa que levamos na peregrinación, como alegoría a purificación e liberación da vida anterior.



CLUB DE LECTURA

Na X edición do club de lectura, acompañounos o escritor lucense Xosé Miranda, que conta cun merecido prestixio no campo da narrativa en




galego. Este evento tivo lugar no salón de actos da "Casa das Asociacións do Corgo", asistiron socios/as de Arumes e tamén os non socios, xa que estes actos sempre están abertos a todo o público que estea interesado nesta acividade cultural, tivemos ocasión de compartir conversa co autor, acerca da obra escollida, "A Biblioteca da Iguana".

Este primeiro libro de contos do citado autor, agora reeditado, revisado e actualizado, recolle oito pezas de impecable construción e gran forza argumental que van engaiolando ao lector a cada paso. Un libro plural, aberto, no que os relatos parten do cotián para adentrarnos nas perplexidades da vida que sempre acaban por marcar o desenlace. Oito fermosos relatos inquedantes, asombrosos, desacougantes para o lector, pero tamén, sen dúbida ningunha, frescos, divertidos, irónicos, escritos nunha lingua áxil e capaz, que mestura con habilidade o real e o fantástico A Biblioteca da Iguana

RUTA DE SENDEIRISMO: A Fonsagrada-Río de Porcos-Feira do viño de Negueira de Muñiz

O sábado 26 de abril máis de 50 socias/os fixemos unha visita a Fonsagrada. Despois visitamos a Seimeira de Vilagocende. Na Ponte de Villabol de Suarna comenzamos unha ruta de sendeirismo duns 10 km. aproximadamente, percorrido de gran beleza paisaxísta ata Vilar de Cuiña.

Para despois continuar ata Río de Porcos. Máis tarde diriximonos a Negreira de Muñiz onde se



celebra ese día a súa Feira do viño, e despois de probar os seus caldos demos conta dun suculento xantar.



EXCURSIÓN A CASCADA DO ÉZARO-MUXÍA

O sábado 3 de maio desprazámonos ata a fervenza do Ézaro, situada prácticamente ao lado da vila de Ézaro no término do concello de Dumbría (A Coruña) na chamada costa da morte. O río Xallas atravesa o Concello de Dumbría de norte a sur, hasta desembocar en forma de fervenza directamente o oceano Atlántico. A

fervenza do río Ézaro está repleta de lexendarias historias; desamores de princesas, poderes sobrenaturais, encantamentos, ritos. No último tramo o río ten un desnivel de 155 metros, e a altura da cascada é de 40 metros.

Fixemos a subida o mirador a pe dende onde puidemos contemplar o salto de Xallas, a ensenada de Ézaro e ao fondo o cabo de Fisterra.

Xa pola tarde desprazámonos ata Muxia, e como non ata o seu Santuario da Virxen da Barca. Subimos a Pedra de Abalar a que según a creenza popular o que se situe encima dela si é limpo de corazón, balancearase levemente e emitirá un leve ronquido. Tamén se dice que cando se balancea é que premoniza algunha desgracia e que o seu movemento ten propiedades adivinatorias.

Fixemos o esforzó de pasar as nove veces por debaixo da Pedra dos Cadrís xa que se lle atribuen propiedades curativas das enfermidades dos riñóns, as dores de espalda e de cabeza

E subimos ata o monumento "A Ferida" en memoria da catástrofe ecoloxica causada polo Prestige

RUTA POLO CAMIÑO DO MIÑO (OUTEIRO DE REI)

Esta ruta que fixemos o sábado 17 de maio é integramente polo concello de Outeiro de Rei, dende o límite co concello de Castro de Rei (Fraíz (parroquia de Taboi)), ata o límite co concello de Lugo (Gondai (parroquia de Parada). Por este sendeiro camiñamos xunto ao río Miño, nun percorrido de aproximadamente 18 km.



Nesta andaina atopámonos cunha gran variedade de elementos etnográficos ligados ao aproveitamento do río coma muiños, caneiros, batuxos… Pasamos polas Insuas do Miño (Insua de San Roque, é a illa máis grande do curso alto do Miño, constitúe unha área representativa dos humidais da Terra Chá e xunto á "Insua de Trabanca" e a "Insua de Santa Mariña ou de Baixo" conforma as chamadas "Insuas do Miño"), o Campo de Santa Isabel, o Salto do Piago (na parroquia de Robra, é un orixinal paisaxe que é aproveitado como lugar de baño e descanso. No seu entorno, sigue funcionando unha minicentral eléctrica de máis de setenta anos de existencia), ou a Ponte Colgante de Parada (que da acceso á Insua de Arriba ou Insua de Seivane, onde se encontra un refuxio de pescadores e un merendeiro).

PARTICIPACIÓN NO ENCONTRO DAS ASOCIACIÓNS

O sábado 31 de maio, celebramos o VII encontro das asociacións culturais galegas, no que participarón: Arcas de Sarria, Agrupación Instructiva de Caamouco Redes-Ares, Asociación




andaina a Canteira de Neda, Amigos do Patrimonio de Castroverde, Asociación Roteiros de Pol, Asociación Arumes do Corgo, exercendo de anfitriona a Asociación Arcas de Sarria.

Esta asociación organizou un roteiro polas Catro Pontes e pola Foz das Aceas. Partimos do monumento ao peregrino na Ponte Ribeira (rio Sárria) no camino francés ou de castela. O treito das catro pontes discorre á beira dos ríos Celeiro e Sárria.



Na escola de Farbán, xa nos tiñan preparado un bo tentempié. Para despois continuar e pasar pola Ponte Vella do Mazadoiro, parque Castro Agrasar Ponte Vella e Malecón do río Sárria, para chegar o Hotel Alfonso IX, onde nos tiñan preparado un suculento xantar. Xa pola tarde trasladámonos o Parque da Sociedade La Unión onde puidemos disfrutar de varias actuacións de animación cultural.

PARTICIPACIÓN NO III ENCONTRO SENDERISTA E CULTURAL "LUCUS A PÉ".

Un ano mais fomos invitados pola Sociedade Micolóxica Lucus o encontro "Lucus a pé". A reunión foi na Praza de San Marcos o domingo 8 de xuño, seguido dun acto de recreación histórica na porta falsa da muralla. Comenzando o percorrido pola muralla e baixada a carón da Catedral, seguimos o percorrido polo Pazo Episcopal, Piscina Romana e Praza Maior saída



do recinto histórico pola Porta de San Pedro. Parque dos Paxariños, Paseo do Rato, Paseo do Miño. Termas Romanas, Ponte Romana. E posteriormente o xantar de campo nas instalación do Club Fluvial de Lugo.

EXCURSIÓN A COMBARRO-MOSTEIRO DE POIO.

O día 21 de xuño, puxémonos en camiño para facer unha visita a Combarro considerado un dos pobos mellor conservados de Galicia onde destaca principalmente a súa arquitetura popular cunha mostra representativa de tres elementos arquitectónicos tradicionais de Galicia: os cruceiros, as casas mariñeiras, e os hórreos.

Xa pola tarde, visitamos o Mosterio de San Juan de Poio, que se atopa a uns 3 km, de Combarro.. En



realidade tratase de dous mosteiros: o antigo convento beneditino, coa igrexa e os dous claustros (do cruceiro e das procesións) e demais dependencias; e o moderno, mercedario, tamén con dous patios paralelos e unha capela amplia que sobresae do edificio. Nos xardins colindantes atopase un hórreo, que polas súas proporciones está considerado como un dos de maior lonxitude de Galicia.

ACTUACIÓN GRUPO DE TEATRO REBULDEIRA (dentro do programa "Buxiganga" da Área de Cultura da Deputación de Lugo).

O Sábado 28 de xuño, este grupo puxo en en escea a obra: "O achado do castro" Sinopse: divertida historia na que Manolitus e Camiñae son unha parella de xóvenes namorados. A súa relación non goza dos parabéns do Emperador,

pai da rapaza, nin da ríquisima Arpexia, nai do primeiro. Dous vagabundos intentan, sen moito éxito, colarse no pazo e roubarlle o mellón ao Emperador para poder ser os xefes do Estado.



VIAXE GASTRONÓMICA: FEIRA DO VIÑO DE VALDEORRAS

O domingo 13 de xullo desprazámonos ata O Pazo de Tor, situado na parroquia de San Xoán de Tor, pertencente ó concello de Monforte de Lemos. As orixes do pazo están ligadas á liñaxe dos Garza no século XIV e a súa posesión mantívose en mans dos seus descendentes directos ata a súa derradeira propietaria Dona María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga que fixo doazón da propiedade á Excelentísima Deputación Provincial de Lugo. O edificio foi construído no último tercio do século XVIII aínda que conserva algún vestixio anterior e foi tamén afectado por algunha reforma posterior (como as reparacións efectuadas tralo seu incendio polas tropas napoleónicas).





A visita ó Pazo de Tor permitiunos coñecer unha das máis importantes mostras da arquitectura pacega galega, facendo un percorrido por todas as salas e dependencias do mesmo, co seu mobiliario orixinal e coas coleccións artísticas que a familia foi atesourando ó longo dos séculos, un testemuño privilexiado do modo de vida da nobreza na Galicia da Idade Moderna

Continuamos a nosa viaxe ata o Barco de Valdeorras para asistir a súa XVII Feira do viño de Valdeorras, onde puidemos degustar os seus caldos, e recorrer o bonito pobo.

II XUNTANZA DE VERÁN DOS SOCIOS E FAMILIARES DA A.C. ARUMES



Preto de cen persoas reunimonos o domingo 20 de xullo na II xuntanza de socios e familiares, que este ano por motivo da choiva non puido ser na carballeira do San Bernabé e tivemos que desprazarnos o Pabellón Municipal. Despois de dar conta dun suculento xantar os participantes puideron admirar a actuación da agrupación musical Legua Dereita do Corgo para despois votar un pé a ritmo de boa música.

PRESENTACIÓN DO SEGUNDO LIBRO RECOMPILATORIO “TERRAS DE CHAMOSO”



No serán do xoves, 24 de xullo de 2014, presentouse no Centro Sociocultural do Corgo o segundo volume recompilatorio dos traballos gañadores do certame literario “Terras de Chamoso” con numerosa afluencia de público. Nel recóllense os mellores traballos da 4ª, 5ª e 6ª edición, correspondentes aos certames celebrados nos anos 2010-2012.

Unha singularidade desta recompilación, fronte a moitas outras no panorama nacional, é que a maiores de recollerse os traballos premiados contouse coa participación opcional dos membros do xurado das devanditas edicións pero suxeitas ás normas que rexen o certame, o que lle dá un plus de calidade literaria e orixinalidade.

A intervención inicial foi realizada por parte de Xurxo Rodríguez Lozano, presidente da A.C. Arumes do Corgo, que presentou os obxectivos e actividades organizadas pola Asociación, centrándose no Certame Literario “Terras de Chamoso”. A continuación interveu Mario Outeiro Iglesias, deputado delegado da área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo e membro do xurado do certame nas primeiras edicións, que se centrou na presentación do volume en concreto. O acto rematou cun recital de poesías que conforman o libro por parte dos autores alí presentes.

A COMPAÑÍA DE MIRCROMINA TÍTERES (dentro do programa "Cultura sobre rodas" da Área de Cultura da Deputación de Lugo)..- o martes 12 de agosto no Centro sociocultural de O Corgo, puxo en escea o espectáculo de títeres de guante “vacacións no mar” Sinopse: A Mariña encantarialle viaxar polo mundo adiante. Un dia, Moncho chega ao porto co seu veleiro chamado “ovos con patacas”, nun descuido de Moncho o pirata Ollo Virollo rouballe o veleiro e faise ao mar. ¿Cumprirá Mariña o seu soño de dar a volta ao planeta?

EXCURSIÓN A CUDILLERO-OVIEDO-LUARCA.
O sábado 27 de setembro desprazamosnos ata Asturias. Pola maña fixemos unha parada no pintoresco pobo de Cudillero, construido nas empinadas ladeiras de 3 montes que rodean a cidade a modo de anfiteatro. Percorremos as suas





callejuelas, admiramos a súas casas colgantes, e como non subimos os seus miradores.
Despois desprazámonos a cidade de Oviedo, onde visitamos a a súa Santa Igrexa Basilica Catedral Metropolitana de San Salvador, percorremos as súas innumerables prazas:Fontán, Porlier, Constitución, Trascorrales, del Paraguas, etc.

Visitamos o seu principal pulmón verde da cidade o Campo de San Francisco. E non podíamos irnos de Oviedo sin visitar a súa famosa rúa Gascona onde puidemos degustar a súa famosa sidra.

Xa de regreso fixemos unha parada en Luarca, coñecida como a Vila Branca da Costa Verde, pola súa beleza

CAMINO SUR OU DE INVERNO.-1ª etapa: Albaredo-Quiroga.

Utilizado polos peregrinos sobre todo na época invernal para evitar as cumes nevadas do Cebreiro. Fai a súa entrada en Galicia pola comarca ourensana de Valdeorras, sigue polo Sur da provincia de Lugo e nas estribacións do monte Faro entra na comarca pontevedresa do Deza, unindose en Lalín ao camiño Sanabrés ou Mozárabe.



Comenzamos este camiño o sábado 4 de outubro en Albaredo para continuar por Montefurado, ascendemos hacia o núcleo cuxas casas aparecen colgando sobre a explotación aurífera romana, a esquerda está o famoso túnel que os romanos horadaron na roca para desviar o curso da auga do río Sil, a fin de extraerlle o ouro. Introducimonos no pobo pasando ao lado da igrexa de San Miguel de Montefurado, s. XVIII, que presenta un color roxizo, pola oxidación dos materiais, continuando o camiño atopámonos coa Capela de San Juan das Farrapas (onde os camiñantes solian despoxarse dos seus vellos e rotos farrapos que queimaban como precaución para no sufrir infeccións). Próxima a ermita, levantase unha sinxela casa que alberga unha almazara, coñecida por o “muiño de aceite de Bendilló”. Continuando o camiño e antes de entrar en Soldón contemplamos un meandro do rio Sil, de gran beleza, seguimos e atopámonos cun castro onde se emplaza o Castelo de Novaes, logo ascendemos por un sendeiro de cantos rodados do vello camiño real. E chegamos ao final da etapa que foi en Quiroga.



CAMINO SUR OU DE INVERNO.-2ª etapa: Quiroga-Pobra de Brollón.

O sábado 18 de outubro, deixamos Quiroga, e cruzando a ponte sobre o rio Sil chegamos a San Clodio continuando a nosa caminata e despois de varios kilómetros e antes de chegar a Carballo de Lor, atopámonos coa ermita dos Remedios do século XVII. Seguimos ata Barxa de Lor e cruzamos unha ponte romana sobre o rio Lor, a ponte data dos séculos XIV ou XV esta reformada no XVIII, adosada ao mesmo atópase unha casa que antigamente era unha pousada e onde se cobraba o portazgo. Deixamos atrás o concello de Quiroga para entrar no de Pobra de Brollón. O camiño segue de frente e sube hacia a igrexa barroca de Santa Mariña do s. XVIII. Chegamos o alto de O Castro da Lama. A dereita vemos os restos da explotación aurífera romana de O Medo, pasamos por Castroncelos, a dereita a igrexa de Santiago de Castroncelos, que destaca pola súa torre, de planta cuadrada e chegamos o final do noso camino a Pobra de Brollon.



VI CARREIRA POPULAR “ARUMES DO CORGO”

A A.C. Arumes do Corgo organizou por sexto ano consecutivo, neste ano o sábado 25 de outubro, a carreira de atletismo homónima con gran éxito de público, nunha nova aposta por promover deportes distintos ao fútbol e que sexan máis integradores. Nesta edición a asociación organizadora volveu a contar coa colaboración económica do Concello do Corgo e da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e a colaboración técnica da Federación Galega de Atletismo.

A carreira levouse a cabo o sábado, 25 de outubro



de 2014 pola tarde nas inmediacións do CEIP do Corgo e contou con mais de 50 colaboradores (socios de Arumes e CEC, operarios municipais, membros de protección civil, persoal sanitario, garda civil...), bastante público e arredor de 260 atletas.



No seguinte cadro pódense observar as categorías que participaban na carreira coa hora de saída e a distancia.

| | ANO DE NAC. | HORA | DIST. |
|---|---|---|---|
| Prebenxamín (H/M) | 2007 e post. | 17:00 h | 320 m |
| Benxamín (H/M) | 2005-2006 | 17:05 h | 320 m |
| Alevín (H/M) | 2003-2004 | 17:10 h | 1800 m |
| Infantil (H/M) | 2001-2002 | 17:10 h | 1800 m |
| Cadete (H/M) | 1999-2000 | 17:30 h | 3550 m |
| Xuvenil (H/M) | 1997-1998 | 17:30 h | 3550 m |
| Iúnior (H/M) | 1995-1996 | 18:00 h | 5300 m |
| Promesa (H/M) | 1992-1994 | 18:00 h | 5300 m |
| Senior (H/M) | 1980-1991 | 18:00 h | 5300 m |
| Veteranos 1 (H/M) | 1970-1979 | 18:00 h | 5300 m |
| Veteranos 2 (H/M) | 1960-1969 | 18:00 h | 5300 m |
| Veteranos 3 (H/M) | 1959 e ant. | 18:00 h | 5300 m |

A entrega de premios realizouse en fronte do CEIP do Corgo ás 18:45 h. Estes constaban de:

- Prebenxamín e benxamín: trofeo para o primeiro de cada categoría, medalla especial para o segundo clasificado (diferenciando homes e mulleres) e medallas para o resto de participantes. Camisetas para todos.
- Alevín, infantil, cadete e xuvenil: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (diferenciando homes e mulleres). Camisetas para todos.
- Iúnior, promesa, senior e veteranos: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (diferenciando homes e mulleres). Camisetas para os 150 primeiros.

- Carreira absoluta (5300 m):
  - Primeiro: 100 €
  - Segundo: 75 €
  - Terceiro: 50 €
- Diferenciaronse homes e mulleres.
- Entregarase unha medalla ao primeiro home e á primeira muller de cada categoría empadroados no concello do Corgo.
- Entregarase un trofeo ao participante máis novo/a e ao de máis idade









XORNADA "FEIREANDO 2014.- A Asociación C. Terras de Lugo convidounos a participar nestas xornadas que consistiron na inauguración de dous paneis informativos sobre o proxecto " A Ruta das Feiras". Un panel no campo da feira de Adai, e outro panel no campo da feira de Castroverde. Os actos en cada campo contaron coa participación do contacontos Anxo Moure.

CAMINO SUR OU DE INVERNO.-3ª etapa: Pobra de Brollón-Pazo de Reguengo.

Saimos da Pobra o sábado 8 de novembro, e tras camiñar un treito cruzamos o rio Saá por unha ponte de formigón e chegamos a Cereixa deixamos atrás a súa igrexa de San Pedro de



Cereixa diante ten un cruceiro cunha talla de Santiago Peregrino e continuando coa nosa caminata chegamos a Monforte, seguimos a rúa Real e chegamos ata o monte de San Vicente.

Despois de percorrer as rúas deste bonito pobo, saímos pola súa ponte vella e collemos a estrada de A Vide, para despois duns kilómetros, e cunha choiva que non nos quería deixar dar por finalizado o noso camiño no Pazo de Reguengo.

IV XORNADAS SOBRE ECOLOXÍA E IDENTIFICACIÓN DE COGUMELOS:

Un ano máis, tendo en conta a grande aceptación que teñen cada ano, organizamos estas xornadas micolóxicas, actividade que se vai consolidando e que xa acada a súa cuarta edición.

Neste ano as xornadas organizáronse en colaboración coa Sociedade Micolóxica Lucus, foron dirixidas, como en anteriores edicións, por Jose Castro, membro deste colectivo e desenvolvéronse, nesta ocasión, en tres xornadas: a primeira, teórica, o 13 de novembro, na que



puidemos aprender sobre ecoloxía dos fungos. A segunda xornada, tamén teórica, celebrouse o día 14 de novembro e dedicouse ás pautas xerais de identificación dos cogomelos, así como ás características das principais especies de cogomelos que se poden atopar na nosa contorna. E xa o día 15 de novembro, desenvolveuse a última xornada, correspondente á parte práctica, consistente nunha saída ao campo para o estudo dos cogomelos no seu propio hábitat, tralo que se efectuou a montaxe dunha exposición cos cogomelos recollidos, perfectamente clasificados e a explicación das características de cada un deles.



ACTUACIÓN DO GRUPO METÁTESE DE TEATRO

Dentro do programa "Buxiganga" da Área de Cultura da Deputación de Lugo o sábado 22 de novembro, este grupo de teatro puxo en escena a obra: “Facemos a guerra” Sinopse: Espectáculo que aborda o tema da guerra desde o punto de vista do absurdo. Amosa como uns soldados de ambos bandos obedecen ao mesmo xeneral, como se aburren, como unha familia goza dun día no campo de batalla, incluso xantando cun prisioneiro. Transitando entre o cómico e o poético preténdese levar ao espectador cara a reflexión e o riso.



VII CERTAME LITERARIO "TERRAS DE CHAMOSO"

Por oitavo ano consecutivo a Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, premiou a todos os autores que expresan no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua do país. Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego.

As bases do certame son as seguintes:

1. Temática e idioma: A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en LINGUA GALEGA.

2. Categorías:
-CATEGORÍA INFANTIL (dos 10 aos 14 anos).
-CATEGORÍA XUVENIL (dos 14 aos 18 anos).
-CATEGORÍA ADULTOS (maiores de 18 anos).



3. Modalidades:

-POESÍA (de 30 a 60 versos).

-RELATO CURTO (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

NOTA: A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.

4. Presentación: cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografados (non é necesario na categoría infantil) indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Remitiránse ao seguinte enderezo: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo) ou ao e-mail: arumescorgo@gmail.com. Deberán enviarse no mesmo correo electrónico dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que constará, no seu interior o nome apelido do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia. Este segundo arquivo, será custodiado pola xunta directiva da Asociación Cultural Arumes, entregando únicamente ao xurado a obra e o lema da mesma.

5. Prazo: o prazo de entrega rematará o día 15 de novembro de 2014.

6. Premios: para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato.

Cada premio consiste nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma.

7. Xurado: estará composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.

8. Entrega de premios: a cerimonia de entrega de premios realizarase o sábado, día 20 de decembro de 2014 no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.

9. Non premiados: Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non o solicitan.

10. Outros: A presentación ao premio supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. A Asociación Cultural Arumes resérvase todos os dereitos de publicación das obras premiadas (en papel, CD ou mediante internet).



ENTREGA DE PREMIOS

O sábado, 20 de decembro, as 19:30 horas no Centro Sociocultural de O Corgo celebrouse a entrega de premios do VIII Certame Literario "Terras de Chamoso".

Os premiados nesta edición foron:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

1º premio: Lara Domínguez Chantres, de Baleira, pola obra "Galicia".

2º premio: Carla Castedo Pereira, de Francelos-Barredo (Castroverde), pola obra "A música da vida".

Accésit: Tania López González, de San Cristobal ( O Corgo), pola obra Outono de pobo".

Modalidade: relato

1º premio: Alicia García Cabaleiro, de Laxes (O Corgo), pola obra "Unha última fotografia para ela".

2º premio: Izaskun Val López, de Castroverde, pola obra "Máis que avós".

Accésit: Raquel López López, de Fonteita (O Corgo), pola obra "A loita por un sono".

CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

1º premio: Sabela Rodriguez Reino, de A Coruña, pola obra " SOS".

2º premio: Patricia Fulias Guzman, de Sampaio (Castroverde), pola obra " Meus, teus, nosos".

Modalidade: relato

1º premio: David López Fernández, de Valonga (Pol), pola obra "O taller do Pepe".

2º premio: Lucia González Campos, de Montecubeiro (Castroverde), pola obra "Como unha árbore".

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

1º premio: Rocio Leira Castro, de Cée ( a Coruña), pola obra "Un poema con fame de lúa".

2º premio: Mª José Fernández López de A Pontenova (Lugo), pola obra "A metamorfose das libélulas".

Modalidade: relato

1º premio: Adela Figueroa Panisse, de Lugo, pola obra " Augas Caldas"

2º premio: Emilio Silva Otero, de Ferrol (A Coruña), pola obra "A día dez".

As pezas de cerámica entregadas aos gañadores representan pombas de dous tamaños, son pezas únicas do ceramista corgués Lolo de Anseán.

Agradecemos dende a Xunta Directiva da A.C. Arumes a colaboración das persoas que formaron parte do xurado, nesta edición estivo formado por:

D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

D. Xosé Manuel Castro Castedo

D. Lois Pérez Díaz

Dna. Iolanda Gonzáles Aldrei

Dna. Mª Jesús Morán González

Noraboa a todos os premiados e o noso agradecemento aos moitos participantes que ano tras ano presentan traballos a este certame, salientables tanto en número como en calidade.

Para a entrega de premios do certame literario, contamos coa colaboración da profesora e escritora ADELA FIGUEROA. Aproveitamos a súa presenza neste acto para agradecerlle públicamente a donación da Enciclopedia Galega, da súa propiedade, para a biblioteca da nosa Asociación, que fixera en datas recentes. E tamén para que todos os asistentes, socios e non socios de Arumes, soubesen de dita donación.



A maiores da entrega dos premios aos gañadores e do recital das poesias gañadoras, disfrutamos da actuación músical e baile a cargo da Asociación A Legua Dereita de O Corgo e dun espectáculo teatral a cargo dos Baluros de Castro de Rei que puxo en escea a obra "noite de lobos" de Xosé Agrelo Hermo con adaptacións de Xosé Manuel Carballo.



**FICHA TÉCNICA**
DATA FUNDACIONAL: 7 de outubro de 2005
TELÉFONO: 626 73 93 90
CORREO-E: arumescorgo@gmail.com
PÁXINA WEB: http://arumescorgo.blogspot.com

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO NUMERARIO

D./Dna ......................................................

NIF:........................................ Data de nacemento: .......... /.................. /..................

Enderezo: ......................................................

C.P.:.................. Concello: .................................. Provincia: ..................................

Tfno. fixo: ........................................ Tfno. móbil: ........................................

Correo-e: ........................................ Ocupación: ........................................

Forma de recibir cominicacións da asociación: ☐ Correo electrónico ☐ Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a da ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En.................................................. , a .............. de .............................................. de ................

Asdo.: ........................................................................

♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦ ♦

## AUTORIZACIÓN BANCARIA PARA A DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

Sr./Sra. Director/a do Banco/Caixa: ........................................................................

Lugar de oficina: ........................................................................

Prégolle que, ata nova orde, aboen os recibos que presente a ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO con cargo á miña conta/libreta:

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C. IBAN | | | | C. Entidade | | | | C. Oficina | | | | DC | | Número de conta | | | | | | | | | |

En.................................................. , a .............. de .............................................. de ................

Asdo.: ........................................................................

CICLO DE CONFERENCIAS "COÑECEMOS O CORGO VI"

O segundo sábado do mes de xullo, ás 20:00h, no centro sociocultural do Corgo realizouse a presentación dos traballos de investigación que formaron o contido da revista CORGA, co fin de que os/as autores acadaran a condición de socio/a numerario/a. Dito evento tivo unha duración aproximada de 15/20 minutos por traballo. O programa do relatorio foi o que segue:



- "A riqueza micolóxica do concello do Corgo", de José CASTRO FERREIRO.

- "Entre as terras de CHamoso eRiba de Neira", De Xaime Félix LÓPEZ ARIAS.

- "A ara votiva de Adai e a promesa a Mercurio", de Carolina CASAL CHICO.

- "os castros da terra de O corgo", de Javier GÓMEZ VILA.

- "Outra mostra plástica galaico-romano de O Corgo", de Aurelia BALSEIRO GARCÍA.

- "Proxección da obra de Elías Valiña", de José Manuel BLANCO PRADO.

- "De feira en feira. Hoxe imos a O Corgo", de Xema SANXURXO RODRÍGUEZ.

Este evento foi moi productivo e de moito interese para o público asistente polo novidoso dos



contidos expostos e tamén pola calidade didáctica amosada polos ponentes, ao remate de cada presentación, o púbico tivo a oportunidade de preguntar aos autores/as dos artigos as dúbidas e/ou curiosidades que lles xurdiron.

PRESENTACIÓN DA REVISTA CORGA EN SARGADELOS

O Centro de estudos do Corgo (CEC), realizou a presentación da revista CORGA, no mes de setembro, na sala de exposicións da galería Sargadelos de Lugo. Un membro da Xunta directiva do Centro de Estudos de Corgo, fixo a presentación desta entidade, enumerando os seus fins, os obxectivos que o CEC persigue e o labor de investigación e divulgación do patrimonio material e inmaterial que O corgo posúe.

Un representante da Deputación Provincial, organismo que colabora con esta entidade, versou sobre a importancia deste colectivo na dinamización e espallamento cultural no medio rural, neste caso, de O Corgo e Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial, autora do traballo "Outra mostra Plástica galaico-romana no Corgo", expuxo unha recensión do seu ártigo.

A revista do CEC foi maquetada por Grafinco e ten como ISSN 2171-6013 e Depósito Legal LU 149-2010. Como nas edicións anteriores este numero conta coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.





CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

# DOCUMENTACIÓN PARA A ENTREGA DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

D./Dna ..........................................................................................................

NIF: .................................................................. Teléfono: ..........................................................................

Enderezo: ..........................................................................................................

C.P.: .............................. Concello .............................................................. Provincia: ..............................................

Correo-e: ..........................................................................................................

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDIOS DO CORGO (CEC):

- ☐ Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- ☐ Copia simple do DNI
- ☐ Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- ☐ Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- ☐ Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- ☐ Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
- ☐ ..........................................................................................................

En .............................................................. , a .................... de ...................................................... de ....................

Asdo.: ..........................................................................

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

# SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dna ..................................................

NIF: .................................. Data de nacemento: ........ / .................. / ..........

Enderezo: ..................................................

C.P.: .................. Concello: .......................... Provincia: ..........................

Tfno. fixo: .................................. Tfno. móbil: ..................................

Correo-e: ..................................................

Título do estudo: ..................................................

Formación académica: ..................................................

..................................................

Experiencia laboral: ..................................................

..................................................

..................................................

Forma de recibir comunicacións da Asociación: ☐ Correo electrónico ☐ Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En .................................., a .......... de .................................. de ..........

Asdo.: ..................................................

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

# CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dna (en diante: “o autor) ........................................................................................................

........................................................................................................ NIF: ......................................................

Enderezo: ........................................................................................................................................

C.P.:.................................... Concello:............................................ Provincia:.........................................................

Convén o seguinte:

PRIMEIRO: Antecedentes

1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.

2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recopilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.

3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:

........................................................................................................................................................

........................................................................................................................................................

obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.

4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

SEGUNDO: Cesión dos dereitos

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.

TERCEIRO: Regalías

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuíto, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

CUARTO: Obrigas do CEC.

O CEC non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

a) Ceder total ou parcialmente, en foma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.

b) Facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.

QUINTO: Dereitos do CEC.
Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

a) Determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
b) Realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
d) Utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

SEXTO: Garantía de lexitimidade
O autor garante que a obra goza de "libre dispoñibilidade" (no caso de varios autores, da "dispoñibilidade conxunta") dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas con contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

SÉTIMO: Mandato de protección
O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

OITAVO: Liberdade do autor
O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

NOVENO: Modificación e resolución do contrato
Este contrato poderá modificarse ou rescindirse de mutuo acordo das partes, así como rescindirse unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En ........................................ , a .............. de ........................................ de ..............

Asdo.: ........................................................................

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Páxina 2 de 3

ANEXO I
(Cesión de dereitos de autor)

## COAUTOR 1:

D./Dna ..........................................................................................................................................

.................................................................................................. NIF: ...............................................................................

Enderezo: ......................................................................................................................................

C.P.: ............................ Concello ........................................................ Provincia: ....................................................

## COAUTOR 2:

D./Dna ..........................................................................................................................................

.................................................................................................. NIF: ...............................................................................

Enderezo: ......................................................................................................................................

C.P.: ............................ Concello ........................................................ Provincia: ....................................................

En ........................................................., a ................. de ..................................................... de .....................

Asdo.: ...........................................................................

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Páxina 3 de 3

CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

# AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dna ..........

NIF: .......... Teléfono: ..........

Enderezo: ..........

C.P.: .......... Concello: .......... Provincia: ..........

Tfno. fixo: .......... Tfno. móbil: ..........

Correo-e: ..........

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor: ..........

.......... con NIF: ..........

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo a CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posíbeis (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En .........., a .......... de .......... de ..........

Asdo.: ..........

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

# NORMAS DE PUBLICACIÓN

Idioma. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

Estrutura. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introdución/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recoméndase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓNS, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).
- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

Imaxes. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluiranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

Bibliografía. Clasificada por orde alfabética, axustarase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. Título do libro. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. Título da obra. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". Título da revista. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. Título. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

Unidades de medida. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

Principios éticos e legais. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.
A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.
En caso de conflicto legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.
Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.
Seguindo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaran na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.
A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.

CEC

CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Cultura

ARUMES
ASOCIACIÓN CULTURAL
O CORGO